XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

**I.E.S. Agra de Leborís**
Rosalía de Castro, s/n - 15145 A Laracha
Teléfono: 881880676- Fax: 881880683
www.edu.xunta.es/centros/iesagraleboris
E-mail: ies.agra.leboris@edu.xunta.es

# PLAN DE CONVIVENCIA E COOPERACIÓN

# INDICE


| | | | |
|---|---|---|---|
| **1.** | | **Xustificación do plan** | **4** |
| **2.** | | **Análise da realidade da convivencia do noso centro** | **7** |
| | 2.1. | Características do centro e o seu entorno | 8 |
| | 2.2. | Xestión e organización da convivencia | 9 |
| | 2.3. | Relacións e participación na vida do centro | 11 |
| | 2.4. | Tipoloxías de conflictos e actuacións para a boa convivencia | 12 |
| **3.** | | **Obxectivos do plan** | **20** |
| | 3.1. | Obxectivos xerais | 20 |
| | 3.2. | Obxectivos específicos | 22 |
| **4.** | | **Actuacións xerais e específicas do plan** | **24** |
| | 4.1. | Actuacións xerais | 24 |
| | 4.2. | Actuacións específicas | 26 |
| | 4.2.1. | Preventivas e de sensibilización | 26 |
| | 4.2.2. | Organizativas | 28 |
| | 4.2.3. | Curriculares | 30 |
| | 4.2.4. | De coordinación | 32 |
| | 4.3. | Programa específico de actuación na aula de convivencia | 34 |
| | 4.4. | Programa específico de habilidades sociais e resolución de conflitos | 36 |
| | 4.5. | Programa específico de escola de pais e nais en materia de convivencia | 38 |
| **5.** | | **Protocolos de actuación específicos** | **40** |
| | 5.1. | Protocolo de prevención, detección e tratamento do acoso escolar e ciberacoso | 40 |
| | 5.2. | Protocolo de urxencias sanitarias e enfermidade crónica (adenda de diabete) e atención educativa domiciliaria | 42 |
| | 5.3. | Procolo de protección de datos | 45 |
| | 5.4. | Protocolo para garantir a igualdade, a non discriminación e liberdade de identidade de xénero | 48 |
| | 5.5. | Protocolo de prevención, detección e intervención do risco suicida | 51 |
| | 5.6. | Protocolo de actuación ante a violencia de xénero no ámbito educativo | 55 |

| | | | |
|---|---|---|---|
| **6.** | | **Normas de convivencia. Tipoloxía e medidas** | **59** |
| 6.1. | | Dereitos e deberes | 59 |
| 6.2. | | Condutas contrarias á convivencia | 64 |
| | 6.2.1. | Faltas leves contrarias á convivencia | 65 |
| | 6.2.2. | Faltas gravemente prexudiciais para a convivencia | 74 |
| 6.3. | | Medidas re-educativas e correctoras | 76 |
| | 6.3.1. | Medidas a aplicar con condutas leves contrarias á convivencia | 76 |
| | 6.3.2. | Procedemento a seguir con condutas gravemente prexudiciais para a convivencia | 79 |
| **7.** | | **Comisión de convivencia** | **88** |
| 7.1. | | Normas de funcionamento da comisión de convivencia | 88 |
| 7.2. | | Composición da comisión de convivencia | 90 |
| 7.3. | | Periodicidade das reunións da comisión de convivencia | 91 |
| **8.** | | **Coordinacion e colaboración da comunidade educativa** | **92** |
| 8.1. | | Axentes internos do centro | 92 |
| 8.2. | | Axentes externos ao centro | 93 |
| **9.** | | **Difusión, seguimento e avaliación, e propostas de mellora do plan** | **96** |
| 9.1. | | Difusión do plan | 96 |
| 9.2. | | Seguimento do plan | 97 |
| 9.3. | | Avaliación e propostes de mellora do plan | 99 |
| **10.** | | **Referencias da normativa, bibliografía e webgrafía** | **103** |

## ANEXOS DO PLAN DE CONVIVENCIA

## 1. XUSTIFICACIÓN DO PLAN

O plan de convivencia do noso centro debe recoller e desenvolver os principios que esteblecen as leis de educación vixentes e concretará o estabelecido na Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa e o Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar.

Segundo a Lei 4/2011 no artigo 10.1 “O proxecto educativo de cada centro docente incluírá un plan de convivencia que recolla e desenvolva os fins e principios establecidos no artigo 3 desta lei e os regulados nas leis orgánicas sobre a materia. O devandito plan integrará o principio de igualdade entre mulleres e homes e establecerá, sobre a base dun diagnóstico previo, as necesidades, os obxectivos, as directrices básicas de convivencia e as actuacións, incluíndo a mediación na xestión dos conflitos, e conterá actuacións preventivas, reeducadoras e correctoras. O plan de convivencia será elaborado por unha comisión de convivencia, ou, cando esta non estea constituída, polo equipo directivo, e aprobado polo Consello escolar do centro”.

No artigo 11.3. do decreto 8/2015 “O plan de convivencia será elaborado pola comisión de convivencia ou, cando esta non estivese constituída, polo equipo directivo, e será aprobado polo Consello escolar do centro”.

A Consellería conta na súa web un servizo específico Educonvives.gal | Consellería de Cultura, Educación e Universidade (xunta.gal), que permite acceder a aqueles recursos necesarios para o deseño e desenvolvemento do plan de convivencia do noso centro educativo, destancando os seguintes aspectos:

No marco da Estratexia galega de convivencia escolar 2015-2020, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria proporciona aos centros docentes unha **ferramenta** para desenvolver o procedemento corrector de condutas contrarias ás normas de convivencia. Consta de **orientacións** que pretenden dar resposta ás cuestións máis frecuentes cando se enfrontan a unha situación desta índole, e uns modelos normalizados que recollen o procedemento que cómpre seguir para a súa tramitación.

Respecto das dúbidas xeradas pola recente entrada en vigor da "Ley **39/2015 del procedimiento administrativo** común de las administraciones públicas", que establece no seu artigo 90.3 sobre especialidades na resolución dos procedementos sancionadores aclara que:

> "3. La resolución que ponga fin al procedimiento será ejecutiva cuando no quepa contra ella ningún recurso ordinario en vía administrativa […]" e o seu encaixe co previsto no artigo 25.8 da Lei 4/2011, de 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa:

> "8. A resolución da persoa titular da dirección do centro pon fin á vía administrativa e será inmediatamente executiva. Contra a resolución da persoa titular da dirección do centro cabe instar a revisión ante o Consello Escolar no prazo de dez días lectivos nos termos previstos na alínea f) do artigo 127 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación."

Ademáis, sinálase que, tal e como se especifica na exposición de motivos da Lei 4/2011:

> "É no procedemento de aplicación das medidas correctoras onde máis profunda é a reforma que esta lei leva a cabo. Nela combínase o principio de que estas medidas teñen un carácter educativo que se frustra se non existe inmediatez entre a súa aplicación e a conduta que se pretende corrixir co imprescindible respecto dos dereitos e garantías de defensa do alumnado."

Polo tanto, non procede entender o procedemento de corrección de condutas contrarias á convivencia como un procedemento sancionador da administración pública senón como un **proceso re-educativo e corrector** no que, non obstante, por asimilación, se adoptan medidas similares, pero non idénticas ás establecidas no procedemento administrativo común, cunha vontade garantista. Non se pode perder de vista a **necesidade de inmediatez das correccións**, que, dilatadas no tempo perden a súa efectividade no proceso educativo. Así, ao carecer desta natureza sancionadora, tratandose dun proceso educativo, as medidas correctoras impostas, de conformidade coa Lei 4/2011, son inmediatamente executivas.

Destacar tamén que xunto co **protocolo xeral de prevención, detección e tratamento do acoso e ciberacoso escolar**, inclúense outros **protocolos** específicos a ter en conta neste plan de convivencia, ao atender á

diversidade do alumnado do noso centro e dar resposta ás posibles necesidades de apoio educativa:

- Prevención, detección e tratamento do acoso escolar e ciberacoso
- Urxencias sanitarias e enfermidade crónica (adenda de diabete), e atención educativa domiciliaria
- Prevención, detección e intervención do risco suicida
- Igualdade, non discriminación e liberdade de Identidade de xénero.
- Actuación ante casos de violencia de xénero no contexto escolar
- Protección de datos

## 2. ANÁLISE DA REALIDADE DA CONVIVENCIA DO NOSO CENTRO

O plan de convivencia do noso centro debe converterse nun documento de traballo práctico e adaptado a nosa realidade, que debe contar coa delimitación dos obxectivos e contidos propios da convivencia, segundo a diversidade do noso alumnado e as características da nosa comunidade educativa.

As normas de convivencia que se concretan no noso plan serán establecidas segundo a lexislación educativa vixente, destacando a Lei 4/2011*, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa.* O artigo 10 desta lei fai referencia ao Plan de convivencia e ás normas de convivencia. Ademais, do artigo 11, do Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar que establece no punto 1 que:

> "*O plan de convivencia do centro é o documento no cal se articula a convivencia escolar, que garante unha educación no exercicio dos dereitos e das liberdades dentro dos principios democráticos de convivencia, así como na prevención de conflitos e na súa resolución pacífica*". E no punto 5 deste decreto concreta que "*A elaboración do plan de convivencia suporá a análise e valoración sobre os principais documentos organizativos e curriculares do centro e, de ser o caso, a súa actualización conforme o establecido neste decreto. Estes documentos son: a) O proxecto educativo do centro; b) A concreción curricular, respecto do desenvolvemento das competencias básicas e da metodoloxía empregada; c) O plan xeral de atención á diversidade e o plan de acción titorial; d) As normas de organización e funcionamento do centro, sobre todo aquelas que garantan o cumprimento do plan de convivencia e as que recollan respostas educativas que o centro proporciona aos diferentes intereses e motivacións do alumnado; e) A programación xeral anual".*

Para o deseño e posta en marcha deste plan hai que tomar como referencia, ademais da normativa educativa vixente, a análise das necesidades no noso centro educativo e aquelas referencias bibliográficas e webgráficas que facilitan o seu deseño e a súa implementación.

## 2.1. Características do centro e o seu entorno

O noso centro educativo ubicado en A Laracha, na comarca de Bergantiños, conta cunha ampla diversidade de alumnado. A oferta educativa do noso centro inclúe as etapas da Educación Secundaria Obrigatoria (ESO) e do Bacharelato.

Na ESO hai 4 liñas por curso escolar, agás en 4º da ESO con 3 liñas, contado con programas específicos de atención á diversidade para esta etapa, tanto de apoio específico ás necesidades educativas, como programas e outras posibles medidas a aplicar ou adaptar segundo a normativa que vaia xurdindo en materia de atención á diversidade dentro dos principios de personalización e inclusión.

O alumando que **acada os estudos da ESO** no noso centro pode acceder á etapa de **bacharelato** en dúas modalidades, o de Humanidades e Ciencias sociais, e o de Ciencias (tamén obxecto de modificación polas Leis xerias de educación). De querer acceder a estudos de Formación Profesional de grao medio, deben solicitar praza noutros centros educativos da zona.

O alumnado que **non acada os obxectivos da etapa da ESO** e non acada o título correspondente, ten a aportunidade de cursar a oferta educativa, Formación Profesional Básica; ir por Educación de Adultos se cumpre o requisito de idade ou acceder ao mundo laboral, en centros doutras localidades próximas como Carballo ou Arteixo, entre outras.

Os alumnos que cursan o bacharelato e acadan o título poden acceder á universidade, sobre todo a Universidade de A Coruña ou a Universidade de Santiago de Compostela. O resto do alumnado que non quere cursar estudos universitarios pode acceder á Formación Profesional de Grao Superior en centros educativos próximo á localidade.

Con esta gran diversidade de alumnado precisamos concienciarnos da necesidade de levar a cabo un plan de convivencia que analice en profundidade as situacións de conflito, estableza pautas de actuacións concretas para o regulamento das normas de convivencia e permita a resolución dos mesmos, co fin de crear un clima de centro positivo e de colaboración entre todos os membros da comundidade educativa.

## 2.2. Xestión e organización da convivencia

O **Proxecto educativo do centro, en proceso,** docente inclúe un plan de convivencia que recolle e desenvolve os fins e principios establecidos no artigo 3 da Lei 4/2011 e os regulados nas leis orgánicas sobre a materia. O devandito plan integra o principio de igualdade entre mulleres e homes e establecerá, sobre a base dun diagnóstico previo, as necesidades, os obxectivos, as directrices básicas de convivencia e as actuacións, incluíndo a mediación na xestión dos conflitos, e conterá actuacións preventivas, reeducadoras e correctoras. O plan de convivencia é elaborado por unha comisión de convivencia, ou, cando esta non estea constituída, polo equipo directivo, e aprobado polo consello escolar do centro. No noso centro elabórase coa formación e posta en marcha dun grupo de traballo específico para o deseño deste plan no curso 2020-2021 polo equipo directivo.

Por outro lado, as **normas de organización e funcionamento, en revisión,** do centro docente inclúen parcialmente as normas de convivencia que garantan o cumprimento do plan de convivencia. Estas normas son públicas e os centros docentes deben facilitar o seu coñecemento por parte de todos os membros da comunidade educativa. En particular, as normas de convivencia de cada centro concretan os **dereitos e os deberes** do alumnado e establecen as **condutas contrarias á convivencia e as correccións** que correspondan ao seu incumprimento, no marco do disposto por este título e das disposicións regulamentarias que o desenvolvan.

O plan de convivencia inclúe un protocolo para a prevención, detección e tratamento das situacións de **acoso escolar**, entre outros protocolos especificos, incorpora como mínimo as seguintes previsións: realización de **campañas de sensibilización** do profesorado, das nais e pais ou das titoras ou titores e do alumnado contra o acoso escolar, que axuden a previlo e preparen a todos os membros da comunidade educativa para detectalo e reaccionar fronte a el; establecemento de **canles específicas que faciliten a exteriorización** polas vítimas das situacións de acoso escolar; determinación das **medidas** que se deben adoptar no caso de detección dunha situación de acoso escolar para poñerlle fin a esta, sen prexuízo das correccións disciplinarias que correspondan. En todo caso, preverase a designación pola

persoa titular da dirección do centro dunha persoa responsable da atención á vítima entre o persoal do propio centro docente, procurando, cando sexa posible, que a designación recaia sobre unha persoa coa que a vítima garde unha relación de confianza ou proximidade. Nos supostos menos graves de situación de acoso, favorecemento da **mediación** realizada polo alumnado do centro educativo que obtivese **formación e cualificación** para a intervención nestas situacións. **Tómase como referencia o Protocolo xeral de prevención, detección e tratamento do acoso escolar e ciberacoso.**

Destacar nos obxectivos xerais que se establecen no Decreto 8/2015 que se debe "**facilitar a prevención, a detección, o tratamento, o seguimento, a xestión e a resolución dos conflitos que se poidan producir no centro e aprender a utilizalos como fonte de experiencia e aprendizaxe"**. Entre as actuacións que contribúen á detección e xestión da conflictividade inclúense: **actividades de acollida** para o alumnado que se matricula por primeira vez no centro e para as súas familias, que faciliten o coñecemento das normas de convivencia, tanto xerais do centro como particulares da aula, especificando os dereitos e deberes do alumnado e as correccións ou medidas reeducadoras que, de ser o caso, se apliquen; **actividades para a sensibilización** fronte aos casos de acoso e intimidación entre iguais, dirixidas á comunidade educativa; actividades dirixidas á sensibilización da comunidade educativa na igualdade entre homes e mulleres para previr posibles situacións de violencia de xénero; actividades dirixidas á sensibilización da comunidade educativa na non discriminación por razón de raza, sexo, procedencia e condición persoal ou social; **medidas de carácter organizativo** que posibiliten a adecuada vixilancia dos espazos e dos tempos considerados de risco, como os recreos, as entradas e saídas do centro e os cambios de aula nos corredores.

Por outro lado, poderán desenvolverse, ademais, **programas de desenvolvemento do autoconcepto e a autoestima, a xestión pacífica dos conflitos, a dinámica de grupos, traballo cooperativo, educación afectivo-sexual e a igualdade entre homes e mulleres**.

Sen prexuízo dos procedementos de corrección das condutas gravemente prexudiciais para a convivencia, regulados expresamente no capítulo IV do título III deste decreto, os centros poderán utilizar **a mediación**

**como estratexia preventiva, resolutiva e reparadora na xestión de calquera conflito** entre membros da comunidade educativa. Organización de **xornadas técnicas**, espazos de reflexión, discusión e posta en común de aspectos relacionados coa convivencia escolar.

Correspóndelle ao equipo directivo do centro levar a cabo as actuacións necesarias para a difusión das normas de organización e funcionamento e das normas de convivencia entre a comunidade educativa.

### 2.3. Relacións e participación na vida do centro

As relacións e a participación na vida do centro considéranse positivas. Aínda que hai tempos e espazos fixos para a relación e participación da comunidade educativa, cóntase con outros non fixos que se crean de xeito natural segundo van xurdindo as necesidades. Neste caso, a colaboración é case sempre aceptada e búscanse as formas de organizarse para o seu máximo aproveitamento.

Por parte do **profesorado**, dende as Comisións de Coordinación Pedagóxica (CCP) establécense as liñas de actuación para o deseño, posta en práctica, seguimento e avaliación do plan de convivencia. Dende o claustro de profesores/as infórmase do plan de convivencia cos medios e recursos necesarios para o seu desenvolvemento. Nas reunión de departamentos, vanse concretando as actuacións, sendo o Departamento de Orientación un dos máis implicados neste labor. Un aspecto importante a ter en conta é a diversidade de profesorado no noso centro. Cóntase con mestres de primaria, e profesorado de educación secundaria. Conta con maioría do profesorado con carácter definitivo da zona e arredores, aínda que se conta tamén con bastante profesorado da Coruña capital.

O **alumnado** de referencia do noso centro educativo para cursar a ESO vén dos centros adscritos:

- CEIP Otero Pedrayo de A Laracha
- CEIP Alfredo Brañas de Paiosaco
- CEIP de Caión

Por proximidade tamén cóntase com alumnado da zona de Carballo e de Arteixo. Para a etapa de Bacharelato contamos co mesmo alumnado.

As **familias** dos nosos alumnos soen amosar interese pola formación dos seus fillos/as. Soen asistir con fluidez ao centro educativo e colaboran de forma permanente. Cóntase coa participación de familias dende o consello escolar e a Asociación de Nais e Pais do Alumnado (ANPA). O nivel sociocultural considérase medio e medio baixo. Nalgún casos precisamos colaborar con outros servizos para axudar a responder ás necesidades dalgunhas familias, en concreto cos servizos sociais, centro de saúde, servizos de seguridade.

O **persoal de administración e servizos**, fai referencia a persoal de conxerxaría, con dous membros, unha persoa como auxiliar administrativo, persoal de limpeza, persoal de cafetaría (no curso 2020-2021 non o asume ninguén) e cóntase con servizo de comedor a cargo dunha empresa privada Eures. Ademais hai que contar co servizo de transporte para actividades diarias ou extraescolares.

Doutras **institucións e entidades do contorno** ás que hai que facer referencia pola implicación co noso centro destácanse as seguintes:

| ASOCIACIÓN/SERVIZO/ENTIDADE | TIPO DE INTERVENCIÓN |
|---|---|
| Garda Civil de Carballo | Plan Director para a convivencia |
| Concello de A Laracha – Servizos Sociais e CIM | Derivación de casos e coordinación interdisciplinar |
| Concello de A Laracha – Concellalía de Educación | Charlas de educación afectivo-sexual<br>Charlas sobre a xestión das emocións |
| Centro de Saúde de A Laracha | Derivación de casos e coordinación interdisciplinar |

## 2.4. Tipoloxías de conflictos e actuacións para a boa convivencia

O Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar establece no Artigo 14 que:

*"A análise ou diagnóstico é o punto de partida para coñecer o estado da convivencia no centro e, de ser o caso, a conflitividade detectada neste. Recollerá, como mínimo, os seguintes aspectos: a) características do centro e do seu contorno que contextualizan a intervención educativa; b) aspectos da xestión e organización do centro que inflúen*

*na convivencia; c) estado das relacións e da participación na vida do centro por parte do profesorado, do alumnado, das familias e do persoal de administración e servizos e de atención educativa complementaria, así como doutras institucións e entidades do contorno; d) conflitividade detectada no centro, indicando o tipo e número de conflitos que se prducen e os sectores implicados nestes; e) actuacións desenvolvidas no ámbito da convivencia e efectividade destas*."

Das actuacións levadas a cabo no noso centro para a resolución de conflitos destacan, sobre todo, a toma de decisións sobre: faltas leves contrarias á convivencia por non atender ás chamadas de atención do profesorado, non realización de tarefas escolares, uso inadecuado do móbil, entre outras.

Dende o curso 2019-2020 valorouse a necesidade de incidir na mellora da convivenvia, coa prevención e intervención para a resolución de conflitos. As actuacións levadas a cabo para a mellora da convivencia resultaron positivas e as incidencias foron baixas.

Cabe subliñar destas actuacións as levadas a cabo cos partes de incidencias da aula de convivencia:

No curso 2019-2020 importante indicar que no análise de datos, faise referencia tanto ao primeiro como ao segundo trimestro, pola situación excepcional da alarma sanitaria polo covid19 que obrigou ao confinamento de todos os centros escolares a partir do 16 de marzo de 2020.

| **1º ESO** | **TOTAL** |
|---|---|
| Conduta leve contraria a convivencia:<br>Amoestación escrita (actos inxustificados e/ou actos desafío á autoridade) | **24** |
| Medida: Asistencia aula convivencia | **10** |
| Medida: Suspensión dereito asistencia á materia ou ao centro | **2** |
| Conduta leve contraria a convivencia: Amoestación recollida móbil | **3** |
| Conduta gravemente prexudicial á convivencia: Expediente Disciplinario | **0** |

## 2º ESO

| | TOTAL |
|---|---|
| Conduta leve contraria a convivencia: Amoestación escrita (actos inxustificados e/ou actos desafío á autoridade) | **48** |
| Medida: Asistencia aula convivencia | **16** |
| Medida: Suspensión dereito asistencia á materia ou ao centro | **3** |
| Conduta leve contraria a convivencia: Amoestación recollida móbil | **1** |
| Conduta gravemente prexudicial á convivencia: Expediente Disciplinario | **0** |

## 3º ESO

| | TOTAL |
|---|---|
| Conduta leve contraria a convivencia: Amoestación escrita (actos inxustificados e/ou actos desafío á autoridade) | **31** |
| Medida: Asistencia aula convivencia | **13** |
| Medida: Suspensión dereito asistencia á materia ou ao centro | **1** |
| Conduta leve contraria a convivencia:Amoestación recollida móbil | **2** |
| Conduta gravemente prexudicial á convivencia: Expediente Disciplinario | **1** |

## 4º ESO

| | TOTAL |
|---|---|
| Conduta leve contraria a convivencia: Amoestación escrita (actos inxustificados e/ou actos desafío á autoridade) | **57** |
| Medida: Asistencia aula convivencia | **24** |
| Medida: Suspensión dereito asistencia á materia ou ao centro | **8** |
| Conduta leve contraria a convivencia: Amoestación recollida móbil | **4** |
| Conduta gravemente prexudicial á convivencia: Expediente Disciplinario | **0** |

| 1º BACHARELATO | TOTAL |
|---|---|
| Conduta leve contraria a convivencia:<br>Amoestación escrita (actos inxustificados e/ou actos desafío á autoridade) | **1** |
| Medida:  Asistencia aula convivencia | 0 |
| Medida:  Suspensión dereito asistencia á materia ou ao centro | **0** |
| Conduta leve contraria a convivencia:<br>Amoestación recollida móbil | 0 |
| Conduta gravemente prexudicial á convivencia:<br>Expediente Disciplinario | **0** |

| 2º BACHARELATO | TOTAL |
|---|---|
| Conduta leve contraria a convivencia:<br>Amoestación escrita (actos inxustificados e/ou actos desafío á autoridade) | **2** |
| Medida:  Asistencia aula convivencia | 0 |
| Medida:  Suspensión dereito asistencia á materia ou ao centro | **0** |
| Conduta leve contraria a convivencia: Amoestación recollida móbil | 0 |
| Conduta gravemente prexudicial á convivencia:<br>Expediente Disciplinario | **0** |

No terceiro trimestre do curso 2019-2020 aínda que o proceso educativo presencial quedou interrompido, pasamos a un proceso de formación case exclusivamente dixital, no que os principais problemas que se detectaron centrouse nas diferencias atopadas respecto ao acceso aos recursos dixitais (internet e ordenadores ou tables) nalgunhas familias que precisaron un servizo de préstamo tanto da Consellería de Educación como polo propio centro educativo. Ademáis de contar coa colaboración do Concello e Protección Civil para dar acceso a recursos a algunhas familias con menos recursos. Neste período o principal problema centrouse no absentismo escolar nalgunhas familias coas que as vías de comunicación non permitían coñecer como estaban a manter o proceso de ensino-aprendizaxe, facéndose necesario contar de novo cos servizo sociais do Concello.

No primeiro trimestre do curso 2020 - 2021 recóllense os seguintes datos sobre a convivencia

| 1º ESO | 1ºA | 1ºB | 1ºC | 1ºD | 1ºE | TOTAL |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Conduta leve contraria a convivencia: Amoestación escrita (actos inxustificados e/ou actos desafío á autoridade) | 1 | | | | 3 | **4** |
| Medida: Asistencia aula convivencia/Dirección | 0-1 | | | | 0-3 | **0- 4** |
| Medida: Suspensión dereito asistencia á materia ou ao centro | | | | | | **0** |
| Conduta leve contraria a convivencia: Amoestación recollida móbil | | | | | | 0 |
| Conduta gravemente prexudicial á convivencia: Expediente Disciplinario | | | | | | **0** |

| 2º ESO | 2ºA | 2º B | 2ºC | 2ºD | TOTAL |
|---|---|---|---|---|---|
| Conduta leve contraria a convivencia: Amoestación escrita (actos inxustificados e/ou actos desafío á autoridade) | 15 | 13 | 4 | 3 | **35** |
| Medida: Asistencia aula convivencia/Dirección | 3-9 | 2-9 | 1-4 | 0-1 | **6-23** |
| Medida: Suspensión dereito asistencia á materia ou ao centro | | | | | |
| Conduta leve contraria a convivencia: Amoestación recollida móbil | | | | 2 | **2** |
| Conduta gravemente prexudicial á convivencia: Expediente Disciplinario | | | | | **0** |

**3º ESO**

| | 3ºA | 3ºB | 3ºC | 3ºD | 3ºE | TOTAL |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Conduta leve contraria a convivencia: Amoestación escrita (actos inxustificados e/ou actos desafío á autoridade) | | 2 | 7 | | 2 | **11** |
| Medida: Asistencia aula convivencia | | 1-1 | 1-3 | | 1-1 | **3-5** |
| Medida: Suspensión dereito asistencia á materia ou ao centro | | | | | | **0** |
| Conduta leve contraria a convivencia: Amoestación recollida móbil | | | | | | 0 |
| Conduta gravemente prexudicial á convivencia: Expediente Disciplinario | | | | | | **0** |

**4º ESO**

| | 4ºA | 4ºB | 4ºC | 4ºD | TOTAL |
|---|---|---|---|---|---|
| Conduta leve contraria a convivencia: Amoestación escrita (actos inxustificados e/ou actos desafío á autoridade) | 1 | 3 | 3 | 2 | **9** |
| Medida: Asistencia aula convivencia | | 0-3 | 0-1 | 0-2 | **0-6** |
| Medida: Suspensión dereito asistencia á materia ou ao centro | | | 1 | | **1** |
| Conduta leve contraria a convivencia: Amoestación recollida móbil | | | | | 0 |
| Conduta gravemente prexudicial á convivencia: Expediente Disciplinario | | | | | **0** |

**1º BACHARELATO**

| | 1º A | 1ºB | TOTAL |
|---|---|---|---|
| Conduta leve contraria a convivencia: Amoestación escrita (actos inxustificados e/ou actos desafío á autoridade) | | 9 | **9** |
| Medida: Asistencia aula convivencia | | 5-3 | **5-3** |
| Medida: Suspensión dereito asistencia á materia ou ao centro | | | **0** |
| Conduta leve contraria a convivencia: Amoestación recollida móbil | | 1 | **1** |
| Conduta gravemente prexudicial á convivencia: Expediente Disciplinario | | | **0** |

| 2º BACHARELATO | 2ºA | 2ºB | TOTAL |
|---|---|---|---|
| Conduta leve contraria a convivencia:<br>Amoestación escrita (actos inxustificados e/ou actos desafío á autoridade) | | | |
| Medida: Asistencia aula convivencia | | | |
| Medida: Suspensión dereito asistencia á materia ou ao centro | | | |
| Conduta leve contraria a convivencia:<br>Amoestación recollida móbil | | | |
| Conduta gravemente prexudicial á convivencia: Expediente Disciplinario | | | |

No actual curso, 2020-2021 valórase necesario continuar adaptándonos á nova realidade educativa, con grupos con desdobre, nas que aumenta o alumnado e preséntanse cada vez máis necesidades específicas de apoio educativo, que implica solicitar medidas como as de atención educativa domiciliaria ou activar os protocolos por absentismo escolar. Ao baixar as ratios nalgúns grupos con desdobre facilita ter un mellor comportamento do alumnado. Os problemas de convivencia son resoltos a nivel tanto individual como a nivel de grupos, segundo a súa tipificación.

Faise tamén especial fincapé nos casos onde se detectan posibles situacións de acoso escolar ou ciberacoso, procurando facer actuacións inmediatas coa proposta de mediacións e contratos de bo comportamento, buscando que non se agraven ditas situacións.

O centro conta cunha **aula de convivencia** como espazo de reflexión para actuacións tanto inmediatas onde se busca corrixir certas condutas ou con carácter preventivo na aplicación de medidas correctoras. Esta aula conta con profesorado de garda que debe asegurar o proceso formativo dos alumnos, tendo que vir sempre que sexa posible con traballos específicos da clase ou outros relacionados coa problemática a tratar.

O centro tamén presta especial atención a **grupos de risco**, con máis dificultades para adquisición de hábitos de aceptación das normas propias do noso centro. Neste último caso, búscase traballar a súa autoestima y eliminar eses estigmas que os etiquetan, traballando ao máximo as súas potencialidades coa finalidade de que retomen ou seu proceso formativo e o seu desenvolvemento integral.

Para a análise da convivencia, proponse levar a cabo rexistros sistemáticos co **modelo de rexistro de faltas** elaborado para o centro, a aplicación de cuestionarios ou probas diagnósticas, entre outras formas de avaliación.

Respecto da **efectividade das actuacións desenvolvidas** o traballo realizado no centro educativo considérase positivo pois conta coa implicación dun equipo docente comprometido nas actuacións relacionadas co ámbito da convivencia. As actuacións se concretan sobre todo:

- Dende **a acción titorial**, cabe destacar o papel dos titores/as no centro que fan un labor impecable no cumplimento das normas de convivencia, atención personalizada do alumando que presenta máis dificultades de adaptación en temas de convivencia, por presentar falta de habilidades sociais e estratexias de resolución de conflitos. Isto apóiase cun intercambio continuo de información sobre a evolución do alumnado co resto do profesorado e, sobre todo, coas familias. Cando non é suficiente, cóntase con outros axentes externos como servizos sociais, centro de saúde, asociación privadas, entre outras.
- O centro pon en marcha unha **aula de convivencia**, no que se vai rexistrando o alumnado que ten que traballar nela, que se prioriza como espazo de reflexión para a resolución pacífica de conflitos. Aula que está supervisada con profesorado de garda en horario lectivo e co seguimento trimestral e avaliación da coordinadora de convivencia e o departamento de Orientación.
- O **equipo directivo**, co asesoramento do departamento de Orientación, ten establecidas unha sesión semanal para supervisar os casos rexistrados con incidencias por condutas contrarias á convivencia e tomar medidas educativas e correctoras segundo corresponda. Neste caso, tamén, segundo as necesidades, fanse outras reunións de coordinación para traballar a convivencia no centro.

O centro está en todo momento condicionado polo tipo de alumnado tan diverso co que conta e que debe ser sempre atendido cos recursos necesarios, contando co apoio de todos os membros da comuninade educativa, dos axentes do contorno e da administración educativa.

## 3. OBXECTIVOS DO PLAN

### 3.1. Obxectivos xerais

Os obxectivos xerais do plan toman como referencia os principios e fins reflectidos na Lei 4/2011 e as necesidades diagnosticadas no noso centro:

- Garantir un ambiente educativo de respecto mutuo que faga posible o cumprimento dos fins da educación e que permita facer efectivo o dereito e o deber de aproveitar os recursos á disposición do alumnado no posto escolar.
- Favorecer unha educación no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais, na igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres e na igualdade de trato e non discriminación das persoas.
- Previr e tratar as situacións de acoso escolar mediante medidas educativas e correctoras eficaces.
- Recoñecer ao profesorado, en especial aos membros dos equipos directivos, das facultades precisas para previr e corrixir as condutas contrarias á convivencia, así como da protección xurídica adecuada ás súas funcións.
- Corresponsabilizar ás nais e pais ou ás titoras ou titores no mantemento da convivencia no noso centro, como un dos principais deberes que teñen en relación coa educación dos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas.
- Promover a resolución pacífica dos conflitos e fomentar valores, actitudes e prácticas que permitan mellorar o grao de aceptación e cumprimento das normas, avanzar no respecto entre todos os membros da comunidade educativa e a mellora da convivencia escolar.
- Concienciar e sensibilizar aos distintos sectores que interveñen na educación sobre a importancia da convivencia como parte fundamental para o desenvolvemento persoal e social do alumnado.
- Regular a consulta e participación directa das familias, e doutros colectivos da comunidade educativa no ensino, complementarios das canles institucionalizadas de participación nel e no funcionamento e goberno dos centros docentes previstos na lexislación educativa.

- Favorecer a mellora da comunicación entre o profesorado e as nais e pais ou as titoras ou titores para facilitar a estes o exercicio dos dereitos e o cumprimento dos deberes que lles corresponden en relación coa educación dos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas.

O Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar, no artigo 12 establece os o*bxectivos xerais do plan de convivencia, que deben* contribuír a:

- Facilitarlles aos órganos de goberno e ao profesorado instrumentos e recursos en relación coa prevención da violencia e a mellora da convivencia no centro.
- Concienciar e sensibilizar a comunidade educativa sobre a importancia dunha adecuada convivencia escolar e sobre os procedementos para mellorala e acadar un ambiente educativo que permita o óptimo aproveitamento dos recursos que a sociedade pon á disposición do alumnado.
- Fomentar nos centros educativos os valores, as actitudes e as prácticas que permitan mellorar o grao de aceptación e cumprimento das normas e avanzar no respecto á diversidade e no fomento da igualdade entre homes e mulleres.
- Facilitar a prevención, a detección, o tratamento, o seguimento, a xestión e a resolución dos conflitos que se poidan producir no centro e aprender a utilizalos como fonte de experiencia e aprendizaxe.
- Facilitar a prevención, detección e eliminación de todas as manifestacións de violencia, especialmente do acoso escolar, da violencia de xénero e das actitudes e comportamentos xenófobos e racistas.
- Facilitar a conciliación ou a mediación para a resolución pacífica dos conflitos.
- Contribuír desde o ámbito da convivencia á adquisición das competencias básicas, particularmente das competencias social e cidadá e para a autonomía e iniciativa persoal.

- Fomentar e facilitar a participación, a comunicación e a cooperación das familias no mantemento da convivencia nos centros docentes.
- Establecer, incrementar e consolidar as relacións con entidades e institucións do contorno que contribúan á construción de comunidades educadoras e a unha convivencia de calidade que potencie os dereitos e as liberdades fundamentais.

## 3.2. Obxectivos específicos

Partindo dos obxectivos xerais establecense os obxectivos específicos derivados da análise da normativa vixente e das necesidades previas do centro, organizados segundo os ámbitos do centro, o alumnado, o profesorado e as familias, e outros axentes externos.

**A nivel de centro:**

- Revisar os documentos oficiais do centro e deixar constancia dos contidos específicos sobre convivencia.
- Adecuar a normativa educativa e as actualizacións ás necesidades do noso centro.
- Implicar a toda a comunidade educativa en materia de convivencia.
- Informar e comunicar de todos os protocolos específicos en relación coa convivencia para un bo clima de centro e a resolución de conflitos.
- Proporcionar unha formación permamente en temas relativos á convivencia.

**Respecto do alumnado:**

- Detectar necesidades de carácter persoal como a nivel de grupo que poden incidir na conduta.
- Previr e desenvolver actuacións a nivel individual e grupal para a resolución de conflitos.
- Realizar intervencións a nivel grupal, dende as titorías para a resolución pacífica de conflitos.
- Formar e preparar ao alumnado en procesos mediación e axuda ao alumnado con máis necesidades de control condutual.

**Respecto das famílias:**

- Corresposabilizar ás familias no labor para unha boa convivencia no centro.
- Colaborar co centro para axudar os alumnos con máis necesidades a mellorar e resolver problemas de convivencia.
- Informar e aceptar as normas de convivencia do noso centro dende as vías dispoñibles.
- Contar coas canles de comunicación para tratar problemas de conduta no centro educativo.
- Ter en conta a represetanción no consello escolar.

**En relación con outros axentes:**

- Implicar a administración educativa na toma de medidas a aplicar co apoio ao centro educativo.
- Contar coa colaboración doutras administacións: Familia, Traballo, Sanidade.
- Contar coa colaboración do Concello: Servizos sociais.
- Valorar a colaboración doutros axentes, asociacións sen ánimo de lucro, relacionados con temas de convivencia.

## 4. ACTUACIÓNS XERAIS E ESPECÍFICAS DO PLAN

O Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar establece no artigo 15:

> *"…as actuacións, as medidas ou os programas que se poden desenvolver para favorecer a convivencia enuméranse os seguintes: 1. Actuacións organizativas, curriculares e de coordinación. Debe considerarse, especialmente, a organización do centro e da aula; a coordinación das actuacións docentes; a programación e desenvolvemento do currículo; as estratexias metodolóxicas; a avaliación do progreso do alumnado e da práctica docente; e as actividades complementarias e extraescolares; 2. Actuacións dirixidas a garantir a participación da comunidade educativa, incluída a formación co obxectivo de mellorar a convivencia escolar e a resolución pacífica de conflitos; 3. Actuacións dirixidas á prevención de condutas contrarias ás normas de convivencia, incluíndo a difusión de normas e accións de sensibilización e protocolos de detección temperá; 4. Protocolo para a prevención, a detección e o tratamento das situacións de acoso escolar…"*

### 4.1. Actuacións xerais

As actuacións xerais deséñanse e desenvólvense tanto a nivel do centro, como da aula e individual, e están dirixidas a toda a comunidade educativa.

**Actuacións a nivel de centro:**

- Implicación de toda a comunidade educativa dende as distintas formas de representación: claustro de profesorado, comisión de coordinación pedagóxica e consello escolar.
- Eficiencia e eficacia da comisión de convivencia e do observatorio de convivencia.
- Revisión e actualización dos distintos documentos de centro, deixando reflectidos os contidos relativos á convivencia: proxecto educativo, programacións didácticas, plan de atención á diversidade, plan de acción titorial, e normas de organización e funcionamento.

- ⇨ A importanciai da aula de convivencia como espazo de reflexión e correción positiva de condutas.
- ⇨ Formación permanente con grupos de traballo e seminarios sobre convivencia e participación da comunidade educativa.

**Actuacións a nivel titorial:**

- ⇨ Actividades específicas de coñecemento da importancia dun bo clima de convivencia no centro educativo nas distintas etapas e niveis do noso centro educativo: campaña informativa dende a titoría, normas de organización e funcionamento do centro, a aula de convivencia, os procesos de mediación, a convivencia como elemento específico de traballo na aula.
- ⇨ Transversalización nas distintas materias do currículo de contidos relativos á convivencia, coa búsqueda da adquisición de competencias sociais.

**Actuacións a nivel individual:**

- ⇨ Análise das necesidades individuais para a resolución pacífica de conflitos dirixido ao alumnado, ao profesorado e ás familas.
- ⇨ Prevención e intervención sobre alumnado con problemas de conduta.
- ⇨ Pautas de actuacións específicas ante situacións de acoso escolar e ciberacoso.
- ⇨ Pautas de actuacións específicas ante situacións de alerta sanitaria (urxencias sanitarias, atención educativa domiciliaria, risco suicida, violencia de xénero…)
- ⇨ Pautas de actuacións específicas ente situacións de identidade de xénero e identidade dixital
- ⇨ Pautas de actuacións específicas para a proteccion de datos.

O plan de convivencia precisa establecer a concreción das actuacións, das medidas e dos programas, especificando as actividades que vai desenvolver, indicando cales son os recursos, as persoas, a quen van dirixidos e como imos proceder cunha metodoloxía activa e participativa.

Partindo de actuacións xerais, iranse concretando noutras actuacións, medidas ou programas máis específicos.

| ACTUACIÓNS XERAIS | MEDIDAS/PROGRAMAS | PROCEDEMENTOS |
|---|---|---|
| **ACCIÓN TITORIAL** | ✓ Autoestima e autoconcepto<br>✓ Habilidades sociais<br>✓ Resolución pacífica de conflitos<br>✓ Axuda entre iguais<br>✓ Mediación entre iguais | ✓ Asambleas e reunións<br>✓ Dinámicas grupais<br>✓ Enquisas e debates<br>✓ Regulamento das normas da aula<br>✓ Traballo específico con alumnado con problemas de conduta |
| **INTEGRACIÓN CURRICULAR E TRANSVERSAL** | En todas as materias como dinámica de centro no respecto ás normas de convivencia | Contidos transverais sobre igualdade de xénero, prevención da violencia, educación en valores… |
| **PROGRAMAS ESPECÍFICOS** | ✓ Formación de alumnado mediador e/ou axudante (segundo as necesidades)<br>✓ Prevención de drogodependencias e adquisición de habilidades sociais<br>✓ Plan director para a convivencia nos centros (en convenio co Ministerio de Interior) | ✓ Dirección, Departamento de orientación, titores/as.<br>✓ Con axentes externos: Asociacións, Concello. |
| **OBRADOIROS DE APOIO PERSOAL** | ✓ Educación emocional<br>✓ Habilidades sociais<br>✓ Resolución de conflitos | ✓ Na aula de convivencia<br>✓ Dende o departamento de Orientación<br>✓ Con axentes externos |

## 4.2. Actuacións específicas

### 4.2.1. Preventivas e de sensibilización

As actuacións dirixidas á prevención de condutas contrarias ás normas de convivencia inclúen a difusión de normas e accións de sensibilización e protocolos de detección temperá. Ademais, aínda que se tratarán nun capítulo á parte, estableceranse os protocolos para a prevención, a detección e o tratamento das situacións de acoso escolar que incorporarán, como mínimo, as seguintes previsións:

- A administración educativa promoverá que os centros dispoñan de materiais e recursos didácticos que lles permitan a potenciación dos valores da cultura da paz, a prevención da violencia, a sensibilización na non discriminación por razón de raza, sexo, procedencia e condición persoal ou social, a educación emocional, a mellora da convivencia e a resolución pacífica de conflitos.
- A colaboración e coordinación con outras entidades, organismos e institucións públicas ou privadas e cos medios de comunicación para pór en marcha campañas de información e sensibilización para incentivar a cultura da paz, previr a violencia e o acoso escolar.
- Realización de campañas de sensibilización contra o acoso escolar, dirixidas a toda a comunidade educativa, que axuden a previlo e a prepararse para detectalo e reaccionar e intervir fronte a este.

Poranse tamén en marcha actividades dirixidas **á sensibilización da comunidade educativa na igualdade entre homes e mulleres para previr posibles situacións de violencia de xénero** e actividades dirixidas á sensibilización da comunidade educativa na **non discriminación por razón de raza, sexo, procedencia e condición persoal ou social**. O mesmo que todas as actividades necesarias para as situacións relacionadas con alertas sanitarias.

| MEDIDAS | DESTINATARIOS | ACTIVIDADES | RECURSOS | PROCEDEMENTOS |
|---|---|---|---|---|
| **COORDINACIÓN COS CENTROS ADSCRITOS** | ✓ Alumnado<br>✓ Profesorado<br>✓ Familias | ✓ Reunións de cordinación<br>✓ Xornadas portas abertas<br>✓ Traslado de documentos sobre normas de convivencia<br>✓ Charlas informativas | ✓ Dirección<br>✓ Titores/as<br>✓ Profesorado<br>✓ Orientadora<br>✓ PT | ✓ No 1º trimestre revisión de datos<br>✓ No 2º trimestre charlas e xornadas informativas<br>✓ No 3º trimestre recollida e traspaso de información<br>✓ Durante todo o curso pode ser preciso a coordinación cos centros |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| **ACOLLIDA DO ALUMNADO** | ✓ Todo o alumnado.<br>✓ Alumnado de incorporación tardía no sistema educativo.<br>✓ Alumnado estranxeiro | ✓ Recibimento do alumnado de primaria e as familias que van vir no terceiro trimestre<br>✓ Recibimento no comenzo do curso escolar, presentación, organización e funcionamento do centro.<br>✓ Durante todo o curso escolar, coa colaboración do departamento de Orientación. | ✓ Dirección<br>✓ Titores/as<br>✓ Profesorado<br>✓ Orientadora<br>✓ PT | ✓ Xornadas de portas abertas<br>✓ Información sobre a organización e funcionamento do centro<br>✓ Visita ao centro<br>✓ Criterios de formación de grupos na ESO<br>✓ Criterios de asignación de profesorado e titores/as. |
| **AVALIACIÓN INICIAL** | Na ESO | Reunión no 1º trimestre | ✓ Dirección<br>✓ Titores/as<br>✓ Profesorado<br>✓ Orientadora<br>✓ PT | ✓ Revisión da documentación do alumnado<br>✓ Probas de nivel e autocoñecemento<br>✓ Reunión de avaliación |
| **REUNIÓN COAS FAMILIAS** | Na ESO | No 1º trimestre, durante todo o curso reunións de grupos, e a nivel individual | ✓ Dirección<br>✓ Titores/as<br>✓ Orientador/a<br>✓ PT | |
| **ACCIÓN TITORIAL** | Todas as etapas | Sobre todo no primeiro trimestre e o resto do curso | ✓ Dirección<br>✓ Todo o profesorado | ✓ Folleto informativo<br>✓ Informacción vía dixital<br>✓ Información nas distintas reunións |
| **DATAS CONMEMORATIVAS** | Todas as etapas | ✓ 25 de novembro: Día da non Violencia de Xénero<br>✓ 30 de xaneiro: Dia da Paz<br>✓ 8 de marzo: Día da Muller Traballadora | Todo o profesorado | ✓ Murais<br>✓ Unidades de convivencia |
| **EDUCACIÓN VIRTUAL** | Todas as etapas | Adaptación das actividades ao contexto dixital | Todo o profesorado | ✓ Web do centro<br>✓ Abalar móbil<br>✓ Aula Virtual |

### 4.2.2. Organizativas

As normas de organización e funcionamento do centro, sobre todo aquelas que garantan o cumprimento deste plan de convivencia e as que recollan respostas educativas que o centro proporciona aos diferentes intereses e motivacións do alumnado.

O Decreto 8/2015 no artigo 18 sobre as "*normas de organización e funcionamento*" establece que:

- As normas de organización e funcionamento incluírán as normas de convivencia que garantan o cumprimento do plan de convivencia. Estas normas serán públicas e os centros docentes facilitarán o seu coñecemento por parte de todos os membros da comunidade educativa.
- Recollerán a organización dos espazos e dos tempos, e a distribución dos recursos, para favorecer unha convivencia positiva no centro educativo.
- Establecerán os procedementos de comunicación ás familias das faltas de asistencia do alumnado ás clases e as correspondentes autorizacións ou xustificacións para os casos de ausencia cando estes ou estas sexan menores de idade non emancipados/as.

| MEDIDAS | DESTINATARIOS | ACTIVIDADES | RECURSOS | PROCEDEMENTOS |
|---|---|---|---|---|
| **ACOLLIDA COS CENTROS ADSCRITOS** | ✓ CEIP Otero Pedrayo de A Laracha<br>✓ CEIP Alfredo Brañas de Paiosaco<br>✓ CEIP de Caión | ✓ Charlas informativas<br>✓ Reunións<br>✓ Xornadas portas abertas | ✓ Dirección<br>✓ Orientación<br>✓ Titores/as<br>✓ PT | ✓ Recollida de información por parte do departamento de Orientación para a atención á diversidade<br>✓ Charlas informativas pola dirección nos centros<br>✓ Xornadas de portas abertas<br>✓ Reunión cos pais/nais |
| **ACOLLIDA CON CENTROS NON ADSCRITOS** | Do entorno, de educación primaria, da ESO, de bacharelato | ✓ Reunión equipo docente e departamento de Orientación<br>✓ Xornadas portas abertas<br>✓ Recepción do alumnado ao principio de curso | ✓ Dirección<br>✓ Orientación<br>✓ Titores/as<br>✓ PT | ✓ Charlas informativas pola dirección nos centros<br>✓ Xornadas de portas abertas |
| **FORMACIÓN DE GRUPOS** | TODOS | ✓ Reunión do profesorado coa dirección do centro<br>✓ Establecer criterios de formación de | ✓ Dirección<br>✓ Departamento de Orientación<br>✓ Titores/as | ✓ Ao comenzo do curso, con alumnado repetidor, de NEE, outros<br>✓ Durante o curso con alumado de incorporación tardía |

| MEDIDAS | DESTINATARIOS | ACTIVIDADES | RECURSOS | PROCEDEMENTOS |
|---|---|---|---|---|
| | | grupos segundo as necesidades | | |
| **DOCENCIA E TITORÍA** | ESO e Bacharelato | ✓ Reunión co profesorado<br>✓ Establecer criterios de asignacións segundo as características do alumnado. | ✓ Dirección<br>✓ Departamento de Orientación<br>✓ Profesorado | Ao comenzo do curso |
| **ATENCIÓN Á DIVERSIDADE** | ESO e Bacharelato | ✓ Dossier informativo<br>✓ Reunións | ✓ Dirección<br>✓ Orientación<br>✓ Profesorado | ✓ Ao comenzo do curso<br>✓ Durante todo o curso segundo vaian xurdindo as necesidades, con reunións e xuntas de avaliación. |
| **AULA DE CONVIVENCIA** | ESO e Bacharelato | ✓ Dossier informativo<br>✓ Rexistro de incidencias<br>✓ Recursos para a aula<br>✓ Profesorado de garda | Dirección<br>Departamento de Orientación<br>Profesorado | ✓ Durante todo o curso se rexistrarán os casos que precisen ser atendidos nesta aula.<br>✓ Levar tarefa ou preparar para os períodos nesta aula<br>✓ Traballar a resolución dos conflitos de xeito concreto segundo as necesidades<br>✓ Facer un seguimento |
| **EDUCACIÓN VIRTUAL** | Todas as etapas | Adaptación das actividades ao contexto dixital | Todo o profesorado | ✓ Web do centro<br>✓ Abalar móbil<br>✓ Aula Virtual<br>✓ Outros |

### 4.2.3. Curriculares

A coordinación das actuacións docentes centrarase nas programacións e desenvolvemento do currículo, tendo en conta a normativa vixente; as estratexias metodolóxicas; a avaliación do progreso do alumnado e da práctica docente; e as actividades complementarias e extraescolares.

Neste caso, farase fincapé na potenciación da aprendizaxe por competencias integradas nos elementos curriculares. Unha competencia contribúe á adquisición de habilidades prácticas, coñecementos, motivación,

valores éticos, actitudes, emocións e outros compoñentes de tipo social e de comportamento.

A aprendizaxe baseada en competencias claves caracterízase pola transversalización de contidos favorecendo unha visión interdisciplinar dos mesmos. Das competencias claves do currículo centrarémonos sobre todo nas **competencias socias e cívicas**, e nas **competencias de aprender a aprender**. Os elementos transversais a traballar nas distintas materias relacionados coa convivencia son:

- O desenvolvemento da igualdade efectiva entre homes e mulleres.
- A prevención da violencia de xénero ou contra persoas con discapacidades.
- Os valores inherentes ao principio de igualdade e non discriminación de calquera condición ou circunstancia persoal ou social.
- A aprendizaxe da prevención e resolución pacífica dos conflitos en todos os ámbitos da vida.
- A educación en valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, os dereitos humanos, o respecto, o rexeitamento de todo tipo de violencia, entre outros.
- A educación para a convivencia, ademais do indicado, abarcará outros ámbitos como a educación ambiental, a educación sexual, a educación vial, o uso adecuado das tecnoloxías da información e da comunicación.
- A adaptación das programacións ás distintas necesidades relacionadas coas alertas sanitarias (urxencias sanitarias, atención domiciliaria, risco suicida...)

As medidas curriculares deben establecerse nas distintas programacións didácticas tomando como referencia o noso proxecto educativo e as concrecións anuais das programacións xerais anuais.

| MEDIDAS | DESTINATARIOS | ACTIVIDADES | RECURSOS | PROCEDEMENTOS |
|---|---|---|---|---|
| **EDUCACIÓN PARA A CIDADANÍA** | ESO | ✓ Dereitos e deberes fundamentais<br>✓ Prevención de todo tipo de violencia<br>✓ Non discriminación<br>✓ Atención á diversidade | Profesor/a | ✓ Dinámicas grupais<br>✓ Documentais e videofórum<br>✓ Debates |
| **CIENCIAS SOCIAIS, XEOGRAFÍA E HISTORIA** | ESO<br>BACHARELATO | ✓ Dereitos e deberes fundamentais<br>✓ Prevención de todo tipo de violencia<br>✓ Non ás guerras e resolución pacífica de conflitos<br>✓ Non discriminación<br>✓ Atención á diversidade | Profesor/a | ✓ Dinámicas grupais<br>✓ Documentais e videofórum<br>✓ Debates |
| **EDUCACIÓN FÍSICA** | ESO<br>BACHARELATO | ✓ Respecto das normas e disciplina no deporte<br>✓ Cooperación frente a competición | Profesor/a | Normas de convivencia no deporte<br>O deporte non só na clase, disciplina a outros contextos<br>O deporte como actividade de ocio no centro |
| **RESTO DAS MATERIAS** | ESO<br>BACHARELATO | Normas básica de convivencia nas clases | Titor/a<br>Profesor/a | ✓ Mural informativo<br>✓ Normas de clase dende a titoría<br>✓ Normas en todas as clases |
| **EDUCACIÓN VIRTUAL** | ESO<br>BACHARELATO | Adaptación das actividades ao contexto dixital cando sexa necesario | Todo o profesorado | ✓ Web do centro<br>✓ Abalar móbil<br>✓ Aula Virtual<br>✓ Outros |

### 4.2.4. De coordinación

O artigo 9 do Decreto 8/2015 fai referencia aos órganos *de coordinación docente.* Estes órganos, no seu ámbito competencial, serán responsables de incorporar nas súas actuacións as medidas e os acordos adoptados, de conformidade co que estableza o plan de convivencia e as normas de convivencia do centro. En todo caso, serán recollidos pola Comisión de Coordinación Pedagóxica e polo resto dos órganos de coordinación docente para incluílos nos documentos institucionais do centro, concretamente nas

concrecións curriculares de etapa, para asegurar a coherencia destes co proxecto educativo e a programación xeral anual.

O **claustro do profesorado** colaborará na posta en marcha do plan de convivencia, tendo á súa disposición toda a información relativa á implementación do plan de convivencia, co apoio do equipo directivo e o asesoramento do departamento de Orientación.

A **comisión de convivencia** constituirase no seo do consello escolar. Terá carácter consultivo e desempeñará as súas funcións por delegación do consello escolar, para facilitar o cumprimento das competencias que este ten asignadas en materia de convivencia escolar e velará pola correcta aplicación do disposto neste decreto, no plan de convivencia e nas normas de convivencia da cada centro.

A **aula de convivencia** será o lugar de referencia para establecer medidas de coordinación específicas para a resolución pacífica de conflitos. A aula terá en conta os seguintes aspectos:

- os criterios pedagóxicos para a correcta atención do alumnado neste espazo;
- haberá profesorado de garda en todos os períodos lectivos;
- deixarase rexistrado o alumnado obxecto de intervención neste lugar e coa indicación do tipo de tarefas a realizar;
- comunicarase á dirección do centro, aos titores e ás familias este tipo de intervencións.

| MEDIDAS | DESTINATARIOS | ACTIVIDADES | RECURSOS | PROCEDEMENTOS |
|---|---|---|---|---|
| **TRABALLO EN EQUIPO DO PROFESORADO** | Todo o profesorado | ✓ CCP<br>✓ Claustro<br>✓ Reunións Departamentos<br>✓ Reunión titores<br>✓ Xuntas de avaliación<br>✓ Reunións para necesidades concretas | ✓ Dirección<br>✓ Profesorado<br>✓ Notificación por escrito na sala de profesorado ou dixital aos correos<br>✓ Preparación de dossiers informativo, materiais | ✓ Convocatoria de reunión vía correo<br>✓ Preparación das reunións<br>✓ Debate e toma de decisións<br>✓ Levantar acta dos acordos<br>✓ Facer seguimento |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | | | específicos | |
| **COMISIÓN DE CONVIVENCIA** | Membros da comisión | ✓ Reunións de coordinación trimestreais<br>✓ Reunións segundo as necesidades do centro durante todo o curso | ✓ Dirección<br>✓ Membros da comisión, representando ao consello escolar | ✓ Convocatorias de reunión<br>✓ Preparación das reunións<br>✓ Debate e toma de decisións<br>✓ Levantar acta dos acordos<br>✓ Facer seguimento |
| **COLABORACIÓN COAS FAMILIAS** | Todas as familias sobre todo da ESO | ✓ Reunións<br>✓ Comunicacións<br>✓ Notificacións<br>✓ Formación | ✓ Dirección<br>✓ Titores/as<br>✓ Departamento de Orientación<br>✓ Equipos docentes | ✓ Ao comenzar o curso, presentación<br>✓ Horas de atención a pais/nais<br>✓ Durante todo o curso notificación e comunicación |
| **AXENTES DO ENTORNO** | Sobre todo para a ESO | ✓ Reunións<br>✓ Intercambio de información | ✓ Todos<br>✓ Servizos sociais<br>✓ Servizos de saúde<br>✓ Servizos de seguridade<br>✓ Asociacións sen ánimo de lucro | ✓ Coordinación e organización de actividades específicas durante todo o curso<br>✓ Tratamento de casos individuais durante todo o curso |

## 4.3. Programa específico de actuación na aula de convivencia

Na Circular 8/2009 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se regulan algunhas medidas de atención á diversidade para o alumnado da educación secundaria obrigatoria, no punto 2 fai referencia ás **aulas de atención educativa e convivencia**.

O plan da actuación na aula de convivencia do noso centro, como espazo de reflexión onde o alumno/a que teña dificultades de comportamento

teña un espazo e tempo para traballar non só contidos das materias dos que sexa suspendido temporalmente, senón tamén sobre como adquirir estratexias para resolver conflitos, mediante a descrición dos feitos para a súa análise, negociacións, mediacións, contratos de bo comportamento, segundo os casos.

O Decreto 8/2015 no artigo 25 regula todo o relativo ás ***aulas de convivencia inclusiva***, indicando que:

A consellería con competencias en materia de educación regula o réxime de funcionamento das aulas de convivencia inclusiva previstas no artigo 19.3 da Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa, cuxa vocación é **substituír o tempo de expulsión do alumnado** que estivese temporalmente privado do seu dereito de asistencia ao centro, **como consecuencia da imposición de medidas correctoras**, buscando a reincorporación á súa propia aula no menor tempo posible, na forma que se recolle no artigo 8.4.d. deste decreto.

Na aula de convivencia incluiranse os seguintes aspectos:

- **Criterios e condicións para a atención do alumnado** na aula de convivencia inclusiva e actuacións que se desenvolverán nesta, segundo os criterios pedagóxicos que para tales efectos poida establecer a Comisión de Coordinación Pedagóxica.
- Profesorado que atenderá educativamente a aula de convivencia inclusiva, dentro do seu horario regular de obrigada permanencia no centro, que poderá ser **profesorado de garda**. Para a atención da aula de convivencia poderase contar coa colaboración do departamento de Orientación. En todo caso, correspóndelle ao profesorado encargado da aula de convivencia inclusiva supervisar as medidas e actuacións propostas para o alumnado.
- Programación das actuacións do departamento de Orientación do centro encamiñadas a favorecer **un proceso de reflexión** por parte do alumnado atendido na aula de convivencia inclusiva, que favorezan actitudes responsables e condutas positivas para a convivencia.
- **Horario, localización, instalacións e material didáctico** con que conta a aula de convivencia inclusiva para o seu funcionamento.

A dirección do centro será o órgano competente para ditar a resolución pola que se acorda que un alumno ou alumna sexa atendido ou atendida na aula de convivencia inclusiva, garantindo, en todo caso, o trámite de audiencia aos pais, nais, titores ou titoras, se fose menor de idade non emancipado/a.

**Actuacións concretas e recursos:**

- A aula está ubicada no andar baixo ao lado do departamento de orientación, no centro do corredor.
- Haberá unha ficha de rexistro do alumnado coas medidas a seguir

ANEXO I: Ficha de rexistro do alumnado coas medidas a seguir na aula

- Haberá unha ficha de reflexión para traballar co alumnado ou realizará as tarefas escolares que se lle encomende o profesorado que precisa o servizo desta aula

ANEXO II: Ficha de reflexión para traballar có alumnado na aula

## 4.4. Programa específico de habilidades sociais e resolución de conflitos

A Lei 4/2011 establece que as medidas correctoras das condutas contrarias á convivencia apenas se modifican con respecto ao elenco actual, xa que a experiencia da súa aplicación práctica demostra que esa configuración é esencialmente acertada e operativa.

Inclúe tres novidades neste terreo:

- A previsión, como complemento das devanditas medidas, da elaboración e do **desenvolvemento polo departamento de Orientación** de cada centro docente **de programas de habilidades sociais** dirixidos ao alumnado que incorra reiteradamente en condutas disruptivas, coa finalidade de mellorar a súa integración no centro docente, e tamén a aquel alumnado que, como consecuencia da imposición das medidas correctoras previstas, se vexa temporalmente privado do seu dereito de asistencia ao centro.

- ⇨ O establecemento de criterios específicos de graduación das medidas, que inclúen o recoñecemento espontáneo do carácter incorrecto da conduta e, se é o caso, o cumprimento igualmente espontáneo da obriga de reparar os danos producidos, a existencia de intencionalidade ou reiteración, a difusión por calquera medio da conduta, a natureza dos prexuízos causados e o carácter especialmente vulnerable da vítima da conduta, se esta se trata dun alumno ou alumna, por razón da súa idade, de recente incorporación ao centro ou calquera outra circunstancia.
- ⇨ Para rematar, fíxanse prazos de prescrición claros que superan a regra actual de que as medidas correctoras prescriben á finalización do curso escolar.

No artigo 19 desta lei que concreta o relativo aos programas e actuacións complementarias ás medidas correctoras faise referencia a que:

- Como complemento das medidas correctoras previstas nesta sección, **o departamento de Orientación** de cada centro docente elaborará e desenvolverá un **programa de habilidades sociais** dirixido ao alumnado que incorra reiteradamente en condutas disruptivas, coa finalidade de mellorar a súa integración no centro docente. Así mesmo, elaborará e desenvolverá un **programa de habilidades sociais** para aquel alumnado que, como consecuencia da imposición das medidas correctoras previstas nesta sección, se vexa temporalmente privado do seu dereito de asistencia ao centro.
- Estes programas aplicaranse **en colaboración co profesorado titor** e, de ser o caso, **cos servizos sociais** mediante a colaboración de asociacións para o desenvolvemento de programas de habilidades sociais, resolución de conflitos, xestións das emocións, entre outros, e procurarán implicar o **resto do profesorado e as familias** para lograr, conxuntamente, o desenvolvemento adecuado do proceso educativo e das accións propostas.
- **Crearanse as aulas de convivencia inclusiva**, non estables e con vocación de substituír o tempo de expulsión, con apoios e formación

específica, que busquen reincorporar o alumnado á súa propia aula no menor tempo posible.

Na mesma liña, o Decreto 8/2015 tamén establece no artigo 24 as medidas complementarias para a mellora da convivencia. Entre estas medidas fai referencia a que o departamento de Orientación elaborará e desenvolverá un programa que contribúa á adquisición de habilidades e competencias sociais dirixido ao alumnado que incorra reiteradamente en condutas disruptivas, coa finalidade de mellorar a súa integración no centro docente.

Así mesmo, elaborarase e desenvolverase un programa que contribúa á adquisición de habilidades e competencias sociais específico para aquel alumnado que, como consecuencia da imposición das medidas correctoras, estea temporalmente privado do seu dereito de asistencia ao centro. Este programa aplicarase coordinadamente e implicará a: o departamento de Orientación, o profesorado titor, o resto do profesorado, as familias e os servizos sociais (cando se considere necesario).

Poderán desenvolverse, ademais, outros programas específicos que supoñan a incorporación de aspectos relacionados con: o autoconcepto e a autoestima, a xestión pacífica de conflitos, a dinámica de grupos, o traballo cooperativo, a educación afectivo-sexual e a igualdade entre homes e mulleres.

Para o desenvolvemento deste programas poderase contar coa intervención de axentes socioeducativos externos especializados.

Respecto a esta programación, tendo en conta o marco teórico e normativo vixente, establécense propostas que poderán ir variando segundo as necesidades que se vaian presentando e, atendendo a estas, ofrecerase a respostas máis axeitada.

## ANEXO III. Programa específico de habilidades sociais e resolución de conflitos

## 4.5. Programa específico de escola de pais e nais en materia de convivencia

O artigo 27 do Decreto 8/2015 fai referencia á e*scola de nais e pais.* Neste caso sinala os seguintes aspectos:

1. Cando así se determine no plan de convivencia de cada centro e cos requisitos que se establezan naquel documento, poderán crearse as escolas de nais e pais para **propor iniciativas co obxecto de previr e resolver conflitos de convivencia, mellorar a convivencia e fomentar o respecto mutuo e a tolerancia no centro educativo**. As referidas propostas serán elevadas ao **consello escolar** de cada centro e serán recollidas na memoria anual da comisión de convivencia.

2. As nais e pais ou titoras e titores asumirán, entre outros, os seguintes compromisos referidos á convivencia nos centros educativos:

- Contribuír ao crecemento persoal dos seus fillos ou das súas fillas a través do diálogo e da educación en valores, e desenvolver unhas adecuadas normas de convivencia no contorno familiar.
- Desenvolver a súa potencialidade como educadores e educadoras dos seus fillos ou das súas fillas.
- Recoñecer o seu papel como axentes educativos, xunto co profesorado, actuando como portadores e portadoras de aspectos significativos para o desenvolvemento integral dos seus fillos ou fillas.
- Mellorar as condicións afectivas, sociais e escolares que faciliten a aprendizaxe aos seus fillos ou ás súas fillas e un desenvolvemento harmónico da súa personalidade.

## 5. PROTOCOLOS DE ACTUACIÓN ESPECÍFICOS

### 5.1. Protocolo de prevención, detección e tratamento do acoso escolar e ciberacoso

| | PROTOCOLO DE PREVENCIÓN, DETECCIÓN E TRATAMENTO DO ACOSO ESCOLAR E O CIBER ACOSO |
|---|---|
| Por que se utiliza?<br>Para que se utiliza? | ⇒ Para previr, deter e tratar calquer tipo de situación de acoso escolar e ciberacoso que se pode presentar no contexto escolar.<br>⇒ As situacións de acoso escolar e ciberacoso deben ser tratadas atendendo ao plano lexislativo lei 4/11 e de acordó cos criterios admitidos pola comunidade pedagóxica que inclúe a problemática derivada do mal ou inadecuado uso das novas tecnoloxías e recollen os principios de protección integral deas víctimas. |
| Obxectivos<br>Que queremos conseguir? | Realizar campañas de sensibilización contra o acoso escolar, dirixidas a toda a comunidade educativa, que axuden a previlo e a prepararse para detectalo e reaccionar e intervir fronte a este.<br>Implicar á toda a comunidade educativa na labor de detección e intervención do acoso escolar e ciberacoso.<br>Esteblecer canles que faciliten ás vítimas a exteriorización das situacións de acoso escolar.<br>Determinar medidas a adoptar en caso de detección dunha situación de acoso escolar para pórlle fin, sen prexuízo das correccións disciplinarias que correspondan. |
| Destinatarios<br>A quen vai dirixido? | Todo o alumnado do centro |
| Responsables<br>Quen o desenvolve? | ⇒ Equipo directivo<br>⇒ Profesorado<br>⇒ Axentes externos |
| Tempo<br>Cando se desenvolve? | Todo o curso escolar |
| Lugar<br>Onde se desenvolve? | No centro educativo |

| | |
|---|---|
| Procedemento<br>Como se desenvolve? | No procedemento de actuación é **importante diferenciar o acoso escolar doutras situacións disruptivas puntuais**, que presentan a miúdo unha abordaxe diferente, aínda que requiren tamén dunha resposta efectiva.<br>En todo caso, preverase a designación, pola **persoa titular da dirección** do centro, dunha persoa responsable da atención á vítima de entre o persoal do propio centro docente. Esta designación procurarase que, cando sexa posible, recaia sobre unha persoa con que a vítima garde unha relación de confianza ou proximidade. |
| Recursos<br>Qué necesitamos | ⇒ Dirección do centro<br>⇒ Profesorado do centro<br>⇒ Axentes externos |
| Familia<br>Como participa a familia? | As familias implicadas na situación de acoso escolar (de supostas vítimas e/ou acosadoras)<br>⇒ Colaboración formal na resolución dos conflitos.<br>⇒ Participación activa cos fillos/as en educación emocional e empatía. |
| Fonte | VVAA (2018). ***Protocolo educativo para a prevención, detección e tratamento do acoso escolar e ciberacoso***. Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional |
| ANEXOS IV | ⇒ Pocedementos de actuacións ante situacións de acoso escolar<br>⇒ Plan director para a convivencia nos centros: acoso escolar e ciberacoso<br>⇒ Documentos específicos para o protocolo de acoso escolar. |

## 5.2. Protocolo de urxencias sanitarias e enfermidade crónica (adenda de diabete), e atención educativa domiciliaria

| | **PROTOCOLO DE ATENCIÓN EN URXENCIAS SANITARIAS E ATENCIÓN EDUCATIVA AO ALUMNADO CON ENFERMIDADE CRÓNICA** |
|---|---|
| Por qué se utiliza?<br><br>Para qué se utiliza? | **A atención educativa hospitalaria**. Nas aulas hospitalarias son atendidos nenos e nenas que padecen diversos procesos que afectan á saúde e polos que deben permanecer ingresados nun hospital. Desta forma, poden continuar co proceso educativo con normalidade, dentro da incidencia que supón estar fóra do seu ambiente familiar, escolar e social.<br><br>**A atención educativa domiciliaria (presencial/virtual).** O alumnado que deba permanecer convalecente no domicilio por un período de tempo superior a un mes será destinatario de atención educativa domiciliaria. Igualmente, será obxecto desta atención o alumnado que padeza algunha enfermidade crónica que sexa a causa de faltas de asistencia ao centro de seis ou máis días continuados ao mes dentro dun período mínimo de seis meses.<br><br>**A alerta escolar.** É un conxunto organizado de accións administrativas, informativas e operativas que pretende achegar unha atención sanitaria inmediata e eficaz a todas as nenas e nenos escolarizados entre os 0 e os 16 anos, que padecen patoloxías crónicas susceptibles de descompensación con compromiso vital: ▸ Crises alérxicas (anafilaxia) por exposición a alérxenos, normalmente alimentarios. ▸ Crises comiciais (epilepsia en todas as súas formas). ▸ Crises diabéticas (en xeral, por hipoglicemia).<br><br>**Os primeiros auxilios no contexto escolar.** Os plans de urxencia dos centros inclúen na súa redacción orientacións acerca das actuacións precisas nos primeiros auxilios (PPAA) e urxencias. Non obstante, co obxecto de facilitar unha atención inmediata e coordinada, de unificar criterios cos servizos de saúde pública e protección civil, e de fomentar a cultura de autoprotección en todos os sectores da comunidade educativa, cómpre establecer as pautas básicas de actuación.<br><br>**Atencion a alumnado con diabetes**. Todo o alumnado con DM que desexe adherirse a este protocolo estará necesariamente dado de alta no programa **Alerta Escolar** para, en caso de ser necesario, garantir a resposta inmediata, efectiva e coordinada dos servizos de urxencia. |

| | |
|---|---|
| Obxectivos<br><br>Qué queremos conseguir | Atender a diversidade do alumnado e axustar a resposta educativa ás necesidades específicas de apoio educativo.<br><br>Promover a integración plena da nena/neno en actividades sociais tendo en conta plans de atención a posibles emerxencias.<br><br>Establecer mecanismos de colaboración e coordinación entre os distintos axentes .<br><br>Axudar aos proxenitores e/ou representantes legáis na correcta atención dos seus fillos e fillas. |
| Destinatarios<br><br>A quen vai dirixido? | Alumnado ESO e Bacharelato<br><br>Na atención educativa domiciliaria preferente para<br><br>Alumnado da ESO |
| Responsables<br><br>Quen o desenvolve? | ⇒ Todo o profesorado<br>⇒ Toda a comunidade educativa |
| Cando se desenvolve? | Ao comezo de cada curso<br><br>Cando xurda a necesidade |
| Onde se desenvolve? | No centro educativo<br><br>No domicilio<br><br>No hospital |
| Procedemento<br><br>Cómo se desenvolve | **Atención educativa integrada**<br><br>Accións orientadas á inclusión, normalización e aceptación da enfermidade crónica (EC) na comunidade educativa, seguindo unha serie de medidas.<br><br>1° **A familia** facilitará a información relevante con informes médicos e que asine as autorizacións, e se proceda á inscrición (de ser o caso) no **programa Alerta Escolar**.<br><br>2° Convocarase **unha reunión plenaria obligatoria**, co profesorado, o persoal non docente e o do comedor escolar. Abordaranse as peculiaridades da EC e trasladaránse aos profesionais do centro a información pertinente para a atención á alumno/a en caso de urxencia e poderase contar coa colaboración de asociacións de persoas afectadas coa EC.<br><br>3° O centro poderá contactar co **servizo de saúde** para recibir asesoramento.<br><br>O obxectivo é poñer en coñecemento da comunidade educativa as características da EC, as necesidades que poden presentarse e os |

| | |
|---|---|
| | labores que realizará o profesorado, coa seguridade e facilidade dos procedementos e o apoio xurídico e administrativo das actuacións.<br><br>A **persoa titora** do alumno/a será a encargada explicar ao resto do grupo-clase a situación do seu compañeiro/a, Poderá contar coa axuda do DO e do profesional sanitario.<br><br>**Apoio escolar ao alumnado con EC**<br><br>1° Sesión de **formación inicial,** sempre que os pais cubran as preceptivas autorizacións, a persoa que exerza a dirección do centro, oído, de ser o caso, o **consello escolar**, nomeará, de todos os profesores que manifesten no **claustro** a súa vontade de participar no apoio ao alumnado con EC, cun equipo de profesoras/as para coordinación; sempre e cando este equipo non estuviese funcionando xa con anterioridade.<br><br>Formado o equipo, poderá recibir **formación específica por parte do profesional sanitario,** ou o asesoramento da familia, ou da Escola Galega de Saúde.<br><br>**Atención en situacións de urxencia**<br><br>Calquera persoa atenderá as urxencias que poidan xurdir. Cando existan dúbidas sobre a gravidade e estime o equipo de apoio á EC ou cando a situación de urxencia o estime contactarase co 061 activando a resposta de Alerta Escolar.<br><br>**Plan de atención individualizado**<br><br>O alumnado con EC que precise apoio educativo no centro, contará cun plan integrado por: ficha con fotografía, protocolo de urxencias e teléfonos de referencia, visible á disposición de toda a comunidade educativa; autorizacións da familia; alta en Alerta Escolar (se procede); informe médico e pautas custodiadas para salvagarda da intimidade. |
| Como participa a familia? | ⇒ Solicitude e conformidade da medida |
| Recursos<br><br>Qué necesitamos? | ⇒ Profesorado do centro<br>⇒ Profesional de apoio<br>⇒ Toda a comunidade educativa |
| Fonte | AAVV (2018). **Protocolo de atención en urxencias sanitarias e atención educativa ao alumnado con enfermidade crónica** Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional<br><br>AAVV (2018). **Protocolo de urxencias sanitarias e enfermidade crónica no ámbito educativo. addenda de atención ao alumnado con diabetes** Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional. |
| ANEXOS V | Documentos específicos para cada protocolo de urxencia sanitaria. |

## 5.3. Protocolo de protección de datos

| | **PROTOCOLO DE PROTECCIÓN DE DATOS** |
|---|---|
| Por qué se utiliza?<br><br>Para qué se utiliza? | Protocolo que recompila e aclara as cuestións normativas máis relevantes ao respecto da Protección de Datos de carácter persoal.<br><br>Trátase dun documento vivo porque irá incorporando os diferentes cambios normativos europeos, estatais e autonómicos, así como os diferentes e progresivos ditames da Axencia Española de Protección de Datos, a medida que xurdan.<br><br><u>Datos de carácter persoal no ámbito educativo</u>:<br><br>►Datos especialmente protexidos: ideoloxía, afiliación sindical, relixión e crenzas; orixe racial, á saúde e á vida sexual; infraccións penais ou administrativas. Saúde do alumnado (intolerancias alimenticias, alerxias, problemas de saúde, datos psicolóxicos contidos no informe psicopedagóxico; grao de minusvalía do alumnado ou dalgún dos proxenitores…<br><br>►Ficheiros de datos de carácter persoal de titularidade da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.<br><br><u>Principios da protección de datos</u>:<br><br>►Principio de información, de consentimento, de calidade dos datos, da política de seguridade da información (confidencialidade, integridade, autenticidade, prevención, concienciación e formación)<br><br><u>Dereitos en relación coa protección de datos</u>:<br><br>►de acceso, de rectificación, de cancelación, de oposición (ante o responsable do fichero, na maior brevidade posible -3 días-, por calquera medio debidamente identificado). |
| Obxectivos<br><br>Qué queremos conseguir | Concienciar da necesidade de autoprotección dos propios datos.<br><br>Facilitar a xestión dos datos persoais.<br><br>Facilitar pautas concretas e claras no tratamento de datos persoais, |
| A quen vai dirixido? | Alumnado ESO e Bacharelato.<br><br>Familias.<br><br>Persoal docente e non docente.<br><br>Axentes externos. |
| Quen o desenvolve? | ⇒ Todo o persoal do centro |
| Cando se desenvolve? | En calquera momento. |

| | |
|---|---|
| Onde se desenvolve? | No centro educativo |
| Procedemento<br><br>Cómo se desenvolve | ⇒ **Xestión dos datos persoais nos centros dependentes da consellería** con competencias en materia de educación:<br>❖ Cesión de datos: consentimento das persoas afectadas; comunicación a outras administracións públicas ou institucións; Contratos con terceiros.<br>❖ Consideracións particulares sobre o tratamento de imaxes: No uso de imaxes en páxinas web ou blogues dos centros deberá contar co consentimento expreso do afectado (proxenitores, titores legais en menores de 14 años, en maiores de 14 por si mesmos); Uso de cámaras de videovixilancia (non se conta).<br>❖ Consideracións particulares sobre os proxenitores non unidos legalmente por vínculo matrimonial ou análogo (patria potestade e garda e custodia): Os proxenitores que ostenten a patria potestade teñen dereito a estar informados do proceso de aprendizaxe dos seus fillos. O proxenitor que non ostente a garda e custodia deberá solicitar esta información por escrito ao centro. Os proxenitores deberán comunicar ao centro educativo calquera modificación das medidas xudiciais que afecten á patria potestade ou á custodia dos menores, coa maior brevidade posible. Os proxenitores poden autorizar a que calquera persoa, xa sexa un familiar ou a nova parella dalgún dos proxenitores teña acceso á información sobre o menor.<br><br>⇒ **Xestión dos datos informatizados** nos sistemas da Consellería e Amtega, de documentos de Xade deben ser custodiados e almacenados de xeito adecuado.<br><br>⇒ **Datos do persoal docente e non docente dos centros**: mesmos principios e dereitos en protección de datos.<br><br>⇒ **Deber desixilo e confidencialidade**: deber de sixilo dos empregados públicos; Deber de sixilo doutras persoas que poidan ter acceso aos datos; Deber de sixilo de familias e alumnado.<br><br>⇒ **Consideracións con respecto ás ANPAS**: son independentes dos propios centros educativos, teñen autonomía e organizan as súas propias actividades; en actividades extraescolares que se leve a cabo por unha ANPA, será unha situación similar a unha contratación dun servizo cunha empresa que require o tratamento de datos de carácter persoal.<br><br>⇒ **Procedementos de tratamento de datos**: cuestións que afectan á garda e custodia de documentación que conteña datos de carácter persoal estarán particularizadas nas normas de organización e funcionamento dos centros, incluídos os procedementos, fluxos de documentación, temporizacións e responsables; haberá consideracións particulares respecto do profesorado e titorías, equipos directivos, departamento de orientación, alumnado e familias. |
| Como participa a familia? | ⇒ Conformidade das familias respecto a información sobre datos persoais e familiares.<br><br>⇒ Conformidade no uso da imagen con fins educativos.<br><br>⇒ Protección ante a identidade dixital. |

| | |
|---|---|
| Qué necesitamos? | ⇒ Profesorado do centro<br>⇒ Profesional de apoio |
| Fonte | **AAVV (2016) protocolo protección de datos.** Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria. |
| ANEXOS VI | ⇒ Circular informativa sobre protección de datos |

## 5.4. Protocolo para garantir a igualdade, a non discriminación e a liberdade de Identidade de xénero

| | **PROTOCOLO EDUCATIVO PARA GARANTIR A IGUALDADE, A NON DISCRIMINACIÓN E A LIBERDADE DE IDENTIDADE DE XÉNERO** |
|---|---|
| Por qué se utiliza?<br><br>Para qué se utiliza? | Co obxectivo de garantir a igualdade de trato e combater a discriminación por razóns de diversidade afectivo-sexual e identidade sexual, publícase a Lei 2/2014, que inclúe a mención expresa á eliminación de calquera indicio de discriminación que poidamos apreciar no sistema educativo, entre outras, por razóns de identidade de xénero.<br><br>Toda persoa é clasificada no momento do nacemento como home ou muller o cal, nas persoas transexuais, xera un conflito ao estar clasificadas dentro dun sexo que non perciben como propio.<br><br>Esta condición coa que se nace, que pode manifestarse a partir dos dous anos e medio, pola que o sexo sentido ou psicolóxico, que é o que realmente determina a identidade, non coincide co fisiolóxico ou aparente.<br><br>A educación afectivo-sexual, nomeadamente no relativo á identidade sexual, así como a diversidade sexual, son disciplinas necesarias no ámbito educativo, polo cal é imprescindible proporcionar información e formación a toda a comunidade educativa, e favorecer entre o alumnado a aprendizaxe e a práctica de valores baseados no respecto ás diferenzas e na tolerancia á sexualidade, co fin de evitar situacións incómodas, humillantes e incluso acoso ou transfobia cara ao alumnado transexual.<br><br>O centro deberá establecer no plan de convivencia as medidas particulares que sexan necesarias para garantir o libre exercicio da identidade sexual de todos os membros da comunidade educativa. |
| Obxectivos<br><br>Qué queremos conseguir | Garantir a igualdade de trato e combater a discriminación por razóns de diversidade afectivo-sexual e identidade sexual.<br><br>Facilitar unha resposta unánime que garanta o dereito á identidade de xénero.<br><br>Educar no respecto á diversidade afectivo-sexual forma parte inherente da formación integral do alumnado. |
| A quen vai dirixido? | Alumnado<br><br>Toda a comunidade educativa |
| Quen o desenvolve? | ⇒ Todo o profesorado<br><br>⇒ Toda a comunidade educativa |
| Cando se desenvolve? | Ao comezo de cada curso<br><br>Cando xurda a necesidade |

| Onde se desenvolve? | No centro educativo<br><br>Con axentes externos |
|---|---|
| Procedemento<br><br>Cómo se desenvolve | 1. **<u>Comunicación aos centros</u>**<br><br>Comunicación **escrita** ao centro educativo polos proxenitores e/ou titores/as legais.<br><br>Presentación da **documentación civil** que o xustifique.<br><br>► O equipo directivo trasladará a información ao DO para activar recursos en materia de orientación e apoio, coa elaboración dun proceso de acompañamento.<br><br>► Os servizos de saúde poderá remitir ao centro información e orientacións que estime oportunas en materia de saúde biopsicosocial. E poderá iniciar, sempre de acordo coa familia, procesos de coordinación.<br><br>2. **<u>Os departamentos de orientación</u>**<br><br>► O DO facilitará nun primeiro momento orientacións sobre: a **comunicación** da situación á dirección do centro (sempre por escrito), para activar as medidas necesarias; os **recursos** sociais e sanitarios no caso de que a familia ou a persoa interesada precisen apoio ou axuda.<br><br>► Realizará de ser necesario, co consentimento da familia, o proceso de **avaliación psicopedagóxica** que recollerá as orientacións necesarias para a atención deste alumnado.<br><br>3. **<u>Medidas de atención ás necesidades do/a menor</u>**<br><br>Establecidas estas medidas a nivel de centro e DO, daráselles traslado do seguinte xeito:<br><br>⇒ A **persoa titora** trasladará ao equipo docente aquelas cuestións de relevancia para o exercicio das súas funcións.<br><br>⇒ En **reunión de claustro** comunicaranse a este todas aquelas medidas que afecten o total de docentes do centro.<br><br>⇒ A **secretaría do centro**, por delegación da dirección, trasladará a información estritamente necesaria ao persoal non docente.<br><br>4. **<u>Recomendacións educativas e organizativas</u>**<br><br>► Non se realizarán no centro actuacións diferenciadas por sexo e, de ser necesario, terase sempre en conta a identidade de xénero manifestada e coa que o alumno/a se sente identificado.<br><br>► Dirixirase ao alumnado polo **nome** que se acorde na coordinación entre a dirección, a titoría, o DO e o/a alumno/a (ou representantes legais). Utilizarase este nome na documentación non regulamentada legalmente e as comunicacións formais e informais que non teñan efectos administrativos ou xurídicos, en tanto non se proceda á modificación dos datos rexistrais e se acredite o dito cambio de xeito inequívoco.<br><br>► Facilitaráselle o acceso aos vestiarios e aseos do xénero co que se sente identificado . |

| | |
|---|---|
| | ► Garantirase o seu **dereito a elixir a propia imaxe**, tanto no vestir como en calquera outro aspecto, ao xénero que sente como propio.<br><br>► Garantirase a difusión da realidade sobre a identidade de xénero entre a comunidade educativa.<br><br>► En todo o proceso actuarase de acordo co **dereito á privacidade e honra** do alumnado e de todos os membros da comunidade educativa.<br><br>► O menor será sempre informado e consultado, e terase en iconsideración a súa opinión, facilitándolle o sentirse cómodo e salvagardado.<br><br>5. **Medidas para a información e formación da comunidade educativa**<br><br>► Realizaranse guías didácticas, folletos informativos ou calquera outro material educativo.<br><br>► Realizarase formación específica para toda a comunidade educativa.<br><br>6. **Medidas de prevención, detección e intervención ante posibles casos de discriminación**<br><br>Actuarase segundo os protocolos de prevención, detección e intervención ante posibles casos de discriminación, acoso escolar, violencia de xénero ou maltrato infantil por identidade de xénero.<br><br>Actuarase tamén, cando se considere oportuno, segundo os protocolos establecidos polos servizos de asistencia e protección de menores. |
| Como participa a familia? | ⇒ Solicitudes e conformidades da medida nas distintas actuacións. |
| Recursos<br><br>Qué necesitamos? | ⇒ Profesorado do centro<br><br>⇒ Toda a comunidade educativa<br><br>⇒ Profesional de apoio externo |
| Fonte | AAVV (2017). **Protocolo educativo para garantir a igualdade, a non discriminación e a liberdade de identidade de xénero**. Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.<br><br>Lei 2/2014, de 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia. |
| ANEXOS VII | Documentos específicos para o protocolo de identidade de xénero |

## 5.5. Protocolo de prevención, detección e intervención do risco suicida no ámbito educativo

| | **PROTOCOLO DE PREVENCIÓN, DETECCIÓN E INTERVENCIÓN DO RISCO SUICIDA NO ÁMBITO EDUCATIVO** |
|---|---|
| Por qué se utiliza?<br><br>Para qué se utiliza? | O abordaxe do risco suicida no ámbito educativo ten como obxectivo a prevención no marco dunha escola saudable, a detección precoz e a intervención diante das condutas suicidas desde unha perspectiva interdisciplinaria.<br><br>É necesaria a colaboración do sistema educativo cos dispositivos comunitarios de saúde mental, servizos sociais e asociacións ou institucións, para complementar accións dirixidas ao apoio e benestar do alumnado.<br><br>Conta con tres niveis de actuación e orientación educativa:<br><br>► A **titoría**, coordinando a detección dos factores de protección e de risco.<br><br>► O **departamento de orientación**, realizando a avaliación psicopedagóxica en contacto cos servizos sociosanitarios e solicitando a colaboración do equipo de orientación específico<br><br>► **O equipo de orientación específico**, se o estima necesario, **sempre en coordinación coa dirección do centro e coa Inspección Educativa**. |
| Obxectivos<br><br>Qué queremos conseguir | Abordar a prevención, a intervención e posvención no ámbito educativo diante da conduta suicida.<br><br>Concretar as estratexias de prevención nos ámbitos do profesorado, equipo directivo, alumnado, familias e Administración educativa.<br><br>Coñecer o proceso de intervención diante do intento autolítico e elaborar o proceso de dó nos centros educativos no caso de suicidio. |
| A quen vai dirixido? | Alumnado |
| Quen o desenvolve? | ⇒ Todo o profesorado<br><br>⇒ Toda a comunidade educativa |
| Cando se desenvolve? | Ao comezo de cada curso<br><br>Cando xurda a necesidade |

| | |
|---|---|
| Onde se desenvolve? | <br>No centro educativo<br>Con axentes externos |
| Procedemento<br>Cómo se desenvolve | ⇒ **Prevención primaria con todo o alumnado**<br>❖ Actuacións do profesorado na avaliación de factores de protección (familiares, estilo cognitivo e de personalidade, culturales, sociodemográficos) e de risco (individuais, familiares e contextuais). Atender a sinais de alarma (condutas que indican que a persoa está pensando ou planificando un suicidio ou obsesionada pola morte). Titoría para a coordinación das actuacións do profesorado e unificar criterios de actuación do equipo docente arredor das estratexias de prevención.<br>❖ Actuacions do equipo directivo para xestionar e implicar a toda a comunidade educativa nas actuacións globais de prevención (protocolo adaptado, profesorado de referencia para mediar, favorecendo a coordinación do profesorado no ámbito da titoría, departamento de orientación e cos profesionais de apoio externo como servizos sociosanitarios…)<br>❖ Actuacións do alumnado, antes de comunicárllelo aos compañeiros, pedir o consentimento ás persoas que teñan a súa tutela legal e ao propio adolescente, polo carácter confidencial. A finalidade é a de implicalo e actuar de xeito solidario e colaborativo (co apoio entre o profesorado de referencia ante calquer sinal de alarma; co apoio de axuda mutua entre iguais; formarse e adquisición de coñecementos para a axuda mutua).<br>❖ Actuacions coa familia, coa comunicación e colaboración entre a familia, o centro educativo e os servizos sociosanitarios para a prevención, detección e apoio na intervención do risco suicida con distintas pautas de actuación.<br>❖ Actuacións da administración educativa, coa formación específica do profesorado, elaboración de protocolos e instrumentos de coordinación entre o sistema sanitario, educativo e social, asesoramento da comunidade educativa.<br><br>⇒ **Prevención secundaria co alumnado en situación de risco**<br>❖ Intervención do DO: solicitude da intervención; autorización da familia; avaliación e informe psicopedagóxico; valoración da intervención do EOE.<br>❖ Derivación e coordinación con servizos sanitarios e/ou sociais: entregar á familia modelo de coordinación educación-saúde mental co informe DO ao servizo médico; e seguimento psicopedagóxico para a unidade de saúde mental.<br>❖ Intervención do EOE: cando o DO o valore necesario. |

| | |
|---|---|
| | ⇒ **Prevención terciaria: intervención educativa no intento autolítico**<br><br>❖ Os titores/as, o orientador/a do centro e o equipo directivo son as persoas de referencia para calquera actuación e realizarase con sensibilidade, confidencialidade e rapidez.<br><br>❖ equipo directivo debe comunicar a tentativa de suicidio á familia, á Inspección educativa e poñerse en contacto co 061 ou 112.<br><br>❖ Informarase ao equipo docente, mantendo un **escrupuloso respecto** á intimidade do alumno, de considerarse necesario, co **consentimento expreso da familia e do menor en maiores de 14 anos**, e ao alumnado, para implicalo na aplicación das estratexias de avaliación e intervención.<br><br>❖ Solicitarase por parte do centro, se o orientador/a e o equipo directivo o estiman necesario, o asesoramento do EOE, e dos servizos sociosanitarios, coa conformidade da familia.<br><br>❖ Desde o departamento de orientación realizarase a avaliación psicopedagóxica ou o seguimento, e estableceranse as medidas axeitadas, en coordinación cos servizos sociosanitarios e o EOE.<br><br>❖ A actuación de cada centro educativo deberá prolongarse o tempo que as persoas afectadas e a comunidade educativa o necesiten, intensificando a coordinación dos diferentes profesionais especializados que interviñeron no caso.<br><br>❖ As estratexias de intervención estarán no informe psicopedagóxico, cun protocolo de actuación de toda a comunidade educativa.<br><br>⇒ **Posvención: elaboración do proceso de dó nos centros educativos**<br><br>❖ En condutas suicidas consumadas, teñen que actuar de forma rápida, profesional e delicada, o titor/a, o orientador/a e o equipo directivo, asesorados polos servizos de apoio educativo e de saúde mental.<br><br>❖ centro informará á familia, a Inspección educativa e os servizos sociosanitarios, e poderá solicitar o asesoramento dos servizos de apoio externos (EOE).<br><br>❖ Os compañeiros do centro, o equipo docente e os proxenitores teñen que ser informados do suicidio e da **elaboración do proceso de dó** que se vai a desenvolver na comunidade educativa: atender as necesidades do alumnado; contornos familiar e escolar deben retomar canto antes a normalidade; verbalización de sentimentos e ideas de axuda a avanzar no proceso; observación sistemática e apoio do alumnado; se un alumno non evoluciona favorablemente, debe avisarse á familia para valorar a derivación; priorizar contidos e programas formativos adaptados. |
| Como participa a familia? | ⇒ Solicitudes e conformidade da medida nas distintas actuacións. |

| | |
|---|---|
| Recursos<br>Qué necesitamos? | ⇒ Profesorado do centro<br>⇒ Profesional de apoio externo |
| Fonte | AAVV (2018**). Protocolo de prevención, detección e intervención do risco suicida no ámbito educativo**. CEUFP. |
| ANEXOS VIII | ⇒ Documentos específos para o protocolo de risco suicida.<br>⇒ Programa específico de actuación ante a norte dun compañeiro. Preparación ante o duelo na aula. |

## 5.6. Protocolo de actuación ante casos de violencia de xénero no ámbito educativo

| | **GUÍA DE ACTUACIÓN ANTE CASOS DE VIOLENCIA DE XÉNERO NO ÁMBITO EDUCATIVO** |
|---|---|
| Por qué se utiliza?<br><br>Para qué se utiliza? | Abordaxe da violencia de xénero (VX) coa mocidade dende o ámbito educativo, para a súa sensibilización, prevención e detección temperá.<br><br>As actuacións ante a VX son sempre obrigatorias e debe ofrecer unha resposta adecuada ás alumnas/os do centro ante posibles casos.<br><br>Dase resposta á necesidade de sistematizar a actuación nos centros educativos e facilita o traballo do persoal que traballa neles, incluíndo orientacións que poden axudar a detectar supostos de VX neste contexto, así como actuar desde o momento en que se perciben os primeiros indicios.<br><br>Contémplase supostos ou situacións que poderían darse e que requiren diferentes pautas de intervención. Especifícanse os sinais de alarma que poden axudar á detección de cada un destes supostos, así como a maneira de abordalos e de intervir de forma adecuada e eficaz.<br><br>Incorpóranse fichas que permitirán rexistrar a información de cada caso, para a súa remisión a aqueles servizos ou instancias que teñan competencia na súa resolución, para asegurar a coordinación institucional entre a administración educativa, sanitaria, socio-comunitaria, policial e xudicial. |
| Obxectivos<br><br>Qué queremos conseguir | Identificar posibles casos de VX proporcionando información precisa sobre os sinais de alarma que permitanidentificalos.<br><br>Facilitar procedementos e pautas de actuación que cómpre coñecer para saber como actuar ante estas situacións, tanto nun primeiro momento como a medio e longo prazo, en coordinación cos servizos e recursos de atención especializada competentes.<br><br>Informar e derivar aos servizos de atención especializada aqueles casos que se identifiquen como posibles supostos de VX dentro da comunidade educativa, facilitando unha actuación coordinada e eficaz. |
| A quen vai dirixido? | O alumnado |
| Quen o desenvolve? | ⇒ A dirección<br>⇒ Calquera membro da comunidade educativa<br>⇒ Axentes externos |

| | |
|---|---|
| Cando se desenvolve? | Ao comezo de cada curso<br><br>Cando xurda a necesidade |
| Lugar<br><br>Onde se desenvolve? | No centro educativo |
| Procedemento<br><br>Cómo se desenvolve | **<u>Procedemento 1.</u>** **<u>Situación de emerxencia</u>**<br><br>Contactarase de xeito inmediato co 061 ou co 112 para solicitar a asistencia á persoa agredida tendo en conta que: **en ningún caso debe o centro trasladar a alumna agredida a un centro médico.**<br><br>Contactarase de inmediato coa familia e/ou responsables legais da/o alumna/o.<br><br>Contactarase co Centro de Información á Muller (CIM) ou servizos sociais para solicitar a derivación formal da vítima.<br><br>Informarase ao servizo de Inspección Educativa.<br><br>**<u>Procedemento 2.</u>** **<u>Alumna do centro vítima de VX</u>**<br><br>⇒ Detección de indicadores físicos, psicolóxicos e socioeducativos<br>⇒ Poñelo en coñecemento da dirección<br>⇒ Deixar constancia por escrito de todas as actuacións<br>⇒ Valorar tipo de situación (emerxencia ou non)<br>**Fase 1**. Dirección período de información previa (2 días); dirección procederá á reunión con titor/a da presunta vítima de VX, titor/a,do presunto agresor e DO e levantará acta; dirección analizados os feitos (3 días) decidirá incoar ou non expediente disciplinario.<br><br>-<u>Se non existen indicios</u>: seguimento con persoa do centro educativo para apoio e atención escollida pola propia alumna; organización de grupo de axuda entre iguales.<br><br>-<u>Se existen indicios:</u> pasar á seguinte fase.<br><br>**Fase 2**. Contactar co Centro de Información á Muller (CIM) ou servizos sociais para solicitar a derivación formal da vítima.<br><br>Cumplimentar ficha de rexistro e derivación (anexo) e incoar expediente disciplinario, con adopción de medidas previas: entrevista persoal e confidencial coa alumna e familia; comunicación do acordo de incoación do expediente (No caso de que o presunto agresor non estea escolarizado nese centro, a Dirección deberá notificar a incoación do expediente á Inspección Educativa); Informar a Inspección Educativa.<br><br>**No caso de constar delito**, a Dirección do centro deberá comunicarllo ao grupo especializado en VX da Policía Local, da Policía Nacional, da Garda Civil ou da Policía autonómica para o inicio de procedemento xudicial.<br><br>**Se hai interposta denuncia** e medidas cautelares e/ou xudiciais de |

| | |
|---|---|
| | reeducación, observarase o cumprimento das medidas, coa asistencia, do Servizo de Execución de Medidas Xudiciais de Menores.<br><br>**No caso de que non haxa denuncia interposta**, a Dirección do centro deberá comunicar os feitos á Fiscalía ou ao Xulgado de Instrución.<br><br>**Procedemento 3.** **Alumno do centro presunto agresor de VX**<br><br>⇒ Detección de indicadores ou sinais de alarma de que un alumno pode estar exercendo malos tratos a unha alumna.<br>⇒ mesmo que no procedemento 1.<br><br>**Procedemento 4.** **Alumnado vítima de VX no ámbito familiar**<br><br>⇒ Detección de indicadores ou sinais de alarma de que un alumno ou alumna é vítima dunha situación de violencia de xénero na súa familia (físicos, psicolóxicos e socioeducativos).<br>⇒ Poñer en coñecemento da dirección do centro, indicando por escrito o coñecemento do caso.<br>⇒ A dirección e o DO recabará información: entrevista co alumno/a; contactar co CIM ou servizos sociais; citar á familia (Recoller acta das reunión).<br>**No suposto de que SI haxa indicios** de que un/ha alumno/a pode estar sendo vítima de VX no ámbito familiar, cumprimentarase a ficha de rexistro e derivación. A dirección deberá comunicarllo ao grupo especializado en VX da Policía Local, da Policía Nacional, da Garda Civil ou da Policía autonómica para o inicio de procedemento xudicial en caso de delito.<br><br>Haberá un seguimento e valoración posterior do caso.<br><br>IMPORTANTE: En ningún caso se tomarán medidas sen consultar coa nai e sen o asesoramento do CIM ou outros recursos. En ningún caso haberá comunicación co pai ou presunto agresor.<br><br>**Procedemento 5.** **Traballadora do centro que sufre VX**<br><br>⇒ Detección de indicadores físicos, psicolóxicos e socioeducativos<br>⇒ Deixar constancia por escrito de todas as actuacións<br>⇒ Valorar tipo de situación (emerxencia ou non)<br>⇒ A dirección do centro deberá manter una entrevista coa traballadora en cuestión e ofertará recibir información e asesoramento sobre o seu caso por parte do CIM ou dos Servizos Sociais, entre outros servizos.<br>IMPORTANTE: En ningún caso se tomarán medidas sen consultar coa traballadora e sen o asesoramento do CIM ou outro recurso. En ningún caso haberá comunicación co pai ou presunto agresor. |
| Como participa a familia? | ⇒ Coas familias implicadas (presuntas víctimas e/ou agresores) |

| | |
|---|---|
| Recursos<br><br>Qué necesitamos? | ⇒ Profesorado do centro<br>⇒ Profesional de apoio<br>“Faise imprescindible que o profesorado estea formado na deconstrución dos prexuízos ou tópicos machistas para que poida levalos á aula e impida que estas ideas falsas se instalen no alumnado, xa que obstaculizan a súa prevenc8ión da violencia machista”. |
| Fonte | VVAA (2020). **Guía de actuación ante casos de violencia de xénero.** Secretaría Xeral de Igualdade. |
| ANEXOS IX | ⇒ Documentos específicos para o protocolo de violencia de xénero. |

## 6. NORMAS DE CONVIVENCIA. TIPOLOXÍAS E MEDIDAS

A Constitución Española, norma suprema do ordenamento xurídico español, adica o seu TÍTULO I aos dereitos e deberes fundamentais, desglosando estes dereitos e deberes ao longo de cinco capítulos: dos españois e os estranxeiros, dereitos e liberdades (dereitos fundamentais e liberdades públicas, e dereitos e deberes dos cidadáns); principios rectores da política social e económica; garantías das liberdades e dereitos fundamentais; e da suspensión dos dereitos e liberdades.

Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa. No TÍTULO II da lei ocúpase de definir os dereitos e deberes que, en relación co obxecto dela, corresponden aos distintos membros da comunidade educativa. Detállanse nos artigos 6, 7, 8 e 9 os dereitos e deberes dos pais/nais ou tirores legais, do profesorado, do alumnado e do persoal de administración e servizos.

Neste plan, establécese para cada grupo as concrecións sobre os dereitos e deberes, o mesmo que as posibles actuacións ou medidas a tomar no caso de incumprimento das mesmas, antendendo aos distintos ámbitos na comunidade educativa.

### 6.1. Dereitos e deberes

Os dereitos e deberes deben atender aos distintos membros da comunidade educativa:

- Proxenitores ou titores/titoras legais
- Alumnado
- Profesorado
- Persoal de administración e de servizos.

De cada colectivo estableceránse as súas concreccións tanto respecto dos deberes como dos dereitos, ademáis das actuacións a seguir para o seu cumprimento.

## Artigo 6. Dereitos e deberes das nais e pais ou das titoras ou titores.

| DEREITOS | DEBERES | CONCRECIÓNS | ACTUACIÓNS A SEGUIR |
|---|---|---|---|
| A seren respectados e recibiren un trato adecuado polo resto da comunidade educativa.<br><br>A estaren informados sobre o progreso da aprendizaxe e integración socioeducativa dos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas, para o que se lles facilitará o acceso ao profesorado e aos membros dos equipos directivos dos centros docentes.<br><br>A recibiren información sobre as normas que regulamentan a convivencia nos centros docentes.<br><br>A seren oídos, nos termos previstos por esta lei, nos procedementos disciplinarios para a imposición de medidas correctoras de condutas contrarias á convivencia dos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas.<br><br>A participaren no proceso educativo a través de consultas e outros procedementos de participación directa que estableza a administración educativa. | Coñeceren, participaren e apoiaren a evolución do seu proceso educativo, en colaboración co profesorado e cos centros docentes.<br><br>Coñeceren as normas establecidas polos centros docentes, respectárenas e facérenas respectar, así como respectaren e faceren respectar a autoridade e as indicacións ou orientacións educativas do profesorado no exercicio das súas competencias.<br><br>Fomentaren o respecto polos restantes compoñentes da comunidade educativa.<br><br>Colaboraren cos centros docentes na prevención e corrección das condutas contrarias ás normas de convivencia dos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas. | Seren informados polas canles específicas de atención directa ás nais/pais ou titores/as: horas de atención dos profesores/as titores/as, horas de atención do profesorado, do departamento de Orientación, da dirección do centro.<br><br>Seren representados polo Consello escolar, sobre todo en materia de convivencia.<br><br>Teren acceso a documentación do seu fillo/a respectando a confidencialidade, sobre todo en temas de convivencia.<br><br>Teren coñecemento e acceso aos documentos oficiais do centro, como o plan de convivencia.<br><br>Teren en conta as testemuñas para a recollida de información previa, a tipificación de condutas e imposicións de medidas correctoras, buscando a obxectividade no traballo de convivencia.<br><br>Colaboraren co profesorado e outros membros do centro no proceso educativo do seu fillo/a, coñecendo as normas de convivencia que facilitarán o seu proceso de aprendizaxe durante a súa formación integral.<br><br>Colaboraren co centro educativo no relativo ás normas de convivencia para que os seus fillos/as poidan convivir no centro e formarse como persoas. | Rexistro das citas realizadas co profesorado/titor, resto do profesorado, departamento de Orientación e equipo directivo, no relativo ao cumprimento das normas de convivencia e colaboración no proceso educativo dos fillos/as.<br><br>Informar, co modelo de recollida de condutas contrarias á convivencia, das faltas a corrixir polos fillos/as, cunha copia por escrito e outra copia que deberán firmar conforme recibiron a información.<br><br>Solicitar entrevistas en tempo e forma para recabar ou aclarar información recibida do seu fillo (partes de amoestación, notificacións, boletíns…)<br><br>Cando non se conte coa resposta axeitada de nais/pais ou titores/as o centro buscará novas formas de comunicación (vía telefónica, móbil abalar, notificacións por escrito). Poderá terse en conta a necesidade de comunicar os feitos a outros axentes educativos ou sociais para que interveñan.<br><br>O profesor/a titor/a está obrigado a notificar e ter coñecemento das notificacións dirixidas ás familias, o mesmo que a resposta ás mesmas para tomar as medidas educativas ou correctoras que se consideren oportunas, para axudar á detección do incumprimento das normas de convivencia. |

## Artigo 7. Dereitos e deberes do alumnado.

| DEREITOS | DEBERES | CONCRECIÓNS | ACTUACIÓNS A SEGUIR |
|---|---|---|---|
| A recibir unha formación integral e coeducativa que contribúa ao pleno desenvolvemento da súa personalidade nun ambiente educativo de convivencia, liberdade e respecto mutuo.<br><br>A que se respecten a súa identidade, integridade e dignidade persoais.<br><br>Á protección integral contra toda agresión física ou moral, e en particular contra as situacións de acoso escolar.<br><br>A participar directamente no proceso educativo cando sexa consultado pola administración educativa, nos termos previstos no título IV desta lei.<br><br>A participar na confección das normas de convivencia e na resolución pacífica dos conflitos e, en xeral, a participar na toma de decisións do centro en materia de convivencia. | Participar e colaborar na mellora da convivencia escolar e na consecución dun adecuado clima de estudo no centro, respectando o dereito dos seus compañeiros ou compañeiras á educación.<br><br>Respectar a dignidade e as funcións e orientacións do profesorado no exercicio das súas competencias, recoñecéndoo como autoridade educativa do centro.<br><br>Respectar a liberdade de conciencia, as conviccións relixiosas e morais, a igualdade de dereitos entre mulleres e homes e a dignidade, integridade e intimidade dos restantes membros da comunidade educativa.<br><br>Respectar as normas de organización, convivencia e disciplina do centro docente.<br><br>Conservar e facer un bo uso das instalacións e dos materiais do centro.<br><br>Intervir, a través das canles regulamentarias, en todo aquilo que afecte á convivencia dos seus respectivos centros docentes.<br><br>Seguir as directrices do profesorado respecto da súa educación e aprendizaxe.<br><br>Asistir á clase con puntualidade e co material preciso. | Seren informados polas canles específicas de atención directa ás nais/pais ou titores/as: horas de atención dos profesores/as titores/as, horas de atención do profesorado, do departamento de Orientación, da dirección do centro.<br><br>Seren representados polo Consello escolar, sobre todo en materia de convivencia.<br><br>Teren acceso a documentación do seu fillo/a respectando a confidencialidade, sobre todo en temas de convivencia.<br><br>Teren coñecemento e acceso aos documentos oficiais do centro, como o plan de convivencia.<br><br>Teren en conta as testemuñas para a recollida de información previa, a tipificación de condutas e imposicións de medidas correctoras, buscando a obxectividade no traballo de convivencia.<br><br>Colaboraren co profesorado e outros membros do centro no proceso educativo do seu fillo/a, coñecendo as normas de convivencia que facilitarán o seu proceso de aprendizaxe durante a súa formación integral.<br><br>Colaboraren co centro educativo no relativo ás normas de convivencia para que os seus fillos/as poidan convivir no centro e formarse como persoas. | Dinámicas grupais específicas para coñecementos das normas de convivencia do centro<br><br>Elaboración de normas específicas de aula dende o plan de acción titorial<br><br>Celebración de datas conmemorativas relacionadas com temas de convivencia (día contra a violecia de xénero, día internaciónal da paz)<br><br>Coñecemento das medidas educativas e correctoras de condutas contrarias á convivencia.<br><br>Adquisición de habilidades interpersoais e resolución de conflitos |

## Artigo 8. Dereitos e deberes do profesorado.

| DEREITOS | DEBERES | ACTUACIÓNS |
|---|---|---|
| A ser respectado, recibir un trato adecuado e ser valorado polo resto da comunidade educativa e pola sociedade en xeral no exercicio das súas funcións.<br><br>A desenvolver a súa función docente nun ambiente educativo adecuado no que se preserve en todo caso a súa integridade física e moral.<br><br>A participar e recibir a colaboración necesaria para a mellora da convivencia escolar e da educación integral do alumnado.<br><br>A que se lle recoñezan as facultades precisas para manter un adecuado ambiente de convivencia durante as clases e as actividades e os servizos complementarios e extraescolares.<br><br>Á protección xurídica adecuada ás súas funcións docentes.<br><br>A participar directamente no proceso educativo cando sexa consultado pola administración educativa, nos termos previstos no título IV desta lei.<br><br>A acceder á formación necesaria na atención á diversidade e na conflitividade escolar e recibir os estímulos máis axeitados para promover a implicación do profesorado en actividades e experiencias pedagóxicas de innovación educativa relacionadas coa convivencia e a mediación. | Respectar e facer respectar as normas de convivencia escolar e a identidade, integridade e dignidade persoais de todos os membros da comunidade educativa.<br><br>Adoptar as decisións oportunas e necesarias para manter un adecuado ambiente de convivencia durante as clases e as actividades e os servizos complementarios e extraescolares, corrixindo, cando lle corresponda a competencia, as condutas contrarias á convivencia do alumnado ou, no caso contrario, poñéndoas en coñecemento dos membros do equipo directivo do centro.<br><br>Colaborar activamente na prevención, detección e erradicación das condutas contrarias á convivencia e, en particular, das situacións de acoso escolar.<br><br>Informar ás nais e pais ou ás titoras ou titores sobre o progreso da aprendizaxe e integración socioeducativa dos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas, cumprindo as obrigas de dispoñibilidade dentro do horario establecido no centro para a atención a aqueles que lle impoña a normativa aplicable.<br><br>Informar aos responsables do centro docente e, de ser o caso, á administración educativa das alteracións da convivencia, gardando reserva e sixilo profesional sobre a información e as circunstancias persoais e familiares do alumnado. | Permitir os alumnos ao profesorado impartir a materia sen interrupcións e molestias, xa que é o seu traballo.<br><br>Considerar ao alumnado como a diana principal da súa función educativa.<br><br>Dentro e fóra do centro son representantes da comunidade escolar e como tal deben ser tratados e deben comportarse.<br><br>Recibir formación e información sobre o alumnado e as súas familias para promover a convivencia que axudará aos bos resultados para o alumnado.<br><br>Colaborar co equipo directivo de maneira consensuada para que a convivencia escolar sexa produtiva.<br><br>Informar ao equipo directivo das situacións anómalas que detecten relacionadas coa convivencia.<br><br>Manter estrita relación coas familias para o seguimento académico dos seus fillos.<br><br>Deixar rexistro das actividades docentes realizadas.<br><br>Informar, co modelo de recollida, das condutas contrarias á convivencia para coñecemento do equipo directivo.<br><br>Asistir ás reunións como membro do claustro, CCP ou consello escolar.<br><br>Manter estreita relación, como titores, co departamento de Orientación.<br><br>Manter estreita relación e comunicación co titor do grupo no que se imparta a docencia. |

## Artigo 9. Dereitos e deberes do persoal de administración e de servizos.

| DEREITOS | DEBERES | ACTUACIÓNS |
|---|---|---|
| ➡ A ser respectado, recibir un trato adecuado e ser valorado polo resto da comunidade educativa e pola sociedade en xeral no exercicio das súas funcións.<br><br>➡ A desenvolver as súas funcións nun ambiente adecuado no que se preserve en todo caso a súa integridade física e moral.<br><br>➡ A participar, no exercicio das súas funcións, na mellora da convivencia escolar.<br><br>➡ Á protección xurídica adecuada ás súas funcións.<br><br>➡ A participar directamente no proceso educativo cando sexa consultado pola administtración educativa, nos termos previstos no título IV desta lei. | ➡ Respectar e colaborar, no exercicio das súas funcións, para facer que se respecten as normas de convivencia escolar e a identidade, integridade e dignidade persoais de todos os membros da comunidade educativa.<br><br>➡ Colaborar activamente na prevención, detección e erradicación das condutas contrarias á convivencia e, en particular, das situacións de acoso escolar.<br><br>➡ Informar aos responsables do centro docente e, de ser o caso, á administración educativa das alteracións da convivencia, gardando reserva e sixilo profesional sobre a información e as circunstancias persoais e familiares do alumnado.<br><br>➡ Gardar sixilo e confidencialidade respecto das actuacións relacionadas co ámbito educativo das que teña coñecemento. | ➡ Respectar os tempos para a realización dos traballos tendo en conta que poden variar ao longo da xornada laboral.<br><br>➡ Respectar os espazos de traballo, para o seu mellor funcionamento, sobre todo en momentos como nos recreos.<br><br>➡ Respectar os horarios estipulados para o desempeño das súas funcións.<br><br>➡ Ter en conta os espazos específicos para o desempeño das súas funcións, pero sabendo que en determinados momentos é preciso ausentarse para a realización doutras tarefas no centro (buscar alumnado, buscar profesorado, repartir correspondencia, facer recados varios) ou fóra do centro.<br><br>➡ Tratar con respecto ao persoal no desempeño das súas funcións.<br><br>➡ Preservar a integridade física e moral (non gritar, non insultar, non ameazar, non agredir fisicamente), buscando un ambiente adecuado, con opción a comunicar á dirección do centro ou amoestar dependendo de se é alumnado, profesorado, outras persoas da comunidade educativa ou do propio entorno.<br><br>➡ Comunicar ao equipo directivo as incidencias no centro ou no entorno para que tomen medidas correctoras de condutas contrarias á convivencia.<br><br>➡ Recibir protección xurídica adecuada ás súas funcións, contando cos servizos sindicais.<br><br>➡ O/a secretario/a e/ou o director/a do centro educativo deben levar a cabo a detección do incumprimento de dereitos e deberes do PAS, dende a supervisión ou representación destes na comunidade educativa, mediante canles de comunicación abertas (citacións por escrito)<br><br>➡ Os membros do PAS actuarán respectando os dereitos e deberes coa comunicación de calquera incidencia que poida afectar ao desenvolvemento das súas propias funcións. |

## 6.2. Condutas contrarias á convivencia

O centro, tendo en conta a normativa vixente e os problemas de conduta que se soen presentar, establece no relativo ás condutas contrarias á convivencia, as concrecións destas e as actuacións iniciais.

Estas actuacións serán sempre as que se leven a cabo por calquera membro da comunidade educativa, sobretodo entre o persoal que traballa no centro educativo (docente e non docente)  e segundo o esquema de actuación que se presenta en caso de problemas de conduta.

ANEXO X**.** Guía de actuación ante problemas de conduta**.**

Tamén se concretan as condutas atenuantes e agravantes a ter en conta na posterior aplicación de medidas correctoras, educativas ou sancionadoras. No caso das condutas atenuantes, permite  suavizar as medidas a tomar, e no caso das condutas agravantes, para sumar ou ampliar  medidas de corrección co alumnado, que permita resolver os conflitos.

Nas medidas a aplicar con condutas contrarias á convivencia establécese o procedemento de rexistro de todas as incidências mediante um modelo de parte de amonestación. Tendo en conta os feitos acontecidos serán tipificados segundo como se presente e se valorarán, tendo en conta quen as aplica, dende o profesorado de aula ata o professorado titor/ titora e ata a dirección.

Por último indicar que estas condutas prescriben no tempo, polo que se concretan dentro do establecido, segundo sexan días lectivos ou naturais e tendo en conta os períodos vacacionais. No suposto de faltas leves contrarias á convivência, a norma para prescribir a falta será con carácter xeral de un mes e nas faltas gravemente prexudiciais será de catro meses.

## 6.2.1. Faltas leves contrarias á convivencia

| CONDUTAS FALTAS | CONCRECIÓNS | ACTUACIÓNS INICIAIS |
|---|---|---|
| **As agresións (orais), inxurias ou ofensas a calquera membro da comunidade educativa** | Falar sen autorización do profesor/a durante as explicacións da clase.<br>Falar alto e de xeito molesto<br>Berrar sen motivo<br>Bocexar de xeito esaxerado e molesto<br>Rir con actitude provocadora<br>Facer ruídos molestos<br>Xesticular de forma esaxerada<br>Posturas incorrectas na cadeira, sentar na mesa.<br>Arrastrar mesas, cadeiras, mochilas ou outros materiais facendo ruídos molestos.<br>Insultar e descualificar, poñer alcumes, mofarse.<br>Empregar unha linguaxe inadecuada con palabras malsoantes ou tacos.<br>Facer falsas acusacións ou non demostrables, mentir.<br>Calquera outra conduta que se poida concretar neste apartado. | Amoestación pública cara ao grupo solicitando corrección da conduta.<br>Amoestación privada á persoa ou persoas que teñen que corrixir a conduta (valorar se é preciso contar cunha testemuña).<br>Amoestación escrita e decisión de ser acompañado polo delegado/a á aula de convivencia, ou presentar dito parte á xefatura de estudos para rexistro. |
| **Os actos de discriminación a calquera membro da comunidade educativa por razón de nacemento, raza, sexo, orientación sexual, capacidade económica, nivel social, convicións políticas, morais ou relixiosas, discapacidades, ou** | Alusións despectivas ou ofensivas por nacemento en zona rural/urbana, noutra comunidade ou país.<br>Alusións despectivas ou ofensivas cara a determinados grupos sociais (xitanos, moinantes,…)<br>Alusións despectivas ou ofensivas cara á muller.<br>Alusións despectivas ou | Amoestación pública cara ao grupo solicitando corrección da conduta.<br>Amoestación privada á persoa ou persoas que teñen que corrixir a conduta (valorar se é preciso contar cunha testemuña).<br>Amoestación escrita e decisión de ser acompañado polo delegado/a á aula de convivencia, ou presentar dito parte á xefatura de estudos para rexistro<br>Traballar estes contidos dende as titorías con |

| CONDUTAS FALTAS | CONCRECIÓNS | ACTUACIÓNS INICIAIS |
|---|---|---|
| **calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.** | ofensivas cara á orientación sexual, homosexualidade home ou muller.<br><br>Alusións despectivas ou ofensivas cara ás persoas pola súa situación económico-social (pobre-rico, de clase baixa-media-alta).<br><br>Alusións despectivas ou ofensivas por convicións políticas, morais ou relixiosas.<br><br>Alusións despectivas ou ofensivas por presentar discapacidades físicas, sensoriais ou psíquicas.<br><br>Calquera outra que se poida incluír neste apartado. | distintas dinámicas |
| **Actos de indisciplina (individual ou colectiva) de desafío á autoridade do profesorado ou do persoal de administración e servizos** | Negarse a calar cando se demanda.<br><br>Negarse a atender ás explicacións.<br><br>Non facer as tarefas propias específicas da clase.<br><br>Non participar nas actividades cando se lle requira.<br><br>Non aceptar traballar en pequeno grupo.<br><br>Abandonar a aula sen permiso do profesorado (individual ou grupal)<br><br>Calquera comportamento de indisciplina ante o persoal de administración e servizos<br><br>Calquera outro comportamento que se poida incluír neste apartado. | Amoestación pública cara ao grupo solicitando corrección da conduta.<br><br>Amoestación privada á persoa ou persoas que teñen que corrixir a conduta (valorar se é preciso contar cunha testemuña).<br><br>Amoestación escrita e decisión de ser acompañado polo delegado/a á aula de convivencia, ou presentar dito parte á xefatura de estudos para rexistro. |
| **Os danos causados, de forma intencionada ou por neglixencia, ás instalacións e aos materiais do centro, incluídos os equipos** | Escribir, pintar, marcar ou raiar, romper as cadeiras, mesas, paredes ou calquera outro obxecto | Amoestación pública cara ao grupo solicitando corrección da conduta.<br><br>Amoestación privada á persoa ou persoas que teñen que corrixir a conduta (valorar se é preciso |

| CONDUTAS FALTAS | CONCRECIÓNS | ACTUACIÓNS INICIAIS |
|---|---|---|
| **informáticos e software, ou aos bens doutros membros da comunidade educativa.** | indicado da aula, do centro ou do recinto, de calquera membro da comunidade educativa. | contar cunha testemuña).<br><br>Amoestación escrita e decisión de ser acompañado polo delegado/a á aula de convivencia, ou presentar dito parte á xefatura de estudos para rexistro.<br><br>Obrigación de reparar os danos ou pagar os mesmos. |
| **Os actos inxustificados que perturben o normal desenvolvemento das actividades do centro, incluídas as de carácter complementario e extraescolar** | Molestar aos compañeiros non deixando atender ás explicacións.<br><br>Poñer os pés no asento de diante dando golpes ou molestando.<br><br>Pasar notas durante as explicacións.<br><br>Facerse cóxegas ou darse empuxóns.<br><br>Levantarse sen permiso para falar co compañeiro, ir á papeleira, ou colocar unha prenda de vestir.<br><br>Tirar papeis, bolígrafos, gomas, ou outros obxectos polo aire, na clase ou fóra da aula.<br><br>Manipular enchufes, interruptores e perturbar o adecuado funcionamento da clase.<br><br>Calquera outro comportamento que se poida incluír neste apartado. | Amoestación pública cara ao grupo solicitando corrección da conduta.<br><br>Amoestación privada á persoa ou persoas que teñen que corrixir a conduta (valorar se é preciso contar cunha testemuña).<br><br>Amoestación escrita e decisión de ser acompañado polo delegado/a á aula de convivencia, ou presentar dito parte á xefatura de estudos para rexistro. |
| **As actuacións prexudiciais para a saúde e a integridade persoal dos membros da comunidade educativa.** | Fumar no centro ou no recinto.<br><br>Consumir alcohol no centro ou no recinto.<br><br>Consumir substancias non legais dentro ou fóra do recinto escolar.<br><br>Estar baixo os efectos dos mesmos no centro ou no recinto<br><br>(Ver Lei 42/2010 do 30 de decembro) | Amoestación pública cara ao grupo solicitando corrección da conduta.<br><br>Amoestación privada á persoa ou persoas que teñen que corrixir a conduta (valorar se é preciso contar cunha testemuña).<br><br>Amoestación escrita e decisión de ser acompañado polo delegado/a á aula de convivencia, ou presentar dito parte á xefatura de estudos para rexistro.<br><br>No caso de menores, comunicar aos pais/nais/titores legais esta situación.<br><br>Traballar dende a acción titorial a prevención |

| CONDUTAS FALTAS | CONCRECIÓNS | ACTUACIÓNS INICIAIS |
|---|---|---|
| | | en drogodependencias. |
| **Portar calquera obxecto, substancia ou produto expresamente prohibido polas normas do centro perigoso para a saúde ou a integridade persoal do alumnado ou dos demais membros da comunidade educativa ou que perturbe o normal desenvolvemento das actividades complementarias ou extraescoleres** | Baralla española, francesa ou con contidos inadecuados.<br><br>Uso de substancias legais ou ilegais ou incitación para o consumo.<br><br>Xogar con lapis tipo láser ou outros que poidan ser perigosos.<br><br>Armas brancas.<br><br>Calquera que se poida incluír neste apartado. | O profesorado pode requirir o obxecto e o entregará á dirección.<br><br>A dirección do centro custodiará o obxecto ata a súa devolución nunha caixa forte e cubrirá un recibí e unha etiqueta identificativa.<br><br>Se o alumno/a é menor de idade terá que recuperar o obxecto o pai/nai ou titor legal<br><br>Se o alumno/a é maior de 18 anos, seguindo o mesmo procedemento, recuperará o obxecto ao finalizar a xornada escolar ou a actividade extraescolar.<br><br>Amoestación privada á persoa ou persoas que teñen que corrixir a conduta (valorar se é preciso contar cunha testemuña).<br><br>Amoestación escrita e decisión de ser acompañado polo delegado/a á aula de convivencia, ou presentar dito parte á xefatura de estudos para rexistro. |
| **Portar ou utilizar teléfonos móbiles e outros aparatos electrónicos expresamente prohibidos polo centro.** | Non se pode ter o teléfono móbil á vista nin para mirar a hora.<br><br>Ter o teléfono móbil silenciado ou apagado en todo momento.<br><br>Non facer uso do teléfono móbil ou outro aparato electrónico, excepto se o profesorado o inclúe expresamente como parte do traballo da clase (terá que deixarse reflectido nas programacións didácticas).<br><br>Calquera outra situación que se poida incluír neste apartado. | O profesorado pode requirir o obxecto, previamente apagado polo alumno/a, que o entregará á dirección.<br><br>A dirección do centro custodiará o obxecto ata a súa devolución nunha caixa forte. Cubrirase un recibí e porase unha etiqueta identificativa ao obxecto requirido.<br><br>Se o alumno/a é menor de idade terá que recuperar o obxecto o pai/nai ou titor legal<br><br>Se o alumno/a é maior de 18 anos, seguindo o mesmo procedemento, recuperará o obxecto ao finalizar a xornada escolar ou a actividade extraescolar.<br><br>Amoestación privada á persoa ou persoas que teñen que corrixir a conduta (valorar se é preciso contar cunha testemuña).<br><br>Amoestación escrita e decisión de ser acompañado polo delegado/a á aula de convivencia, ou presentar dito parte á xefatura de estudos para rexistro. |
| **A inasistencia inxustificada á clase e** | **NA ESO**<br><br>O alumnado ten que estar | **NA ESO**<br><br>Teñen que entrar na aula e deixarse |

| CONDUTAS FALTAS | CONCRECIÓNS | ACTUACIÓNS INICIAIS |
|---|---|---|
| **as faltas reiteradas de puntualidade, nos termos establecidos polas normas de convivencia do centro.** | na aula antes de chegar o profesorado.<br><br>Permitirase entrar sempre e comunicarase a situación de retraso pedindo explicacións.<br><br>Considerarase retraso tardar máis de dez minutos.<br><br>O **<u>cuarto retraso</u>** considerarase unha falta.<br><br>Non vir ás clases e non xustificar as faltas de asistencia.<br><br>**NO BACHARELATO**<br><br>O alumnado ten que estar na aula antes de chegar o profesorado.<br><br>Entrar na clase ou non segundo o criterio do profesor/a<br><br>Considerarase retraso tardar máis de dez minutos.<br><br>O **<u>terceiro retraso</u>** considerarase unha falta.<br><br>Non vir ás clases e non xustificar as faltas de asistencia.<br><br>Ter en conta o 10% de faltas para considerar a perda do dereito á avaliación continua. | reflectido no “Xade” ou no parte a falta de puntualidade.<br><br>Considérase retraso tardar máis de dez minutos, á cuarta vez, considérase unha falta.<br><br>As faltas deberán estar todas xustificadas,nun **prazo de 48 horas**. No caso de haber reiteracións de faltas sen xustificar aplicarase protocolo de absentismo escolar.<br><br>**NO BACHARELATO**<br><br>Deixarase reflectido no “Xade” ou no parte a falta de puntualidade.<br><br>Entrar na clase ou non segundo o criterio do profesor/a<br><br>Ter en conta o 10% de faltas para considerar a perda do dereito á avaliación continua.<br><br>Amoestación privada á persoa ou persoas que teñen que corrixir a conduta (valorar se é preciso contar cunha testemuña).<br><br>Amoestación escrita e decisión de ser acompañado polo delegado/a á aula de convivencia, ou presentar dito parte á xefatura de estudos para rexistro.<br><br>As faltas deberán estar todas xustificadas,nun **plazo de 48 horas**. |
| **A reiterada asistencia ao centro sen material e equipamento preciso para participar activamente no desenvolvemento das clases** | Máximo tres avisos.<br><br>Ata tres veces falta leve. | Amoestación pública cara ao grupo solicitando corrección da conduta.<br><br>Amoestación privada á persoa ou persoas que teñen que corrixir a conduta.<br><br>Valorar se pode participar nas clases sen o material, contar coa colaboración dos compañeiros/as ou do profesorado as primeiras veces.<br><br>Amoestación escrita e decisión de ser acompañado polo delegado/a á aula de convivencia, ou presentar dito parte á xefatura de estudos para |

| CONDUTAS FALTAS | CONCRECIÓNS | ACTUACIÓNS INICIAIS |
|---|---|---|
| | | rexistro. |
| **Uso inadecuado de determinadas prendas de vestir** | Levar a cabeza cuberta na clase o nos corredores con gorras, capuchas, viseiras, ou outras prendas que limiten a identificación do alumno/a.<br><br>Exhibir prendas de roupa interior expostas de maneira provocativa ou molesta. | Amoestación pública cara ao grupo solicitando corrección da conduta.<br><br>Amoestación privada á persoa ou persoas que teñen que corrixir a conduta.<br><br>Amoestación escrita e decisión de ser acompañado polo delegado/a á aula de convivencia, ou presentar dito parte á xefatura de estudos para rexistro. |
| **Comer, beber, mascar chicle ou outra lambetada sen permiso ou interferindo o desenvolvemento das clases** | Non comer nin beber nada nas clases.<br><br>Non mascar chicle nin comer caramelos ou outras lambetadas facendo xestos ou ruídos molestos<br><br>Poderase consumir auga con fins terapéuticos ou coa expresa autorización dun profesor/a. | Amoestación pública cara ao grupo solicitando corrección da conduta.<br><br>Amoestación privada á persoa ou persoas que teñen que corrixir a conduta.<br><br>Amoestación escrita e decisión de ser acompañado polo delegado/a á aula de convivencia, ou presentar dito parte á xefatura de estudos para rexistro. |
| **Estar na cantina, polos corredores, nos aseos ou noutros espazos en período propiamente lectivo sen permiso expreso.** | Estar comprando na cantina nos cambios de clase ou en horario lectivo, salvo permiso expreso.<br><br>Estar polos corredores en horas de clase sen motivo xustificado.<br><br>Estar nos aseos ou noutros espazos sen motivo xustificado. | Amoestación pública cara ao grupo solicitando corrección da conduta.<br><br>Amoestación privada á persoa ou persoas que teñen que corrixir a conduta.<br><br>Amoestación escrita e decisión de ser acompañado polo delegado/a á aula de convivencia, ou presentar dito parte á xefatura de estudos para rexistro. |

| ATENUANTES | | |
|---|---|---|
| **CONDUTAS** | **CONCRECIÓNS** | **PROCEDEMENTOS** |
| **Recoñecemento espontáneo do carácter incorrecto da conduta.** | Valoración da conduta, nivel de escolarización e idade do alumno/a<br>Xusto despois de producirse a incidencia.<br>Por recomendación dun profesor-titor/a, dirección, segundo a conduta. | Compróbase como foi a conduta e se hai posibilidade de recoñecer os feitos para pedir desculpas.<br>Rexístrase no parte de faltas.<br>De implicar a máis dunha persoa, valorar para unha mediación.<br>Valorarase para contrato de boa conduta.<br>Consideraranse os atenuantes na aplicación doutras sancións. |
| **Falta de intencionalidade.** | Valoración da conduta, nivel de escolarización e idade do alumno/a | Compróbase se a conduta foi accidental e sen intencionalidade.<br>Rexístrase no parte de faltas.<br>Valorarase para contrato de boa conduta.<br>Consideraranse os atenuantes na aplicación doutras sancións. |
| **Carácter ocasional da conduta** | Valoración da conduta, nivel de escolarización e idade do alumno/a.<br>Revisaranse as prescricións das condutas. | Compróbase se a conduta foi ocasional ou se esta prescribe no tempo.<br>Rexístrase no parte de faltas.<br>Valorarase para contrato de boa conduta. |
| **Cumprimento espontáneo de reparar os danos.** | A nivel individual ou grupal, segundo os danos, previo recoñecemento dos mesmos.<br>Informa o profesor/as ou titor/a á xefatura de estudos.<br>Reunión previa antes de calquera reparación, presentar un presuposto e factura para cobro ao secretario do centro<br>(Ver o establecido no RRI) | Segundo o tipo nivel de escolarización e idade<br>Se é menor de idade, citar aos pais/nai/titores legais para comunicar a incidencia.<br>Rexístrase no parte de faltas.<br>No caso de danos a nivel individual será obrigatorio o reparo ou pagamento da súa reparación.<br>Cobro das reparacións con factura e recibo. |

| ATENUANTES | | |
|---|---|---|
| **Outras circunstancias de carácter persoal que poidan incidir na súa conduta.** | Segundo a situación persoal e familiar.<br>Se presenta falta de habilidades sociais ou dificultades para a resolución de conflitos.<br>Se presenta necesidades educativas especiais | Aclararanse as circunstancias que poden dar lugar á incidencia dunha conduta.<br>Rexístrase no parte de faltas.<br>Traballarase coa familia.<br>Traballarase co alumnado.<br>Recomendarase a participación en programas específicos de habilidades sociais e resolución de conflitos. |

| AGRAVANTES | | |
|---|---|---|
| **CONDUTAS** | **CONCRECIÓNS** | **PROCEDEMENTOS** |
| **Intencionalidade e premeditación** | Ante unha conduta leve valorar se hai intencionalidade e/ou premeditación | Valórase a intencionalidade e premeditación da conduta.<br>Rexístrase no parte de faltas<br>Sumar en falta leve (+1)<br>Valorarase para contrato de boa conduta.<br>Aplicar sanción por falta leve |
| **Reiteración de condutas leves** | Valoración das faltas leves.<br>Valorar nos partes o tipo de falta e prescrición. | Con tres partes aplicarase sanción.<br>Valórase para contrato de boa conduta.<br>Con catro e cinco partes, comunicar novas sancións e posibilidade de incoar un expediente disciplinario con cinco ou máis partes, segundo o caso. |
| **Negativa a entregar obxecto, substancia ou produto prohibido polo centro.** | Negarse a entregalo<br>Gardalo e non permitir o seu requirimento.<br>Mentir sobre o feito de telos na súa posesión. | Rexístrase no parte de faltas<br>Sumar en falta leve (+2) cada unha das concrecións que se presenten<br>Aplicar sanción por falta leve ata a posibilidade de incoar un expediente disciplinario. |

| AGRAVANTES | | |
|---|---|---|
| **Difusión por calquera medio (electrónico, telemático ou tecnolóxico) de imaxes ou da ofensa.** | Difusión de calquera imaxe de alumnado, profesorado ou PAS, sen autorización previa, na aula ou calquera outro espazo do centro educativo .<br>Difusión de imaxes ofensivas e prexudiciais para a integridade da persoa. | Rexístrase no parte de faltas<br>Sumar en falta leve (+2) cada unha das concrecións que se presenten.<br>Aplicar sanción por falta leve ata a posibilidade de incoar un expediente disciplinario. |
| **A natureza dos prexuízos causados.** | Segundo o nivel de escolarización e idade do alumnado.<br>Segundo a situación persoal e familiar.<br>Se presenta falta de habilidades sociais ou dificultades para a resolución de conflitos.<br>Se presenta necesidades educativas especiais | Rexístrase no parte de faltas<br>Sumar en falta leve (+2) cada unha das concrecións que se presenten<br>Aplicar sanción por falta leve ata a posibilidade de incoar un expediente disciplinario. |
| **O carácter especialmente vulnerable da vítima da conduta.** | Segundo o nivel de escolarización e idade do alumnado.<br>Segundo a situación persoal e familiar.<br>Se presenta falta de habilidades sociais ou dificultades para a resolución de conflitos.<br>Se presenta necesidades educativas especiais | Rexístrase no parte de faltas<br>Sumar en falta leve (+2) cada unha das concrecións que se presenten<br>Aplicar sanción por falta leve ata a posibilidade de incoar un expediente disciplinario. |
| **Incumprimento da sanción imposta.** | Comprobar a sanción e tarefas obrigatorias a realizar.<br>Valorar falta por non realización das tarefas escolares e/ou sancións impostas.<br>Comprobar a prescrición de faltas leves. | Rexístrase no parte de faltas<br>Sumar en falta leve (+1) cada unha das concrecións que se presenten<br>Aplicar sanción por falta leve ata a posibilidade de incoar un expediente disciplinario. |

### 6.2.2. Faltas gravemente prexudiciais para a convivencia

| CONDUCTAS GRAVES | MEDIDAS CORRECTORAS |
|---|---|
| As agresións físicas ou psíquicas, as inxurias e as ofensas graves, as ameazas e as coaccións contra os demais membros da comunidade educativa.<br><br>Os actos de discriminación grave contra membros da comunidade educativa por razón de nacemento, raza, sexo, orientación sexual, capacidade económica, nivel social, convicións políticas, morais ou relixiosas, discapacidades físicas, sensoriais ou psíquicas, ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.<br><br>Os actos individuais ou colectivos de desafío á autoridade do profesorado e ao persoal de administración e de servizos que constitúan unha indisciplina grave.<br><br>A gravación, a manipulación e a difusión por calquera medio de imaxes ou informacións que atenten contra o dereito á honra, á dignidade da persoa, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe dos demais membros da comunidade educativa.<br><br>As actuacións que constitúan acoso escolar consonte o establecido polo artigo 28 desta lei.<br><br>A suplantación da personalidade en actos da vida docente e a falsificación, alteración ou subtracción de documentos académicos.<br><br>Os danos graves causados de forma intencionada ou por neglixencia grave ás instalacións e aos materiais dos centros docentes, incluídos os equipos informáticos e o software, ou aos bens doutros membros da comunidade educativa ou de terceiros, así como a súa subtracción. | Realización, dentro ou fóra do horario lectivo, de tarefas que contribúan á mellora e ao desenvolvemento das actividades do centro.<br><br>Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias do centro por un período de entre dúas semanas e un mes.<br><br>Cambio de grupo.<br><br>Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un período de entre catro días lectivos e dúas semanas. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.<br><br>Suspensión temporal do dereito de asistencia ao centro por un período de entre catro días lectivos e un mes. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.<br><br>Cambio de centro. |

| | |
|---|---|
| Os actos inxustificados que perturben gravemente o normal desenvolvemento das actividades do centro, incluídas as de carácter complementario e extraescolar.<br><br>As actuacións gravemente prexudiciais para a saúde e a integridade persoal dos membros da comunidade educativa do centro, ou a incitación a elas.<br><br>Portar calquera obxecto, substancia ou produto gravemente perigoso para a saúde ou a integridade persoal de calquera membro da comunidade educativa. En todo caso, reputarase indisciplina grave a resistencia ou a negativa a entregar os obxectos a que se refire o punto terceiro do artigo 11 desta lei cando se é requirido para iso polo profesorado.<br><br>A reiteración, nun mesmo curso escolar, de condutas leves contrarias á convivencia.<br><br>O incumprimento das sancións impostas. | |

| GRADUACIÓN DAS CONDUTAS<br>**Para a graduación das medidas correctoras previstas nesta sección tomaranse en consideración especialmente os seguintes criterio** | |
|---|---|
| **ATENUANTES** | **AGRAVANTES** |
| O recoñecemento espontáneo do carácter incorrecto da conduta e,<br><br>Se é o caso, o cumprimento igualmente espontáneo da obriga de reparar os danos producidos nos termos previstos polo artigo 13 desta lei. | A existencia de intencionalidade ou reiteración nas condutas.<br><br>A difusión por calquera medio, incluídos os electrónicos, telemáticos ou tecnolóxicos, da conduta, das súas imaxes ou da ofensa.<br><br>A natureza dos prexuízos causados.<br><br>O carácter especialmente vulnerable da vítima da conduta, se se trata dun alumno ou alumna, por razón da súa idade, de recente incorporación ao centro ou calquera outra circunstancia. |

## 6.3. Medidas re-educativas e correctoras

### 6.3.1. Medida a aplicar con condutas leves contrarias á convivencia

**MEDIDAS A APLICAR CON CONDUTAS LEVES CONTRARIAS Á CONVIVENCIA**

| MEDIDAS A APLICAR | PROCEDEMENTO | QUEN A APLICA |
|---|---|---|
| Comparecencia inmediata ante a xefatura de estudos ou dirección.<br><br>Realización de traballos específicos (escolares ou sociais) en horario lectivo, na aula de convivencia ou noutros espazos que se decidan ata máximo tres días lectivos. | **1ª VEZ**<br>**PARTE DE FALTA**<br><br>Comprobar atenuantes<br>Comprobar agravantes | Profesor/a<br>Titor/a<br>Xefe/a de estudos<br>Director/a |
| Comparecencia inmediata ante a xefatura de estudos ou dirección.<br><br>Realización de traballos específicos (escolares ou sociais) en horario lectivo, na aula de convivencia ou noutros espazos que se decidan ata máximo tres días lectivos.<br><br>Contrato de bo comportamento (departamento de orientación).<br><br>**Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias no centro por un período de ata unha semana.**<br><br>**Cambio de grupo de ata unha semana.** | **2ª VEZ**<br>**PARTE DE FALTA**<br><br>Comprobar prescrición<br>Comprobar atenuantes<br>Comprobar agravantes | Xefe/a de estudos<br>Director/a |

| MEDIDAS A APLICAR CON CONDUTAS LEVES CONTRARIAS Á CONVIVENCIA | | |
|---|---|---|
| Comparecencia inmediata ante a xefatura de estudos ou dirección.<br><br>Realización de traballos específicos (escolares ou sociais) en horario lectivo, na aula de convivencia ou noutros espazos que se decidan.<br><br>Realización en horario non lectivo de tarefas que contribúan á mellora do desenvolvemento das actividades do centro. Contando coa colaboración dalgunha asociación (por ex. “Vieiro”)<br><br>Contrato de bo comportamento (departamento de orientación).<br><br>**Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias no centro por un período de ata unha semana.**<br><br>**Cambio de grupo de ata unha semana.**<br><br>• Suspensión do **DEREITO DE ASISTENCIA A DETERMINADAS CLASES** por un período de ata tres días lectivos. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción do proceso educativo.<br><br>Suspensión temporal do **DEREITO DE ASISTENCIA AO CENTRO** por un período de ata tres días lectivos. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción do proceso educativo.<br><br>• | **3º VEZ<br>PARTE DE FALTA**<br><br>Comprobar prescrición<br>Comprobar atenuantes<br>Comprobar agravantes | Director/a |

| MEDIDAS A APLICAR CON CONDUTAS LEVES CONTRARIAS Á CONVIVENCIA | | |
|---|---|---|
| • Suspensión do **DEREITO DE ASISTENCIA A DETERMINADAS CLASES** por un período de ata tres días lectivos. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción do proceso educativo.<br><br>Suspensión temporal do **DEREITO DE ASISTENCIA AO CENTRO** por un período de ata tres días lectivos. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción do proceso educativo. | **4ª VEZ PARTE DE FALTA**<br><br>Comprobar prescrición<br>Comprobar atenuantes<br>Comprobar agravantes | Director/a |
| Suspensión do **DEREITO DE ASISTENCIA A DETERMINADAS CLASES** por un período de ata tres días lectivos. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción do proceso educativo.<br><br>Suspensión temporal do **DEREITO DE ASISTENCIA AO CENTRO** por un período de ata tres días lectivos. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción do proceso educativo. | **5ª VEZ PARTE DE FALTA**<br><br>Comprobar prescrición<br>Comprobar atenuantes<br>Comprobar agravantes | Director/a |
| | **MÁIS DE CINCO PARTES**<br>Comprobar prescrición<br>Comprobar atenuantes<br>Comprobar agravantes<br><br>**VALORAR COMO GRAVE APLICAR EXPEDIENTE DISCIPLINARIO** | Director/a<br>Instrución para incoar expediente disciplinario |

ANEXO XI. Modelo de parte de amonestación xeral

ANEXO XII. Modelo de parte amonestación específico de retirada móbil

| PRESCRICIÓN CONDUTAS LEVES CONTRARIAS Á CONVIVENCIA | CONDUTAS LEVES<br>1 MES | MEDIDAS<br>4 MESES |
|---|---|---|
| | ☞ Teranse en conta os partes de faltas que terán carácter acumulativo no tempo.<br>☞ No suposto de pasar un mes dende a última conduta, empezarase de novo.<br>☞ No suposto de pasar menos dun mes dende a última conduta considerarase un agravante. | ☞ Teranse en conta as medidas aplicadas que terán carácter acumulativo no tempo.<br>☞ No suposto de pasar catro meses dende a última medida, empezarase de novo.<br>☞ No suposto de non pasar catro meses dende a última medida considerarase un agravante. |
| ☞ Teranse en conta os períodos de vacacións para tomar decisións sobre a prescición. Se un parte de faltas se aplicase unha ou dúas semanas antes dun período de vacacións, terase en conta para o seguinte período lectivo.<br>☞ Teranse en conta dous partes nun mesmo mes, no suposto de considerar os agravantes. | | |

### 6.3.2. Procedementos a seguir con condutas gravemente prexudiciais para a convivencia

No caso de codutas gravemente prexudiciais para a convivencia é importante respectar os prazos das distintas medidas a seguir cos procedementos recomendados dende a Consellería de Educación.

| PROCEDEMENTOS - CGP | | |
|---|---|---|
| **PRAZOS** | **MEDIDAS A SEGUIR** | **PROCEDEMENTOS** |
| **2 días lectivos**<br>(D. 8/2015, art. 47) | A dirección debe determinar o procedemento de corrección:<br>1. Conciliado<br>2. Común | ⇨ Período de información previa<br>**MODELO de recollida de información previa** |
| | A dirección poderá adoptar medidas correctoras provisionais, non superior a tres días lectivos. | Cambio temporal de grupo<br>Suspensión do dereito á asistencia a determinadas clases, actividades, centro. |

| PROCEDEMENTOS - CGP | | |
|---|---|---|
| **PRAZOS** | **MEDIDAS A SEGUIR** | **PROCEDEMENTOS** |
| **3 días lectivos desde que se tivo coñecemento da conduta merecedora de corrección** (D.8/2015, art. 48) | ★ A dirección do centro inicia o procedemento de corrección e **notificará esta por escrito ao alumno/a** ou, de ser menor non emancipado/a, ás persoas proxenitoras ou representantes legais desta/e e, se cumpren os requisitos exixidos para iso, daralle a posibilidade de corrixila mediante o procedemento CONCILIADO, informándoos das súas peculiaridades e das obrigas que comporta.<br><br>★ Noutro caso, notificaráselles a utilización do procedemento COMÚN para a súa corrección. | **MODELO de notificación do procedemento de corrección por escrito**. |
| | ★ A dirección do centro designará unha persoa docente para que actúe como INSTRUTOR/A do procedemento corrector.<br><br>★ A dirección do centro nomeará preferentemente a un profesor con experiencia ou formación en convivencia escolar, mediación ou resolución de conflitos no ámbitos escolar. Asignarase por orde alfábética e non poderá impartir docencia ao alumno/a obxecto do procedemento corrector. | **MODELO de nomeamento de instrutor/a do procedemento corrector e coas súas funcións.** |
| **1 día lectivo** | ★ Nos casos en que se lles ofrece ao alumno/a ou ás persoas proxenitoras ou represententes legais desta/e a posibilidade de corrección da conduta mediante o procedemento CONCILIADO, estes comunicarán por escrito á dirección do centro a aceptación ou non deste procedemento no **prazo dun día** lectivo seguinte á recepción da notificación.<br><br>★ De non comunicárselle nada á dirección do centro neste prazo, aplicaráselle o procedemento COMÚN. | **MODELO de comunicación para os proxenitores ou representantes legais de aceptación ou non do procedemento CONCILIADO** |

| PROCEDEMENTOS - CGP | | |
|---|---|---|
| **PRAZOS** | **MEDIDAS A SEGUIR** | **PROCEDEMENTOS** |
| **5 días lectivos** | ★ A persoa instrutora disporá de **CINCO DÍAS LECTIVOS** para a instrución do procedemento corrector, contadas a partir da súa designación. | ✓ Citar ao alumno/a<br>✓ Citar aos proxenitores ou representantes legais<br>✓ Tomar declaración<br>✓ Asinar declaración<br>✓ Redactar proposta de medidas |
| **1 día lectivo** | ★ A dirección do centro notificará por escrito ao alumno/a e, se fose menor de idade non emancipado, aos seus proxenitores ou represantes legais a RESOLUCIÓN adoptada no prazo **DUN DÍA LECTIVO** a partir da recepción da proposta do INSTRUTOR/A.<br><br>★ A dirección do centro remitirá a RESOLUCIÓN adoptada á XEFATURA TERRITORIAL correspondente. | ✓ Citar ao alumno/a<br>✓ Citar aos proxenitores ou representantes legais<br>✓ Presentar resolución<br><br>**MODELO de comunicación da resolución á Inspección Educativa** |

| PROCEDEMENTO CONCILIADO DE CORRECCIÓN (D.8/2015 arts.49, 50. 51) | | |
|---|---|---|
| **DESENVOLVEMENTOS NO PROCEDEMENTO** | | **CONCRECIÓNS** |
| OBXECTIVOS | ★ Favorecer a implicación e o compromiso do alumno/a corrixido e da súa familia.<br>★ Ofrecer a posibilidade de que a persoa agraviada se sinta valorada.<br>★ Axudar a consensuar as medidas correctoras.<br>★ Facilitar a inmediatez da corrección educativa. | |
| REQUISITOS | ★ Que o alumno/a responsable dalgunha das condutas gravemente prexudicias para a convivencia recoñeza a gravidade da súa conduta<br>★ Que o alumno/a estea disposto/a a reparar o dano material ou moral e<br>★ Que o alumno/a se comprometa a cumprir as medidas correctoras que correspondan.<br>★ No caso de que haxa outros membros da comunidade educativa afectados polo súa conduta, que estes mostren a súa conformidade a acollerse a dito procedemento. | 👍 Recoñecemento da gravidade da conduta.<br>👍 Reparación do dano material ou moral.<br>👍 Compromiso de cumprir as medidas correctoras.<br>👍 Conformidade no suposto de haber outros membros afectados.<br><br>**MODELO por escrito onde se reflicten estas concrecións.** |

## PROCEDEMENTO CONCILIADO DE CORRECCIÓN (D.8/2015 arts.49, 50. 51)

| | | |
|---|---|---|
| CANDO **NON** APLICAR ESTE PROCEDEMENTO | Cando se aprecie que a conduta presenta unha **especial e notoria gravidade**.<br><br>Cando a **persoa agraviada** ou, para o caso do alumno/a menor de idade non emancipado/a, as persoas proxenitoras ou represente legais destes **non comuniquen** a súa disposición a acollerse ao procedemento CONCILIADO.<br><br>Cando o **alumno/a autor/a da conduta** ou, de ser menor de idade non emancipado/a, as persoas proxenitoras ou represente legais deste/a non comuniquen a súa diposición a acollerse ao procedemento CONCILIADO.<br><br>Cando **xa se fixese uso deste procedemento** de corrección durante o mesmo curso escolar, co mesmo alumno/a, para corrixir unha conduta semellante. | ✓ En condutas con especial e notoria gravidade.<br>✓ Non acollerse a este procedemento, o autor/a e/ou a vítima.<br>✓ Xa aplicado este procedemento no curso. |
| DESENVOLVEMENTO DO PROCEDEMENTO (art. 50) | ►Cando o alumno/a ou, de ser menor non emancipado/a, as persoas proxenitoras ou representates legais deste/a **opten por corrixir a conduta polo procedemento CONCILIADO**<br><br>►A dirección convocará á persoa docente designada como instrutor/a do procedemento corrector e ás persoas afectadas a unha **reunión** no prazo máximo de **1 día lectivo contado dende o remate do prazo para a comunicación da opción elixida.** | **1 DÍA LECTIVO**<br><br>**Dirección**<br>**Instrutor/a**<br>**Persoas afectadas**<br><br>**Reunión** |
| | ►Na reunión, a persoa instrutora recordaralles aos afectados/as ou, de ser menor non emancipado/a, ás persoas proxenitoras ou representantes legais destes/as, que están a participar nun procedemento CONCILIADO ao que se someteron **voluntariamente,** e que iso supón **acatar o acordo** que derive deste. | **Acordo voluntario** |

## PROCEDEMENTO CONCILIADO DE CORRECCIÓN (D.8/2015 arts.49, 50. 51)

| | | |
|---|---|---|
| | ►Tamén advertirá ao alumno/a e, de ser o caso, ás persoas ou representantes legais destes/as, que **as declaracións** que se realicen formarán parte do EXPEDIENTE DO PROCEDEMENTO CORRECTOR no suposto de que non se alcance a conciliación. | **Tomar declaración** |
| | ►Posteriormente, a persoa instrutora exporá e valorará a conduta que é obxecto de corrección facendo fincapé nas consecuencias que tivo para a convivencia escolar e para os demais membros da comunidade educativa e, oídas as partes, proporá algunha das medidas correctoras para aquela conduta. | **Propor medidas correctoras** |
| | ►A continuación, a persoa instrutora dará a palabra ao alumno/a e ás persoas convocadas para que manifesten as súas opinión sobre a conduta que se pretende corrixir e realicen as consideracións oportunas sobre a súa corrección. | **Opinión** |
| | ►A petición de desculpas por parte do alumno/a será tida en conta como circunstancia que condiciona a súa responsabilidade, á hora de determinar a medida correctora que se vai adoptar. | **Petición de desculpas** |
| | ►Finalmente, as persoas participantes no procedemento deberán acordar a medida correctora que consideren máis adecuada para a conduta do alumno/a e, se procede, as medidas educativas reparadoras referidas no artigo 35 deste decreto. Deberá quedar constancia escrita da conformidade coas medidas correctoras fixadas por parte do alumno/a autor/a da conduta e da persoa agraviada e, de ser menor non emancipado/a, das persoas proxenitoras ou representantes legais deste/a. | |
| | ►**O acordo consensuado polas partes será RATIFICADO pola persoa que exerza a dirección do centro**. | |

| **PROCEDEMENTO CONCILIADO DE CORRECCIÓN** (D.8/2015 arts.49, 50. 51) | | |
|---|---|---|
| | ►O incumprimento por parte do alumno/a das medidas correctoras acordadas dará lugar á corrección da súa conduta mediante o procedemento COMÚN.<br><br>►O procedemento CONCILIADO finalizará unha vez obtido o acordo entre as partes. No caso de que non se logre o acordo continuarase a corrección polo procedemento COMÚN. | |
| **A MEDIACIÓN NO PROCEDEMENTO CONCILIADO (art. 51)** | ►No procedemento CONCILIADO actuará unha persoa MEDIADORA na forma que se estableza nas normas de organización e funcionamento do centro.<br><br>►A persoa MEDIADORA non substituirá a INSTRUTORA do procedemento, senón que colaborará con ela para lograr o achegamento entre as persoas afectadas e o seu consenso na medida correctora que se vaia aplicar.<br><br>►As funcións que poderá desempeñar a persoa MEDIADORA neste procedemento serán as seguintes:<br>❖ Contribuír ao proceso de conciliación.<br>❖ Axudar a que cada unha das persoas afectadas comprenda cales son os intereses, necesidades e aspiracións das outras partes para chegar ao entendemento.<br>❖ Apoiar o adecuado cumprimento do acordo no procedemento CONCILIADO | **Equipo de mediación**<br>**Instrutor/a**<br>**Funcións** |

## PROCEDEMENTO COMÚN DE CORRECCIÓN (D.8/2015 arts. 52, 53, 54)

| DESENVOLVEMENTOS NO PROCEDEMENTO | | CONCRECIÓNS |
|---|---|---|
| OBXECTIVOS | ►Corrixir condutas gravemente prexudicias<br><br>►Aplicar medidas correctoras mantendo o proceso educativo e o dereito ás avaliacións.<br><br>►Facer un seguimento para comprobar se mellorou a conduta. | |
| REQUISITOS | ►O procedemento COMÚN de corrección de condutas gravemente prexudiciais para a convivencia do centro utilizarase cando o alumno/a ou, de ser o caso, as persoas proxenitoras ou representantes legais deste/a opten por el.<br><br>►Cando non sexa posible desenvolver o procedemento CONCILIADO.<br><br>►O procedemento COMÚN require da instrución dun procedemnto corrector, de acordo co previsto neste decreto). | |
| DESENVOLVEMENTO DO PROCEDEMENTO COMÚN (art. 53) | ►A dirección do centro ten **DOUS DÍAS LECTIVOS** PARA DECIDIR O PROCEDEMENTO<br><br>►A dirección do centro ten **TRES DÍAS LECTIVOS** para **comunicar ao alumno**/a ou, de ser menor non emancipado/a, ás persoas proxenitoras ou representantes legais desta/e e **nomear o instrutor/a**.<br><br>►A persoa resposable da tramitación deste procedemento corrector será unha persoa docente do centro designada como persoa INSTRUTORA. | **2 DÍAS LECTIVOS DESDE O COÑECEMENTO DA CONDUTA**<br><br>**Dirección**<br>**Persoas afectadas**<br><br>**3 DÍAS LECTIVOS DESDE O COÑECEMENTO DA CONDUTA MERECEDORA DE CORRECCIÓN**<br><br>**Dirección**<br>**Instrutor/a**<br>**Persoas afectadas**<br><br>**Comunicación**<br>**Nomeamento** |
| | ►A persoa instrutora disporá de **CINCO DÍAS LECTIVOS** para a instrución do procedemento corrector, contados a partir da súa designación. | **5 DÍAS LECTIVOS**<br><br>**Instrutor/a**<br><br>**Revisar datos**<br>**Tomar declaracións** |

| | | |
|---|---|---|
| | ►Finalizada a instrución do procedemento, a persoa INSTRUTORA formulará a proposta de resolución e dará audiencia ao alumno/a e, se foxe menor de idade non emancipado, aos proxenitores ou represantes legais, **convocándoos a unha comparecencia que terá lugar no prazo máximo de TRES DÍAS LECTIVOS** contados a partir da recepción da citación. Na referida comparecencia poderán acceder a todo o actuado e do resultado expedirase a ACTA. | **3 DÍAS LECTIVOS**<br>**Instrutor/a**<br>**Persoas afectadas**<br>**Dar audiencia**<br>**Levantar ACTA** |
| RESOLUCIÓN DO PROCEDEMENTO DE CORRECCIÓN, RECLAMACIÓNS E EXECUCIÓN DE MEDIDAS (art. 54) | ►Á vista da proposta da persoa instrutora **a DIRECCIÓN do centro ditará a RESOLUCIÓN ESCRITA** do procedemento de corrección que considerará polo menos os seguintes contidos:<br>❖ Feitos probados<br>❖ De ser o caso, circunstancias que reduzan ou acentúan a responsabilidade<br>❖ Medidas correctoras que se vaian aplicar.<br>❖ **Posibilidade de solicitar ante o CONSELLO ESCOLAR no prazo de DOUS DÍAS LECTIVOS desde a recepción da resolución, a revisión da medida correctora imposta.** | **2 DÍAS LECTIVOS**<br>**Dirección**<br>**Persoas afectadas**<br>**Consello escolar**<br>**Resolución do procemendemento corrector**<br>**Solicitude de revisión da resolución polo consello escolar** |
| | ►**A dirección do centro notificará por escrito** ao alumno/a, se fose menor de idade non emancipado, aos proxenitores ou represantes legais a RESOLUCIÓN adoptada no prazo **DUN DÍA LECTIVO** a partir da recepción da proposta do INSTRUTOR/A. | **1 DÍA LECTIVO**<br>**Dirección**<br>**Persoas afectadas**<br>**Inspección**<br>**Notificar resolución** |
| | ►**A Dirección do centro remitirá a RESOLUCIÓN adoptada á XEFATURA TERRITORIAL correspondente**. | |
| MEDIDAS | ►Arbitraranse medidas para o seguimento dos causantes da situación de acoso que impidan a continuación de eventuais condutas acosadoras<br>►As correcións que se impoñan serán inmediatamente executivas. | |

| PRESCRICIÓN DE CONDUTAS GRAVEMENTE PREXUDICIAIS | CONDUTAS | MEDIDAS |
|---|---|---|
| | **4 MESES** | **1 ANO** |
| | • Teranse en conta os partes de faltas, que terán carácter acumulativo no tempo.<br>• No suposto de pasar 4 meses dende a última conduta, empezarase de novo.<br>• No suposto de pasar menos de 4 meses dende a última conduta, considerarase un agravante. | • Teranse en conta as medidas aplicadas que terán carácter acumulativo no tempo.<br>• No suposto de pasar 1 ano dende a última medida, empezarase de novo.<br>• No suposto de non pasar 1 ano dende a última medida considerarase un agravante. |

## 7. A COMISIÓN DE CONVIVENCIA

No artigo 6.1 do Decreto 8/2015 sobre a *comisión de convivencia, indica respecto a súa* ***constitución*** *que esta:*

> "*co*nstituirase no seo do seu Consello escolar. Terá carácter consultivo e desempeñará as súas funcións por delegación do Consello escolar, para facilitar o cumprimento das competencias que este ten asignadas en materia de convivencia escolar e velará pola correcta aplicación do disposto neste decreto, no plan de convivencia e nas normas de convivencia da cada centro".

No artigo 8 deste mesmo decreto fai referencia ás **función do equipo directivo** respecto do plan de convivencia e a comisión de convivencia.

> "Ao equipo directivo do centro correspóndenlle as seguintes funcións: a) Elaborar, de ser o caso, o **plan de convivencia** do centro e as demais actuacións derivadas do desenvolvemento, seguimento, avaliación e revisión deste, así como as demais competencias da **comisión de convivencia**, mentres esta non estea constituída…
>
> En todo caso, as medidas e os acordos do número anterior serán recollidos pola **Comisión de Coordinación Pedagóxica (CCP)** e polo resto dos órganos de coordinación docente para incluílos nos documentos institucionais do centro, concretamente nas concrecións curriculares de etapa, para asegurar a coherencia destes co proxecto educativo do centro e a programación xeral anual.
>
> A **comisión de convivencia** elaborará, ao rematar cada curso escolar, a correspondente memoria do plan de convivencia do centro, de acordo cos datos e coas conclusións extraídos do proceso de seguimento e avaliación e coas propostas de mellora que se consideren necesarias. O **consello escolar**, en pleno, por proposta da súa comisión de convivencia, aprobará a memoria do plan de convivencia elaborada por esta. Esta memoria formará parte da memoria anual do centro."

### 7.1. Normas de funcionamento da comisión de convivencia

A comisión de convivencia exercerá por delegación do Consello escolar as seguintes funcións:

- ⇨ Elaborar o **plan de convivencia** do centro e dinamizar todos os sectores da comunidade educativa, incorporando as súas iniciativas e achegas no procedemento de elaboración, desenvolvemento e seguimento do plan.
- ⇨ Adoptar as **medidas preventivas** para garantir os dereitos de todos os membros da comunidade educativa e o cumprimento das normas de convivencia do centro.

- ⇨ Impulsar accións dirixidas á promoción da convivencia, especialmente o fomento de actitudes para **garantir a igualdade** entre mulleres e homes, a igualdade de trato de todos os membros da comunidade educativa **e a resolución pacífica de conflitos**.
- ⇨ Propor ao Consello escolar **as medidas que considere oportunas para mellorar a convivencia**, así como dar conta a este, cando menos dúas veces ao longo do curso, das actuacións desenvolvidas e das correccións e medidas disciplinarias impostas.
- ⇨ Propor, de ser o caso, á persoa titular da dirección do centro persoas que poidan formar parte do **equipo de mediación**.
- ⇨ Coñecer o cumprimento efectivo das **correccións e medidas correctoras** nos termos en que fosen impostas e informar ao consello escolar sobre o grao de cumprimento da normativa vixente.
- ⇨ Realizar o **seguimento dos compromisos** de convivencia subscritos no centro.
- ⇨ Elaborar unha **memoria anual** sobre a análise da convivencia e conflitividade no centro, na cal se reflictan as iniciativas no ámbito do centro sobre a materia. Este informe será trasladado ao consello escolar do centro e ao correspondente servizo territorial de Inspección Educativa.
- ⇨ Aqueloutras que lle sexan encomendadas polo consello escolar do centro docente ou polo órgano da administración educativa con competencias na materia.
- ⇨ Atendendo a estas funcións concrétanse as seguintes normas de funcionamento para a comisión de convivencia:

| | NORMAS | DESTINATARIOS |
|---|---|---|
| **O plan de convivencia** | Deseñar, implementar, facer seguimento e avaliación do plan de convivencia | Os membros de toda a comundiade educativa |
| **Medidas preventivas** | Incluír no plan de convivencia medidas preventivas e de sensibilización | Toda a comunidade educativa |
| **Actuacións específicas sobre igualdade e resolución pacífica de conflitos** | Incluír no plan de convivencia as actuacións xerais e específicas sobre igualdade e resolución conflitos | Toda a comunidade educativa |

| | | |
|---|---|---|
| **O equipo de mediación e axuda entre iguais** | Incluír, de ser posible, no plan de convivencia a preparación, a formación e o seguimento do equipo de mediación | Entre iguais, priorizando as actuacións no alumnado. |
| **Medidas de mellora da convivencia** | Incluír no plan de convivencia propostas de mellora, establecendo indicadores e tendo en conta os obxectivos específicos | A concretar pola comisión de convivencia a partir do seguimento e avaliación do plan de convivencia |

Cando a comisión de convivencia o considere oportuno poderá **solicitar o asesoramento dos/ as profesionais do departamento de Orientación** que interveñen no centro, do **profesorado titor** relacionado co tema que se analice, do **educador ou educadora social do Concello** onde estea o centro educativo ou **doutros ou doutras profesionais** segundo a problemática de que se trate, así como das **asociacións** do sector que poidan colaborar na mellora da convivencia.

## 7.2. Composición da comisión de convivencia

O Consello escolar do centro educativo, ademais das funcións que lle atribúe o artigo 127 da Lei orgánica 2/2006 e o artigo 57 da Lei orgánica 8/1985, do 3 de xullo, reguladora do dereito a educación, terá entre elas a de

> "elixir as persoas representantes da comisión de convivencia, de acordo co establecido no artigo 6.2 do Decreto 8/2015".

No artigo 6.2 do Decreto 8/2015 di que:

> "a comisión de convivencia, na súa composición, integrará o **principio de igualdade** entre mulleres e homes de todos os sectores da comunidade educativa. Estará composta polas persoas representantes do alumnado, do profesorado, das familias e do persoal de administración e servizos e, no caso dos centros concertados, tamén por unha persoa representante da titularidade do centro, todas elas na mesma proporción en que se encontran representadas no consello escolar do centro ou órgano equivalente. Será **presidida pola persoa titular da dirección** do centro e unha das persoas integrantes actuará como secretaria ou secretario, quen levantará a acta das súas reunións. **O nomeamento** das persoas integrantes da comisión de convivencia nos centros educativos **corresponde ao director ou á directora** por proposta dos

colectivos representados. Os seus membros poden coincidir cos do consello escolar, pero non teñen que ser os mesmos necesariamente".

## 7.3. Periodicidade das reunión da comisión de convivencia

No artigo 6.3. do Decreto 8/2015, faise referencia ao réxime de funcionamento da comisión de convivencia, indicando que:

"o réxime de funcionamento, composición e o desenvolvemento das funcións da comisión de convivencia de cada centro docente **concretarase no plan de convivencia**, de conformidade co establecido para os órganos colexiados na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da administración xeral e do sector público autonómico de Galicia e, en todo caso, **manterán tres reunións** anuais de carácter ordinario, unha por trimestre, e c**on carácter extraordinario cantas veces sexa convocada pola súa presidencia**, por iniciativa propia ou por proposta de, polo menos, unha terceira parte dos seus membros".

| PERIODOS | TIPOS DE REUNIÓN | ACTUACIÓNS |
|---|---|---|
| **1º Trimestre** | Reunión ordinaria | Convócaa o/a director/a<br><br>Asígnase secretario/a entre os seus membros<br><br>Levántase acta |
| **2º Trimestre** | Reunión ordinaria | Convócaa o/a director/a<br><br>O secretario/a levanta acta |
| **3º Trimestre** | Reunión ordinaria | Convócaa o director/a<br><br>O/a secretario/a levanta acta |
| **En calquera momento do curso escolar** | Reunións extraordinarias | A proposta do director/a<br><br>A proposta dunha terceira parte da comisión<br><br>Convócaa o director/a<br><br>O/a secretario/a levanta acta do tratado |

# 8. COORDINACIÓN E COLABORACIÓN DA COMUNIDADE EDUCATIVA

## 8.1. Axentes internos do centro

Entre os distintos membros do centro é necesaria unha coordinación e colaboración permanente, sobre todo para a resolución de conflitos buscando un ambiente positivo no centro e de tolerancia cero ante calquera acto de violencia e conflictividade.

O **equipo directivo** debe favorecer un bo clima no centro, facendo prevención, pero tamén intervindo e resolvendo aquelas problemáticas que poden condicionar a convivencia, que poden vir dende os distintos sectores da poboación (profesorado, alumnado, familias, persoal de administración en servizos). Os mecanismos de coordinación estableceranse dende os procedementos habituais: Comisión de Coordinación Pedagóxica, claustro de profesorado e Consello escolar. Ademais de aquelas reunións que sexa preciso levar a cabo partido da iniciativa propia da dirección do centro ou por demanda dos membros da comunidade educativa. Cada membro do equipo directivo debe favorecer a convivencia no centro educativo, a dirección, a vicedirección, a xefatura de estudos e a secretaría, cada un dentro do seu ámbito de competencias, sendo sempre a última responsable a dirección.

Os distintos **departamentos didácticos**, baixo a coordinación dun xefe de departamento, tamén manterán espazos e tempos para a coordinación e a colaboración, deixando reflectido nas súas programacións didácticas un apartado relativo á convivencia ou á forma de integrar contidos de xeito transversal. Dende as CCP, os xefes de departamento establecerán as liñas de actuación a seguir no plan de convivencia.

O **departamento de Orientación** debe asesorar en todo momento e favorecer os procesos de coordinación e colaboración, participando activamente en materia de convivencia.

O **claustro do profesorado** estará implicado e participará en todas aquelas actividades de convivencia que se consideren oportunas, a nivel

complementario e extraescolar, buscando un ambiente de colaboración que influirá positivamente, sobre todo, no alumnado e nas familias.

## 8.2. Axentes externos ao centro

### ► Coas familias:

O centro establecerá mecanismos de coordinación formais coas familias na representación do Consello escolar. Por outro lado, implicarase á Asociación de nais e pais de alumnado (ANPA) para que colabore no bo clima do centro. O centro ten que levar a cabo actuacións de formación coas familias dende esta asociación para tratar aqueles temas que poden ser de preocupación para as familias, como no caso do acoso escolar ou ciberacoso. Para isto contamos coa colaboración de axentes externos como, por exemplo, o Plan Director para a convivencia nos centros da garda civil.

Dende o comenzo de cada curso, estableceranse reunións coas familias dos alumnos e alumnas, en especial do alumnado novo, sobre todo na ESO, para informar sobre a organización e funcionamento do centro. Ademais destas reunións, comunicaránselles as vías de coordinación e colaboración do centro, valoradas sempre como moi necesarias, coas horas de atención ás familias do profesorado, un espazo de atención ás familias e a posibilidade de derivar calquera actuación cara ao departamento de Orientación coa coordinación dos titores e titoras.

### ► Cos centros adscritos:

Durante todo o curso escolar haberá coordinación e colaboración cos centros adscritos:

- O Ceip Otero Pedrayo de A Laracha
- O Ceip Alfredo Brañas de Paiosaco
- O Ceip de Caión

Destácase a acollida do alumnado ao comenzo do curso, coa invitación das familias, asignación dos grupos e titorías. Pero será sobre todo durante o terceiro trimestre onde se farán varias actuacións cos centros adscritos, sobre todo co alumnado que vén novo ao instituto:

- Charlas informativas ao alumnado e familia no cambio de etapa.
- Reunión co equipo docente, especialistas en apoio e orientación de primaria co departamento de Orientación do instituto.
- Xornadas de portas abertas, con charla sobre a organización e funcionamento do centro, e visita das instalacións.

Parte destas actuacións faranse extensibles a outros centros de educación infantil e primaria non adscritos da zona que teñan interese en coñecer o funcionamento do instituto.

**► Cos centros de secundaria do entorno:**

O centro ten zona de influencia para a emisión e recepción de alumnado novo de centros educativos do entorno, en concreto da zona de Carballo e da zona de Arteixo.

Levaranse a cabo reunións de coordinación para falar daqueles alumnos que poden vir ao noso centro para cursar estudos que non teñen os outros implantado, sobre todo de formación profesional. Levaranse a cabo comunicacións vía telefónica ou por correo electrónico para tratar temas xerais de organización e funcionamento.

**► Con outros organismos ou asociacións:**

Na zona de A Laracha e con respecto a este centro cóntase coa coordinación con distintos organismos e asociacións que directa ou indirectamente favorecen a convivencia no centro educativo, desenvolvendo programas específicos ou intervindo en casos individuais segundo as necesidades que se presentan:

- Servizos Socias do Concello de A Laracha.

- Servizos de Saúde, Unidade de Pediatría
- Servizos de Seguridade, coa Garda Civil e a Policía Local
- Centros privados de psicopedagóxia e logopedia

Sen ser na zona, por necesidades do centro, cóntase con outros servizos a destacar:

- Unidade de saúde mental infanto-xuvenil, no Centro Hospitalario de Oza, na Coruña
- Equipo de Orientación Específico, especialistas en trastornos da conduta, na Coruña.
- Inspección Educativa, na Coruña.

## 9. DIFUSIÓN, SEGUIMIENTO E, AVALIACIÓN E PROPOSTAS DE MELLORA DO PLAN

### 9.1. Difusión do plan

No artigo 17 do Decreto 8/2015 establécese a necesidade de difusión do plan de convivencia. Será o **equipo directivo** quen leve a cabo as actuacións para que o plan de convivencia sexa coñecido, aplicado e valorado por todos os sectores da comunidade educativa. Así mesmo, levará a cabo as actuacións para difundir as normas de convivencia na comunidade educativa.

E dende a administracion educativa facilitarase a difusión, por diferentes medios, das boas prácticas educativas en materia de convivencia escolar.

| | |
|---|---|
| **Campaña de difusión no centro** | ֍ **O contido íntegro do plan será dado a coñecer a todos os membros da comunidade educativa a través da páxina web do centro.**<br><br>֍ **Os membros do consello escolar recibirán unha copia do documento mediante correo electrónico ou en formato papel.**<br><br>֍ **Así mesmo, poranse a disposición do profesorado as copias necesarias en soporte dixital e en formato papel na sala de profesores para que poidan ser consultadas en calquera momento.**<br><br>֍ **As familias serán informadas por escrito da aprobación e relevancia do plan e o texto estará a disposición das nais e pais que o soliciten. Poderán acceder tamén dende a páxina web do centro.** |
| **Difusión na aula** | ֍ Dende a acción titorial traballaranse aqueles contidos do plan de convivencia que teñan unha relación máis directa co alumnado.<br><br>֍ Centrarase no coñecemento das normas de |

| | |
|---|---|
| | convivencia e as formas de afrontar os conflitos de maneira pacífica. En todo momento traballarase a autoestima, a adquisición de habilidades sociais e a resolución de conflitos, a educación en valores e a participación do alumnado.<br><br>֍ Dende as distintas materias traballaranse contidos transversais relacionados coa convivencia, no relativo ás normas básicas de convivencia nas distintas clases, o respecto á igualdade e non discriminación. Haberá materias nas que se traballarán contidos específicos relacionados coa paz, a convivencia, a igualdade de xénero, a non discriminación, pero será necesario ter en conta todos estes contidos de xeito interdisciplinar. |
| **Difusión ás familias** | ֍ As familias estarán informadas de todo o relativo á convivencia, buscando en todo momento puntos de encontro e colaboración co centro, para mellorar a convivencia entre todos e todas.<br><br>֍ Terán acceso ao plan de convivencia do centro, terán especial coñecemento dos seus dereitos e deberes e das normas de organización e funcionamento en materia de convivencia. Recibirán información sobre os seus fillos e fillas cando sexa necesario facer prevención ou intervir aspectos concretos relacionados coa convivencia. |

## 9.2. Seguimento do plan

O Decreto 8/2015, establece que lle corresponderá ao **equipo directivo** elaborar, de ser o caso, o plan de convivencia do centro e as demais actuacións derivadas do desenvolvemento, seguimento, avaliación e revisión deste, así como as demais competencias da comisión de convivencia, mentres esta non estea constituída.

Tamén se establece que o **consello escolar** debe realizar anualmente **o** seguimento e a avaliación do plan de convivencia e das normas de convivencia do centro. O **claustro** tamén debe participar na avaliación anual da convivencia

no centro, incidindo especialmente no desenvolvemento do plan de convivencia.

En concreto, no artigo 16 faise referencia aos *procesos de seguimento, avaliación e mellora do plan de convivencia:*

1. Cada centro educativo establecerá os mecanismos e indicadores para o seguimento e a avaliación do plan de convivencia.
2. O equipo directivo dos centros docentes garantirá a participación na avaliación do plan de convivencia de todos os sectores da súa comunidade educativa.
3. A comisión de convivencia elaborará, ao rematar cada curso escolar, a correspondente memoria do plan de convivencia do centro, de acordo cos datos e coas conclusións extraídos do proceso de seguimento e avaliación e coas propostas de mellora que se consideren necesarias. O consello escolar, en pleno, por proposta da súa comisión de convivencia, aprobará a memoria do plan de convivencia elaborada por esta. Esta memoria formará parte da memoria anual do centro.
4. Aos servizos de Inspección Educativa correspóndelles supervisar a elaboración, o desenvolvemento e a avaliación do plan de convivencia do centro, así como prestar o asesoramento necesario para tales fins.
5. A consellería con competencias en materia de educación poderá establecer algún procedemento para a recollida de incidencias en materia de convivencia nos centros educativos dela dependentes, a través de medios electrónicos ou telemáticos.

No artigo 31 do decreto 8/2015, céntrase no ***seguimento e avaliación das actuacións referidas á mellora da convivencia*** *nos centros educativos*, indicando as seguintes:

1. A consellería competente en materia de educación promoverá e planificará, con carácter anual, as diferentes accións tendentes ao seguimento e á avaliación da convivencia nos centros da Comunidade Autónoma de Galicia, a través dos servizos territoriais da **Inspección Educativa**.

2. Para realizar o seguimento e a avaliación da convivencia escolar teranse en conta, entre outros, os informes anuais que realicen as respectivas **comisións de convivencia e as conclusións das memorias anuais dos respectivos plans de convivencia**, así como a memoria anual que elabore o Consello para a Convivencia Escolar da Comunidade Autónoma de Galicia.
3. Así mesmo, a consellería competente en materia de educación poderá solicitar información de todos aqueles organismos, institucións e entidades que colaboren na mellora da convivencia escolar.

Neste plan o proceso de seguimento terá carácter trimestral e será a comisión de convivencia a que a levará a cabo en reunións ordinarias e/ou extraordinarias cando sexa preciso. Levantarase acta de cada reunión durante o curso escolar e elaborará a memoria ao final de curso do plan de convivencia, que formará parte da memoria xeral do centro.

## 9.2. Avaliación e propostas de mellora do plan

A avaliación incluirá varios aspectos, a temporalización, os criterios de avaliación e os procedementos de avaliación.

En canto á **temporalización**, haberá tres momentos a destacar:

- Unha avaliación previa ou inicial que terá carácter diagnóstico e nos permite deseñar un plan convivencia realista e adaptado ás necesidades do centro. Esta avaliación inicial será supervisada cada curso.
- Unha avaliación de procesos ou contínua, que será levada a cabo no seguimento da implentación do plan de convivencia. Terá en conta todas as actuacións, medidas e programas a desenvolver, dentro dun modelo de centro que vive a convivencia como algo global e inherente á súa organización e funcionamento.
- Unha avaliación final ou de resultados que permita comprobar se se acadaron os obxectivos e en que grao. Todo isto tendo en conta a

valoración e implicación dos participantes que inclúe a toda a comunidade educativa e o seu entorno.

Respecto aos **criterios de avaliación** permite analizar se se conseguiron os obxectivos e en que grao. Partirase sempre dos mesmos nos seguintes termos:

| | | GRAOS | | |
|---|---|---|---|---|
| | **CRITERIOS A AVALIAR** | **SI** | **NON** | **CASE** |
| ***No ámbito do centro*** | Revisaron os documentos oficiais de centro e deixaron constancia dos contidos específicos sobre convivencia. | | | |
| | Adecuaron a normativa educativa e as actualizacións ás necesidades do noso centro | | | |
| | Implicaron a toda a comunidade educativa en materia de convivencia | | | |
| | Informaron e comunicaron de todos os protocolos necesarios para un bo clima de centro e a resolución de conflitos | | | |
| | Proporcionaron unha formación permamente en temas relativos á convivencia | | | |
| ***No ámbito do alumnado*** | Detectaron necesidades de carácter persoal que poden incidir na conduta para facer prevención ou intervencións inmediatas. | | | |
| | Previron e desenvolveron actuacións a nivel individual para a resolución pacífica de conflitos. | | | |
| | Realizaron intervencións a nivel grupal, dende as titorías, para a resolución pacífica de conflitos | | | |
| | Formaron e prepararon ao alumnado para formar un equipo de mediación e axuda ao alumando con máis necesidades de control condutual. | | | |
| ***No ámbito das familias*** | Corresposabilizaron ás familias no labor para unha boa convivencia no centro. | | | |
| | Colaboraron co centro para axudar aos alumnos con máis necesidades a mellorar e resolver problemas de convivencia. | | | |
| | Informaron e aceptaron as normas de convivencia do noso centro dende as vías de comunicación dispoñibles. | | | |
| | Contaron coas canles de comunicar para tratar problemas de conduta no centro educativo, tendo en conta a representación no consello escolar. | | | |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| ***No ámbito doutros axentes socio-educativos*** | Implicaron á Administración educativa na toma de medidas educativas e correctoras do centro educativo coa formación técnica en temas de convivencia. | | | |
| | Tiveron en conta aos axentes dos EOE especializado como un nivel externo de orientación educativa, sobre todo co especialista en transtornos da conduta | | | |
| | Contaron coa colaboración doutras administacións: Familia, Traballo, Sanidade, entre outros | | | |
| | Contaron coa colaboración do Concello: sobre todo dos servizos sociais. | | | |
| | Valoraron a colaboración doutras asociacións sen ánimo de lucro relacionadas con temas de convivencia | | | |

No relativo aos instrumentos de avaliación teranse en conta diversos tipos de recursos para valorar a convivencia, tanto cualitativos como cuantitativos. Cuestionarios, enquisas, rexistros e todos aqueles documentos que poida ser preciso ter en conta para a avaliación do plan. Estos instrumentos poderán ter carácter formal ou poderán ser elaborados específicamente.

Para finalizar o plan de convivencia, feito o seu deseño, implementado e avaliado, ao finalizar cada curso escolar a comisón de convivencia redactará **unha memoria que permitirá establecer propostas de mellora no propio plan** e de cara aos novos cursos para a mellora da convivencia. É importante facer un seguemento do proceso de desenvolvemento do plan segundo as normas de funcionamento da comisión de convivencia, que terá unha periodicidade con reunións con carácter trimestral.

Centraremos, sobre todo, no nivel de implicación e participación dos distintos membros da comunidade educativa e dos axentes do entorno. Revisaremos e estableceremos novos obxectivos a conseguir deseñando actuacións, medidas e programas que permitan a súa consecución, sempre atendendo ás necesidades que vaian xurdindo no noso centro educativo.

| PROPOSTAS DE MELLORA | |
|---|---|
| **Respecto do equipo directivo** | |
| **Respecto da comisión de convivencia** | |
| **Respecto dos obxectivos establecidos** | |
| **Respecto da implicación e participación do profesorado** | |
| **Respecto da implicación e participación da familia** | |
| **Respecto da implicación e participación do alumnado** | |
| **Respecto da implicación e participación do PAS** | |
| **Respecto da implicación e participación doutros axentes socioeducativos** | |
| **Respecto ás actuacións, programas e medidas** | |
| **Respecto da difusión do plan** | |
| **Respecto á implementación, seguimento e avaliación** | |

Todo o plan debe estar dentro dun modelo de convivencia integrado e globalizado, que facilite e mellore o desenvolvemento integral dos nosos alumnos e alumnas nuns principios e valores propiamente democráticos, onde participe toda a comunidade educativa.

## 10. REFERENCIAS NORMATIVA, BIBLIOGRÁFICA E WEBGRAFÍA

### NORMATIVA EDUCATIVA

∗ LEI ORGÁNICA 2/2006, de 3 de maio, de Educación (LOE).

∗ LEI 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa. (DOG 15-7-2011)

∗ REAL DECRETO 1105/2014, de 26 de diciembre, polo que se establece o currículo básico da educación secundaria obligatoria e do bacharelato. (BOE 3-1-2015)

∗ DECRETO 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumando dos centros docentes da Comuniade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

∗ DECRETO 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar. (DOG 27-1-205)

∗ Circular 8/2009 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se regulan algunhas medidas de atención á diversidade para o alumnado da educación secundaria obrigatoria.

∗ AAVV (2018). Protocolo educativo para a prevención, detección e tratamento do acoso escolar e ciberacoso. Edita: Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional.

∗ AAVV (2018). Protocolo de atención en urxencias sanitarias e atención educativa ao alumnado con enfermidade crónica. Edita: Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional.

⁎ AAVV (2018). Protocolo de urxencias sanitarias e enfermidade crónica no ámbito educativo. addenda de atención ao alumnado con diabetes. Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional

⁎ AAVV (2018). Protocolo de prevención, detección e atención educativa domiciliaria no ámbito educativo. Edita: Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional.

⁎ AAVV (2017). Protocolo educativo para garantir a igualdade, a non discriminación e a liberdade de identidade de xénero Edita: Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria

⁎ AAVV (2018). Protocolo de prevención, detección e intervención do risco suicida no ámbito educativo. Edita: Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional.

⁎ I Plan de actuacións para a Igualdade nos centros educativos de Galicia 2016-2020. Secretaría Xeral da Igualdade (Vicepresidencia e C. P residencia, Administracións Públicas e Xustiza). Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria

⁎ AAVV (2020). Guía de actuación ante casos de violencia de xénero no ámbito educativo. Edición Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza Secretaría Xeral de Igualdade. Observatorio da violencia de xénero.

⁎ AAVV (2016). Protocolo de protección de datos. Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

⁎ ESTRATEXIA GALEGA DE CONVIVENCIA ESCOLAR Informe de diagnose 2015 – 2020. Educonvives.gal. Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

⁎ AAVV (2017). Orientacións sobre o plan de convivencia do centro educativo Autores: Varios Edita: Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria

**RECURSOS PARA A AULA**

Piquet, E. (2017). ¡He vencido al bullying!. Editorial Juventud. Barcelona.

AAVV (2018). Por ti y por todos tus compañeros. Nueve relatos contra el acoso escolar, con actividades para sensibilizar y prevenir. Editorial CCS. Madrid.

León, C. (2017). Ira. Inteligencia emocional. Cuaderno 2. Editorial GEU. Granada.

León, C. (2018). Tristeza. Inteligencia emocional. Cuaderno 4. Editorial GEU. Granada.

León, C. (2018). Miedo. Inteligencia emocional. Cuaderno 5. Editorial GEU. Granada.

León, C. (2018). Aversión. Inteligencia emocional. Cuaderno 7. Editorial GEU. Granada.

León, C. (2018). Tristeza. Inteligencia emocional. Cuaderno 8. Editorial GEU. Granada.

Berg, B (2007). El juego sobre el acoso escolar. De 8 años en adelante. Ediciones TEA. Madrid.

**RECURSOS BIBLIOGRÁFICOS SOBRE CONVIVENCIA, MEDIACIÓN E RESOLUCIÓN DE CONFLITOS**

Álvarez, D., Álvarez, L. e Núñez, J.C. (coords.) (2010). *Aprende a resolver conflictos. Programa para mejorar la convivencia escolar*. ARCO. CEPE. Madrid (inclúe libro guía do profesor e cd actividades fichas para alumno)

Beane, A. (2006). *Bullying. Aulas libres de acoso*. Graó. Barcelona.

Bisquerra, R. (coord.) (2014). *Prevención del acoso escolar con educación emocional*. Coa obra de teatro *Postdata*. Desclée. Bilbao.

Carrascosa, M.J. e Martínez, B. (1998). *Cómo prevenir la indisciplina*. Editorial Escuela Española. Madrid.

Casamayor, G. (coord.) (2004). *Cómo dar respuesta a los conflictos. La disciplina en la enseñanza secundaria*. Graó. Barcelona.

Durán, D. e Vidal. V. (2004). *Tutoría entre iguales: Un método de aprendizaje cooperativo para la diversidad en secundaria*. Graó. Barcelona.

Fernández, I. (2001). *Guía para la convivencia en el aula*. Colección Educación emocional. Ciss-Praxis. Barcelona.

Fernández, I. (2011). *Prevención de la violencia y resolución de conflictos. El clima escolar como factor de calidad*. Narcea. Madrid.

Gómez, M.T.; Mir, V. e Serrats, M.G. (1997). *Propuestas de intervención en el aula. Técnicas para lograr un clima favorable en la clase*. Narcea. Madrid.

Ibarrola-García, S. e Iriarte, C. (2012). *La convivencia escolar en positivo. Mediación y resolución de conflictos*. Pirámide. Madrid.

Jares, X. (2006). *Pedagogía de la convivencia*. Graó. Barcelona.

López, C e Valls, C. (2013). *Coaching educativo. Las emociones, al servicio del aprendizaje*. Ediciones SM. Madrid.

Luca de Tena, C.; Rodríguez, R.I. e Sureda, I. (2001). *Programa de habilidades sociales en la Enseñanza Secundaria Obligatoria. ¿cómo favorecer las habilidades sociales en los alumnos?*. Aljibe. Málaga.

Munné, M. e Mac-Cragh, P. (2006*). Los 10 principios de la cultura de mediación*. Graó. Madrid.

Pérez, C. (2009). *Valores y normas para la convivencia en el aula. Programas de intervención educativa*. EOS. Madrid.

Pérez, G. e Pérez, M.V. (2011). *Aprender a convivir. El conflicto como oportunidad de crecimiento*. Narcea. Madrid.

Teixidó, J. e Castillo, M. (2013). *Prácticas de mejora de la convivencia escolar. Recopilación, sistematización y análisis de buenas prácticas*. Ediciones Aljibe. Málaga.

Torrego, J.C. (coord.) (2006). *Modelo integrado de mejora de la convivencia. Estrategias de mediación y tratamiento de conflictos*. Graó. Barcelona.

Torrego, J.C. (coord.) (2010). *El plan de convivencia. Fundamentos para su elaboración y desarrollo*. Alianza Editorial. Madrid.

Torrego, J.C. (coord.) (2013). La ayuda entre iguales para mejorar la convivencia escolar. Manula para la formación de alumnos/as ayudantes. Narcea. Madrid.

Valdemoros, M.A. e Goicoechea, M.A. (coords.) (2012). *Educación para la convivencia. Propuestas didácticas para la promoción de valores*. Biblioteca nueva. Madrid.

Vallés, A. (1997). *Modificación de la conducta problemática del alumno. Técnicas y programas*. Marfil. Alicante.

Viñas, J. (2004). *Conflictos en los centros educativos. Cultura organizativa y mediación para la convivencia*. Graó. Barcelona.

VVAA (2000). *Disciplina y convivencia en la institución escolar. Claves para la innovación educativa 5*. Graó. Barcelona.

VV.AA. (2001). *Acción titorial, transversalidade e resolución de conflitos*. Toxosoutos. Santiago de Compostela (USC).

Whatling, T. (2013). *Mediación: habilidades y estrategias. Guía práctica*. Narcea. Madrid.

Xunta de Galicia (2005). *Matrato entre iguais. Programa de sensibilización sobre o maltrato entre igual. Material para o profesorado e para o alumnado*. Tórculo edicións. Santiago de Compostela.

## RECURSOS BIBLIOGRÁFICOS PARA A AULA DE CONVIVENCIA

Appel, R. (2009). *Ola de calor*. La mar de fácil Editorial. Barcelona.

Capó, M. (2008). *El país de las mates. 100 problemas de ingenio 2. El rompecabezas*. Madrid.

Couzon, E. e Dorn, F. (2012). *Cuadernos de ejercicios para controlar el estrés.* Malinka. Barcelona.

Duplessis, O. (2012*). Cuaderno de ejercicios para convivir con los demás*. Malinka. Barcelona.

Flores, M. (2010). *El agua del Rif*. La mar de fácil Editorial. Barcelona.

Geffroy, P. e Ferrieu-Geffroy, S. (2013). *Cuaderno de ejercicios para comunicarse con serenidad*. Malinka. Barcelona.

Kotsou, I. (2011). *Cuadernos de ejercicios de inteligencia emocional*. Terapiasverdes. Barcelona.

Laugier, M. (2012). *Cuaderno práctico… para dar sentido a la vida*. Malinka. Barcelona.

López, N. e Baides, J. (2014). *Historias con huella. Relatos para la comprensión lectora y la expresión escrita. 12-15 años*. Ediciones Aljibe. Málaga.

López, N. e Baides, J. (2014). *Historias con huella 2. Relatos para la comprensión lectora y la expresión escrita. 12-15 años*. Ediciones Aljibe. Málaga.

Martí, N. (2011). *Bajo el mismo cielo. El Winnipeg rumbo a Chile*. La mar de fácil Editorial. Barcelona.

Martí, N. (2012). *Trampa de fuego*. La mar de fácil Editorial. Barcelona.

Thalman, Y. (2012). *Cuaderno de ejercicios de gratitud*. Terapiasverdes. Barcelona.

Vallés, A. e Vallés, C. (2000). *Autoestima. 1º ciclo Educación Secundaria obligatoria*. Marfil. Alcoy

**WEBGRAFÍA**

http://ntic.educacion.es/w3/recursos2/convivencia_escolar/

http://www.juntadeandalucia.es/educacion/webportal/web/convivencia-escolar

http://www.educa.jcyl.es/convivencia/es

http://www.educacionenvalores.org/Convivencia-escolar

https://convivencia.wordpress.com/

http://www.educantabria.es/planes/convivenciaescolar.html

https://www.edu.xunta.es/convivenciaxestion/

http://www.edu.xunta.gal/portal/Educonvives.gal

Volta segura ás aulas | Consellería de Cultura, Educación e Universidade (xunta.gal). EDUCACION EMOCIONAL (xunta.gal)

# ANEXOS DO PLAN DE CONVIVENCIA

I. Ficha de rexistro do alumnado coas medidas a seguir na aula de convivencia (pax. 26) [ PÁXINA 111 ]

II. Ficha de reflexión para traballar co alumnado na aula de convivencia (pax. 36) [ PÁXINA 112 ]

III. Programa específico de habilidades sociais e resolución de conflitos (pax. 38) [ PÁXINA 113 ]

IV. Protocolo específico 5.1

- Procedementos de actuacións ante situacións de acoso escolar (pax. 41) [ PÁXINA 133 ]
- Plan director para a convivencia nos centros: solicitude e contactos (pax. 41) [ PÁXINA 140 ]
- Documentos específicos para o protocolo de acoso escolar (pax. 41)

V. Protocolo 5.2

- Documentos específicos para o protocolo de urxencia sanitaria (pax. 44)

VI. Protocolo 5.3

- Circular informativa sobre protección de datos (pax. 47) [ PÁXINA 142 ]

VII. Protocolo 5.4

- Documentos específicos para o protocolo de identidade de xénero (pax. 50)

VIII. Protocolo 5.5

- Documentos específicos para o protocolo de risco suicida (pax. 54)
- Programa específico de actuación ante a morte dun compañeiro/a. Preparación ante o duelo na aula (pax. 54) [ PÁXINA 143 ]

IX. Protocolo 5.6

- Documentos específicos para o protocolo de violencia de xénero (pax. 58)

X. Guía de actuación ante problemas de conduta (pax. 64) [ PÁXINA 146 ]

XI. Modelo de parte de amonestación xeral (pax.78) [ PÁXINA 147 ]

XII. Modelo de parte de amonestación específico de retirada de móbil (pax. 78) [ PÁXINA 148 ]

# ANEXO I

| CONVIVENCIA | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| ALUMNO/A | | | | | |
| GRUPO | | DATA | | HORA | |
| PROFESOR/A | | | MATERIA | | |
| MOTIVO | | | | | |

| | |
|---|---|
| 1 | Describe os feitos: |
| | |
| 2 | A miña reacción foi: |
| | |
| 3 | Conseguín: |
| | |
| 4 | Síntome: |
| | |
| 5 | Para resolver este problema podo: |
| | |
| 6 | A próxima vez, actuaría dunha maneira máis intelixente: |
| | |
| 7 | Para mellorar as miñas actuacións, COMPROMÉTOME a: |
| | |

| DATA: | Sinatura do alumno/a |
|---|---|
| | |

# ANEXO II

| REXISTRO AULA DE ATENCIÓN EDUCATIVA E CONVIVENCA - DATA: ____ de ______________ de 20__ | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| HORA | ALUMNO/A | GRUPO | ENVIADO POR | MOTIVOS | MEDIDAS | PROFESOR/A DE GARDA |
| 1ª | | | | | | |
| 2ª | | | | | | |
| R | | | | | | |
| 3ª | | | | | | |
| 4ª | | | | | | |
| R | | | | | | |
| 5ª | | | | | | |
| 6ª | | | | | | |
| 7ª | | | | | | |
| 8ª | | | | | | |

OBSERVACIÓNS

# ANEXO III

**PROGRAMA ESPECÍFICO DE HABILIDADES SOCIAIS E RESOLUCIÓN DE CONFLITOS NO ÁMBITO EDUCATIVO**

## INTRODUCIÓN

Existe un gran número de enfoques de intervención para a prevención, tratamento e rehabilitación dos adolescentes que presentan problemas de adaptación escolar e integración social. Técnicas psicopedagóxics individuais e grupais, condutuais para modificar condutas disruptivas por medio do reforzo, tratamentos médico, intervencións psicopedagóxicas que intentan mellorar e aumentar as actitudes prosociais do adolescente que está a presentar problemas de tipo condutual.

Os investigadores parten da certeza de que ningún dos tratamentos ten a eficacia necesaria para axudar a todos os tipos de alumnos/as. Isto levou a autores como Goldstein e Stein (1976) a buscar o obxectivo de seleccionar o tipo de tratamento adecuado a cada individuo. O modelo que se vai propor está na liña do traballo do adestramento psicopedagóxico, que propugna o paradigma cognitivo que sustenta o actual sistema educativo.

Este modelo céntrase no interese pola conduta desestruturante cara á importancia da obtención de competencias clave. O adolescente necesita posuír unha serie de competencias para resolver una ampla gama de problemas na escola, na familia e na sociedade. Todas estas tarefas non se aprenden con facilidade, por tanto todos os esforzos que se fagan son de gran utilidade.

Este enfoque recoñoce a necesidade de eliminar aquelas condutas disruptivas, contrarias á convivencia, pero incide máis na necesidade de ofercer ao adolescente unha serie de habilidades prosociais, interpersoais, de planificación e manexo do estrés, que o capaciten para enfrontarse aos conflitos que se lle van plantexar. Como se pode ver, ponse o acento no enfoque preventivo máis que de intervención, coa idea de conseguir un desenvolvemento harmónico da persoa e que lle permita levar una vida efectiva e satisfactoria tanto a nivel persoal como interpersoal.

Por outro lado, no noso actual sistema educativo prima a adquisición de competencias básicas para a vida, destacando sobre todo as relacionadas coas relacións sociais e a educación en valores. Estas competencias deben traballarse dende todas as áreas e ámbitos de traballo da comunidade educativa. A comisión de convivencia, co departamento de orientación e a coordinadora de convivencia favorecerán en todo momento estas propostas.

Na Lei 4/2011 as medidas correctoras das condutas contrarias á convivencia apenas se modifican con respecto ao elenco actual, xa que a experiencia da súa aplicación práctica demostra que esa configuración é esencialmente acertada e operativa. Inclúe tres novidades:

- A previsión, como complemento das devanditas medidas, da elaboración e do **desenvolvemento polo departamento de orientación** de cada centro docente **de programas de habilidades sociais** dirixidos ao alumnado que incorra en condutas disruptivas, coa finalidade de mellorar a súa integración no centro docente, e tamén a aquel alumnado que, como consecuencia da imposición das medidas correctoras previstas, se vexa temporalmente privado do seu dereito de asistencia ao centro.
- O establecemento de criterios específicos de graduación das medidas, que inclúen o recoñecemento espontáneo do carácter incorrecto da conduta e, se é o caso, o cumprimento igualmente espontáneo da obriga de reparar os danos producidos, a existencia de intencionalidade ou reiteración, a difusión por calquera medio da conduta, a natureza dos prexuízos causados e o carácter especialmente vulnerable da vítima da conduta, se esta se trata dun alumno ou alumna, por razón da súa idade, de recente incorporación ao centro ou calquera outra circunstancia.
- Para rematar, fíxanse prazos de prescrición claros que superan a regra actual de que as medidas correctoras prescriben á finalización do curso escolar.

No artigo 19 desta lei, que concreta o relativo aos programas e actuacións complementarias ás medidas correctoras, faise referencia a que:

1. Como complemento das medidas correctoras previstas nesta sección, **o departamento de orientación** de cada centro docente elaborará e desenvolverá un **programa de habilidades sociais** dirixido ao alumnado que incorra reiteradamente en condutas disruptivas, coa finalidade de mellorar a súa integración no centro docente. Así mesmo, elaborará e desenvolverá un **programa de habilidades sociais** para aquel alumnado que, como consecuencia da imposición das medidas correctoras previstas nesta sección, se vexa privado do seu dereito de asistencia ao centro.
2. Estes programas aplicaranse **en colaboración co profesorado titor** e, de ser o caso, **cos servizos sociais**, e procurarán implicar o **resto do profesorado e as familias** para lograr, conxuntamente, o desenvolvemento adecuado do proceso educativo e das accións propostas.
3. **Crearanse as aulas de convivencia inclusiva**, non estables e con vocación de modificar o tempo de expulsión, con apoios e formación específica, que busquen reincorporar o alumnado á súa propia aula no menor tempo posible.

Na mesma liña, o Decreto 8/2015 tamén establece no artigo 24 as medidas complementarias para a mellora da convivencia. Entre estas medidas faise referencia a que o departamento de orientación elaborará e desenvolverá un programa que contribúa á

adquisición de habilidades e competencias sociais dirixido ao alumnado que incorra reiteradamente en condutas disruptivas, coa finalidade de mellorar a súa integración no centro docente.

Así mesmo, elaborarase e desenvolverase un programa que contribúa á adquisición de habilidades e competencias sociais específico para aquel alumnado que, como consecuencia da imposición das medidas correctoras, estea temporalmente privado do seu dereito de asistencia ao centro. Este programa aplicarase coordinadamente e implicará a: o departamento de orientación e o profesorado titor; o resto do profesorado; as familias; os servizos sociais (cando se considere preciso).

Poderán desenvolverse, ademais, outros programas específicos que supoñan a incorporación de aspectos relacionados con:

- O autoconcepto e a autoestima,
- A xestión pacífica de conflitos,
- A dinámica de grupos,
- O traballo cooperativo,
- A educación afectivo-sexual e
- A igualdade entre homes e mulleres.

Para o desenvolvemento deste programas poderase contar coa intervención de axentes socioeducativos externos especializados.

Respecto a esta programación, tendo en conta o marco teórico e normativo vixente, establécense propostas que poderán ir variando segundo as necesidades que se vaian presentando e, atendendo a estas, ofrecerase a respostas máis axeitada.

## OBXECTIVOS

- Previr as dificultades de aprendizaxe e non atender estas cando se presenta en forma de inadaptación ou fracaso escolar.
- Previr e actuar ante todo tipo de condutas de tipo disruptivo contrarias á convivencia.
- Contribuír á personalización da educación, á integridade da persoa coas súas aptitudes e intereses diferenzados.
- Axustar a resposta educativa ás necesidades persoais dos alumnos/as mediante medidas curriculares e organizativas.

- Favorecer os procesos de madurez persoal, de desenvolvemento da propia identidade e sistema de valores.
- Asegurar a continuidade educativa a través das distintas áreas, ciclos e etapas educativas.
- Contribuír á adecuada relación e interacción entre os diversos integrantes da comunidade educativa.
- Contribuír a facer chegar actuacións de innovación e calidade educativa que favorezan un bo clima no centro.

## PAUTAS DE ACTUACIÓN A SEGUIR

Na análise dos tipos de conflito máis frecuentes no instituto, estímase oportuno traballar nas seguintes actitudes e valores:

a. Autocontrol e autorreflexión: relaxación; autoinstrucións; control agresión/ira; control da tensión; reflexión persoal.

b. Habilidades sociais: Saber escoitar; Saber dialogar; Adaptación ás normas de disciplina; Asertividade; Cooperación; Solidariedade; Respecto entre iguais; Responsabilidade.

Para todo isto propóñense actividades tanto a nivel xeral como titorial e a nivel individual (por reiteración de condutas disruptivas, por suspensión de asistencia ao centro educativo)

| ***NIVEL DE ACTUACIÓN*** | ***ACTIVIDADES*** |
|---|---|
| ***CENTRO*** | Observación de roles traballando a solidariedade<br>Debemos... Encanto a...<br>Campaña de "Día do..."<br>*Ranking* de boa conviencia<br>Campaña publicitaria de boa convivencia |
| ***ACCIÓN TITORIAL*** | Autocontrol de normas, autoestima e relación<br>Diferenzas-homoxeneidade<br>Estratexias enfrontamento-resolución<br>Virtudes-defectos e máis virtudes<br>Aprendendo a pensar en positivo |
| ***INDIVIDUAL*** | Autoestima e autoconcepto: análise e valoración<br>Desenvolvemento cognitivo na resolución de conflitos<br>Contrato de bo comportamento |

## *'OBSERVACIÓN DE ROLES TRABALLANDO A SOLIDARIEDADE'*

**Obxectivos**:

Recoñecer o papel que desempeña cada alumno/a na aula.

Servir de estímulo para crear un clima agradable e relativizar certas situacións.

**Metodoloxía**:

Elaborarase unha ficha para a observación de roles. Os alumnos/as deberán ir cubrindo unha ficha semanal onde aparecerán distintos roles: de traballo, de solidariedade e individual, co nome da persoa destacada na hora/día.

Ao final de cada sesión de clase, deixando dous ou tres minutos para esta actividade, o grupo valorará por votación quen caracteriza o rol de traballo (que traballou máis na clase de maneira individual ou en equipo), de solidariedade (colaboración cos compañeiros/as) e individual (indicando aspectos máis de traballo individualista, sen colaboración).

Primeiro fará esta valoración o grupo-clase, logo o profesorado que imparta clase nesa sesión indicará outro ou o mesmo alumno/a como referencia a cada rol.

**Avaliación**:

Semanalmente valorarase o papel que desempeña cada alumno/a na aula, de cara a formular propostas de intervención dende a propia aula para favorecer roles de traballo individual e en equipo, minimizando aquelas actitudes negativas, individualistas, que entorpezan o ritmo da clase. Intentarase a creación dun clima agradable e relativizar certas situacións, mediante o diálogo e indicación en cada grupo-clase de propostas diversas.

GRUPO: .................... DATA: ....................................

***OBSERVACIÓN DE ROLES***

| | LUNS | | MARTES | | MÉRCORES | | XOVES | | VENRES | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | ROLES DE TRABALLO | | | | | | | | | |
| | Alumnado | Profesorado | Alumnado | Profesorado | Alumnado | Profesorado | Alumnado | Profesorado | Alumnado | Profesorado |
| 1ª HORA | | | | | | | | | | |
| 2ª | | | | | | | | | | |
| 3ª | | | | | | | | | | |
| 4ª | | | | | | | | | | |
| 5ª | | | | | | | | | | |
| 6º | | | | | | | | | | |
| 7ª | | | | | | | | | | |
| 8ª | | | | | | | | | | |
| | ROLES DE SOLIDARIEDADE | | | | | | | | | |
| 1ª HORA | | | | | | | | | | |
| 2ª | | | | | | | | | | |
| 3º | | | | | | | | | | |
| 4ª | | | | | | | | | | |
| 5ª | | | | | | | | | | |
| 6ª | | | | | | | | | | |
| 7ª | | | | | | | | | | |
| 8ª | | | | | | | | | | |
| | ROLES INDIVIDUAIS | | | | | | | | | |
| 1ª HORA | | | | | | | | | | |
| 2ª | | | | | | | | | | |
| 3ª | | | | | | | | | | |
| 4º | | | | | | | | | | |
| 5ª | | | | | | | | | | |
| 6ª | | | | | | | | | | |
| 7ª | | | | | | | | | | |
| 8ª | | | | | | | | | | |

### * *‘DEBEMOS... ENCANTO A...’*

**Obxectivos**:

Elaborar normas concretas que poidan ser incluídas no plan de convivencia e no regulamento de réxime interior.

**Metodoloxía**:

Elaboraranse propostas de normas que puideran ser específicas no centro. Para isto daráselle á clase o seguinte guión:

**DEBEMOS .....**

..... entrar e saír .....

..... facer os cambios de clase .....

..... estar nos recreos .....

..... no patio .....

..... nas aulas .....

..... en canto a :

- material
- pintadas
- limpeza
- orde
- vocabulario
- encordio
- actitude pasiva
- chegar tarde
- falta de respecto

Propoñemos as seguintes sancións .....

Formaranse pequenos grupos (4 ou cinco alumnos/as) nos que se discutirán as ideas sobre o que debemos facer ou como debemos actuar en determinadas situacións propostas, entre outras.

Unha vez traballado en pequeno grupo, farase unha posta en común en gran grupo, no que se debaterán as propostas e concluirase anotando aquelas que sexan mellor valoradas como normas a ter en conta para o grupo e o centro.

Preténdese con isto que os alumnos sexan copartícipes na elaboración das normas do regulamento de organización e funcionamento, ou regulamento de réxime interno, e lles sirva para adquirir o compromiso de cumprilas. Dedicaranse aproximadamente tres sesións de titoría para a realización desta actividade.

**Avaliación**:

Avaliarase o proceso de elaborar normas que poidan ser incluídas no regulamento de réxime interno mediante a observación dos grupos de traballo, o rexistro das ideas traballadas e a presentación por escrito das conclusións ás que se chega nas distintas sesións por parte do profesorado e o propio alumnado.

**** 'CAMPAÑA DE "DIA DO..."'***

**Obxectivos**: Potenciar boas maneiras de actuacións.

Fomentar actitudes e valores sociais.

**Metodoloxía**:

Realizaranse campañas semanais nas que cada día estará dedicado a potenciar diversas maneiras de actuación.

Propoñemos as seguintes:

"***Día* do .....**

LUNS

***..... por favor, grazas"***

MARTES

***..... decibelio"***

MÉRCORES

***..... don limpo"***

XOVES

***..... artesáns da paz"***

VENRES

***..... compromiso"*** , no ámbito da aula.

Poñeranse carteis, que elaborará o alumnado, da actividade semanal en lugares estratéxicos do centro e da actividade diaria na aula. As campañas estarán dirixidas a fomentar actividades e valores sociais.

Na elaboración dos carteis aparecerá información xeral de cada día da semana e un cartel coa información específica para o día.

Irase alternando a exposición dos distintos carteis, por exemplo, unha semana si e outra non, para que a información sexa máis efectiva. Irase valorando nas distintas aulas a proposta da campaña, entregando tarxetas (premio) a aquelas que leven a cabo mellor as distintas actuacións.

**Avaliación**:

Valorarase positivamente o labor do alumnado na elaboración dos carteis para as distintas campañas, comentando o procedemento levado a cabo da mesma. Realizarase unha entrega de tarxetas-premio, para deixar constancia da efectividade das campañas propostas, fomentando sempre valores e actitudes positivas de cara aos grupos e o centro en xeral. Comentarase cales das propostas resultaron máis positivas e cales menos, de cara a propoñer novas actividades ou modificar algunha se é o caso.

**** 'RANKING DE BOA CONVIVENCIA'***

**Obxectivo**: Valorar a importancia dunha boa convivencia.

**Metodoloxía**:

Realizarase unha clasificación de grupos atendendo á boa convivencia.

Para esta actividade cada aula contará cunha cadro onde cada profesor/a asinará no caso de valorar positivamente o desenvolvemento da súa clase; cuantificaranse tamén os aspectos negativos (faltas de orde, expulsións...). O reconto final levará, cada mes, á obtención dun diploma acreditativo de boa convivencia. Ao rematar o curso, á aula que máis diplomas obteña entregaráselle un premio valorando a finalidade da actividade (por exemplo, unha camiseta...).

**Avaliación**:

Cuantificaranse as sinaturas no caso de valorar positivamente o desenvolvemento da súa clase. Tamén se valorarán os aspectos negativos (faltas de orde, expulsións...).

O reconto final levará, cada mes, á obtención dun diploma acreditativo de boa convivencia. Ao rematar o curso, á aula que máis diplomas obteña, entregaráselle un premio valorando a finalidade da actividade (por exemplo, unha camiseta...).

Valorarase nos distintos grupos a importancia de fomentar unha boa convivencia, minimizando os aspectos negativos que se poidan presentar, mediante o diálogo e a presentación de situacións concretas que se teñan que tratar.

**ASINATURAS** DE BOA CONVIVENCIA GRUPO: ..................

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | | | |
| | | | | | | | |
| | | | | | | | |
| | | | | | | | |
| | | | | | | | |
| | | | | | | | |
| | | | | | | | |
| | | | | | | | |
| | | | | | | | |

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| F.O. | | | | | | | |
| EXP. | | | | | | | |

**** 'CAMPAÑA PUBLICITARIA DE BOA CONVIVENCIA'***

**Obxectivo**: Mellorar a boa convivencia do centro.

Desenvolver a creatividade e o traballo en equipo.

**Metodoloxía**:

Confección de carteis ou panfletos, tipo campaña publicitaria, dirixidos a mellorar a convivencia no centro.

Traballarase con materiais diversos, partindo doutras campañas publicitarias xa existentes que se poderán tomar como referencia para seleccionar contidos que vaian dirixidos a mellorar a convivencia do centro.

Realizaranse carteis ou panfletos sobre temáticas diversas favorecendo a creatividade dos grupos.

Traballarase en pequenos grupos, expoñendo ao gran grupo ao final de cada sesión o resultado do traballo realizado.

**Avaliación**:

Realizarase unha valoración positiva do traballo de confección de carteis ou panfletos, coa exposición dos mesmos en lugares estratéxicos do centro.

Rexistrarase de maneira individual ou en pequenos grupos o número de persoas que se dirixen a obter información, consultando por que se dirixiron ao lugar, que é o que máis lles gustou e o que menos, entre outras cuestións.

** 'AUTOCONTROL DE NORMAS, AUTOESTIMA E RELACIÓN'*

**Obxectivo**:

Facer unha reflexión de como se actúa nun período de tempo establecido e poñerlle remedio ás dificultades que poida ter.

**Metodoloxía**:

O titor ofreceralle ao alumno unha ficha de autocontrol na que se reflectirán unha serie de pautas en canto ao cumprimento das normas, autoestima e relación cos compañeiros/as e profesores/as.

Esta ficha pasaráselle ao alumnado en todas as titorías. Logo cada titor/a recollerá estas fichas para ir rexistrando se neles se dá a capacidade de autocontrol respecto ás propostas marcadas.

A partir deste rexistro, traballarase na clase a reflexión, mediante o diálogo, sobre as súas actuacións de cara a buscar solucións aos problemas ou dificultades que poidan acontecer.

**Avaliación**:

Valoraranse mediante o diálogo as distintas reflexións ás que chega o grupo-clase, observando as condutas que se presentan e que rexistrará o propio alumnado, de cara á procura de cambios que melloren o autocontrol nos ámbitos que se propoñen.

Concluirase por escrito a análise de distintos casos que se poidan presentar para ter como indicadores de que é posible mellorar o autocontrol ante distintas situacións.

| *Profesores*<br>*Compañeiros*<br>*Autoestima*<br>*Normas* | ***FICHA DE AUTOCONTROL*** | | | |
|---|---|---|---|---|
| | **Alumno/a.........** | **NON** | **SI** | **Ás veces** |
| | 1. Chego puntual .................................................... | | | |
| | 2. Cumpro as normas do colexio ........................... | | | |
| | 3. Cumpro as normas da clase ............................... | | | |
| | 4. Presento os traballos .......................................... | | | |
| | 5. Estudo .............................................................. | | | |
| | 6. Son responsable ................................................ | | | |
| | | | | |
| | 7. Gústame traballar ............................................... | | | |
| | 8. Penso que fago ben as cousas ............................ | | | |
| | 9. Creo que son o mellor en algo ........................... | | | |
| | 10. Son constante no traballo .................................. | | | |
| | 11. Acepto as críticas ............................................. | | | |
| | 12. Enfádome por nada ........................................... | | | |
| | 13. Acéptome como son ......................................... | | | |
| | 14. Síntome feliz ..................................................... | | | |
| | | | | |
| | 15. Gústame ser líder ............................................. | | | |
| | 16. Teño moitos amigos .......................................... | | | |
| | 17. Contan comigo ................................................ | | | |
| | 18. Enfadámonos .................................................... | | | |
| | 19. Confío nos meus compañeiros .......................... | | | |
| | 20. Gústame traballar en equipo ............................. | | | |
| | | | | |
| | 21. Os meus profesores compréndenme ................. | | | |
| | 22. Confían en min ................................................. | | | |
| | 23. Interésanse polo meu esforzo e rendemento ..... | | | |
| | 24. Teño confianza co meu titor ............................. | | | |
| | 25. Confío no meu titor ........................................... | | | |

## *'DIFERENZAS-HOMOXENEIDADE'*

**Obxectivos**: Aprender a apreciar e respectar o alumnado as diferenzas entre eles.

Darse conta o profesorado da homoxeneidade ou non do grupo clase.

**Metodoloxía**:

1. **Quero ...**
2. **Necesito ...**
3. **Espero ...**
4. **Non podo ...**
5. **Gañarei ...**
6. **Pronto ...**
7. **Todos ...**
8. **O meu grupo ...**
9. **Na miña clase ...**
10. **O meu amigo ...**
11. **Teño medo ...**
12. **Agrádame ...**
13. **Xamais ...**
14. **Agora mesmo ...**
15. **Eu ...**
16. **Os outros ...**
17. **Soño ...**
18. **Divírtome ...**

O alumno/a deberá completar nun folio (anonimamente ou non), con rapidez, unha serie de frases iniciadas polo titor, do tipo:

A continuación reuniranse, libremente, en pequenos grupos, facendo unha posta en común para coñecer as afinidades e opinións que hai entre eles, partindo do guión proposto. Finalmente, farase o mesmo en gran grupo.

**Avaliación**:

Por un lado, os alumnos aprenderán a apreciar e respectar as diferenzas existentes entre eles, valorando as opinións dos outros.

Por outro lado, o profesor darase conta da homoxeneidade ou non do grupo clase como referencia para a formación de grupos homoxéneos ou heteroxéneos dependendo do que quere traballar con eles.

*** ‘ESTRATEXIAS ENFRONTAMENTO-RESOLUCIÓN**

**Obxectivos**:

Facerlle entender ao alumnado que hai que respectar todas as posturas independentemente das opinións de cada un.

Coñecer a actuación do alumnado nun momento determinado e poder reconducila se é pertinente.

**Metodoloxía**:

A seguinte proposta sería proporcionar unha serie de estratexias que o titor/a utilizará para provocar un enfrontamento e posterior resolución:

<u>Primeira estratexia</u>

Enfócase un debate sobre unha temática a elixir polo alumnado e/ou o profesorado, con distintos puntos de vista (*A* e *B*). O grupo *A* quere que o grupo *B* admita que ten a razón, que acepten a súa verdade persoal como propia. Poderase chegar a ‘Isto xa non é opinable, xa que nos asuntos opinables ninguén ten a razón ou todos teñen a razón’, valorándose tamén a capacidade de convición dun grupo sobre outro.

<u>Segunda estratexia</u>

Formularíase unha afirmación, premisa ou hipótese que inicialmente non levase a dúbida, sobre calquera temática, se non é convincente para o alumno apoiariámonos nas fontes obxectivas de información onde claramente se reflectise. (Pódese levar traballada polo profesorado ou facer que o alumnado investigue sobre a mesma).

<u>Terceira estratexia</u>

Un alumno ou alumna provocará verbalmente a outro e este, mediante unha dramatización ou xogo de roles, e ao sentirse ofendido, en lugar de reaccionar agresivamente intentarase

controlar a través dunha serie de exercicios de relaxación (respiración, tensión-distensión) e autocontrol (conta para atrás, frases positivas...). Isto poderase traballar no grupo atendendo á análise das reaccións agresivas que se poden dar nunha provocación verbal e ás respostas de diálogo e autocontrol da situación de maneira positiva.

**Avaliación**:

Facerlles entender que hai que respectar todas as posturas independentemente das opinións de cada un, e servirá, ao mesmo tempo, para que o profesor coñeza a actuación dos alumnos nun momento determinado e poder reconducila se é pertinente.

** 'APRENDENDO A ESCOITAR'*

**Obxectivo**:

Desenvolver a capacidade para escoitar, permitindo descubrir como se cambian, aínda sen querer, as mensaxes

**Metodoloxía**:

Para esta actividade, os alumnos dunha clase participarán como oíntes dunha narración por parte de catro compañeiros voluntarios. Para isto, tres deles sairán de clase e pedirase ao outro que escriba unha historia (real ou ficticia) para lela ou contala. Progresivamente iranse incorporando cada un dos alumnos que volverán a contar a historia.

(Nesta actividade estarán inicialmente todos xuntos na aula para explicar o que se vai facer. Logo sairán catro alumnos/as da aula, voluntariamente. Os que están fóra da aula escribirán unha narración real ou ficticia para lela ou contala. Primeiro entra o que escribe a narración e cóntaa ou ben a le. Despois fai o mesmo o segundo e así sucesivamente).

Outra variante desta actividade consistiría en facer o proceso á inversa, é dicir, sairía toda a clase menos catro compañeiros e progresivamente iríanse incorporando o resto para escoitar a narración.

**Avaliación**:

Comprobar a capacidade para escoitar, permitindo descubrir como se cambian, aínda sen querer, as mensaxes, tomando nota das distintas historias que se narren, para logo analizar as diferenzas e coincidencias.

**** 'VIRTUDES-DEFECTOS E MÁIS VIRTUDES'***

**Obxectivo**: Reflexionar sobre as súas actitudes e relacións cos demais.

**Metodoloxía**:

Os participantes desta actividade son todo o grupo-clase, aos que se lles proporcionarán uns folios, escribindo nestes, de xeito anónimo, os defectos do grupo (sen particularizar ). O titor recolleraos. A continuación escribirán as virtudes. Seguidamente o titor ou alumno lerá en voz alta os resultados por separado, podendo, os alumnos, engadir, disentir ou apoiar.

1º Recoller os defectos anónimos e traballalos na clase

2º Recoller as virtudes anónimas e traballalas na clase

3º Recoller tanto os defectos como as virtudes e traballalos.

* Traballar o fomento das virtudes (explicando o que son), minimizando os defectos (explicando o que son, procurando que non sexa contraproducente)

**Avaliación**:

O valor desta actividade é reflexionar sobre as súas actitudes e relacións cos demais.

***‘APRENDENDO A PENSAR EN POSITIVO’***

**Obxectivo**: Inducir o hábito de pensar e elixir antes de actuar, favorecendo a asertividade.

**Metodoloxía**:

Repartirase un folio a cada alumno que dividirá en catro partes trazando unha cruz. A continuación, cos ollos pechados, imaxinarán que viven nun país onde poden elixir, só unha vez na vida, catro cousas: unha cor, un animal, unha flor e un xogo, que anotarán ou debuxarán en cada unha das partes do folio.

Posteriormente, reuniranse en círculo en gran grupo, explicarán o porqué das súas eleccións e concluirán. Analizarán se coinciden nalgún momento e aceptarán as propostas dos compañeiros/as

**Avaliación**:

Comprobar como se induce o hábito de pensar e elixir antes de actuar, favorecendo a asertividade, mediante a observación e o rexistro

***AUTOESTIMA E AUTOCONCEPTO: ANÁLISE E VALORACIÓN***

**Obxectivo:**

Coñecerse a si mesmo

Recoñecer os aspectos que necesita mellorar

Rexistrar os aspectos aos que facer un seguimento

**Metodoloxía:**

Aplicaranse uns cuestionarios de valoración da autoestima e o autoconcepto e, tendo en conta os resultados, traballaranse os aspectos que precisen mellorar. AF5 de ediciones TEA, e o do programa de Vallés, A. e Vallés, C. (2000). Auotestima. 1º ciclo educación secundaria obrigatoria. Marfil. Alcoy.

Centrarase en varios ámbitos: escolar, social, emocional, familiar e físico. Atendendo a eses ámbitos implicarase ao alumno, ao profesorado e ás familias para o reforzo daqueles aspectos onde debe mellorar.

**Avaliación:**

É capaz de coñecerse a si mesmo e recoñecer en que aspectos precisa mellorar.

É capaz de traballar os distintos ámbitos da autoestima.

***DESENVOLVEMENTO COGNITIVO NA RESOLUCIÓN DE CONFLITOS***

**Obxectivos:**

Coñecer e analizar os conflitos

Formular alternativas ao conflito coas súas vantaxes e inconvenientes.

Seleccionar a mellor solución ao conflito

Poñer en práctica a solución elixida

Facer un seguimento e valoración dos resultados.

**Metodoloxía:**

Traballarase na aula de convivencia tendo en conta os obxectivos marcados.

Seguirase un plan de actuación no que se responderán as seguintes cuestión:

- Cal é o problema.
- Cales son as posibles solucións.

- Vantaxes e inconvenientes de cada solución
- Elección da solución máis axeitada
- Posta en práctica da opción elixida para a solución do problemas
- Seguimento e valoración.

**Avaliación:**

Comprobarase se o alumno é quen de entender que hai un conflito, analizándoo e buscando alternativas para solucionalo.

Comprobarase a capacidade para diferenciar nas solucións as vantaxes e inconvenientes para poder elixir a máis axeitada

Valorarase a posta en práctica do traballado, facendo un seguimento das súas actuacións.

***CONTRATO DE BO COMPORTAMENTO***

**Obxectivo:**

Recoñecer os problemas ou conflitos

Buscar as solucións máis axeitadas aos problemas

Establecer pautas de comportamento alternativas axeitadas

Rexistrar as boas pautas de comportamento

**Metodoloxía:**

Atendendo á actividade anterior levarase a cabo, cando se considere axeitado, o protocolo de contrato de bo comportamento polo alumnado.

**COMPROMISO DE BOA CONDUTA**

As alumnas de 1º ESO-B, no IES Monte Neme de Carballo:

- Sandra xxxxxx xxxxxx
- Marta xxxxxx xxxxx

Pedíronse desculpas mutuamente e comprométense a:

- Amañar os nosos problemas (deixar de acusarse, deixar de insultarse, deixar de faltarse ao respecto)
- Levarse cordialmente ou ben

- Primeiro falar as cosas con respecto
- Ter unha relación de compañeirismo
- Respecto mutuo

Se non foran capaces de cumprir estes compromisos, tomaranse as medidas educativas e sancionadoras que procedan. Estes compromisos revisaranse cada semana, a partir da data deste contrato, os venres no primeiro recreo, pola orientadora do centro ata valorar que non é preciso e todo funciona correctamente.

En A Laracha, ____ de _________ de 2______

Asdo. O titor Asdo. A alumna Asdo. A Alumna Asdo. A orientadora

xxxxx Sandra Marta xxxxx

Sdo. O pai/nai Sdo. O pai/nai

**Avaliación:**

Rexistrarase a actuación e comprobarase o seu cumprimento cun seguimento que poderá ser diario ou semanal ata que melloren as condutas.

**REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS**

LEI 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa. (DOG 15-7-2011)

DECRETO 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar. (DOG 27-1-205)

Álvarez, D., Álvarez, L. e Núñez, J.C. (coords.) (2010). *Aprende a resolver conflictos. Programa para mejorar la convivencia escolar*. ARCO. CEPE. Madrid (inclúe libro guía do profesor e cd actividades fichas para alumno)

Fernández, I. (2011). *Prevención de la violencia y resolución de conflictos. El clima escolar como factor de calidad*. Narcea. Madrid.

Gómez, M.T.; Mir, V. e Serrats, M.G. (1997). *Propuestas de intervención en el aula. Técnicas para lograr un clima favorable en la clase*. Narcea. Madrid.

Vallés, A. (1997). *Modificación de la conduta problemática del alumno. Técnicas y programas*. Marfil. Alicante.

Vallés, A. e Vallés, C. (2000). *Autoestima. 1º ciclo educación secundaria obligatoria*. Marfil. Alcoy.

Vallés, A. e Vallés, C. (2003). *Programa de refuerzo de las habilidades sociales III*. EOS. Madrid.

Vallés, A. e Vallés, C. (2005). *Programa de solución de conflitos interpersonales III*, EOS. Madrid.

Vallés, A., Vallés, C. e Vallés, A. (2013). *Habilidades sociales y emocionales 2. Desarrollo de la competencia social y emocional*. Promolibro. Valencia.

# ANEXO IV

## ANEXO

### PROTOCOLO DE ACTUACIÓN PARA SITUACIÓNS DE ACOSO ESCOLAR

O artigo 15.4 do Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar estabelece o protocolo para a prevención, a detección e o tratamento das situacións de acoso escolar, que incorporará, como mínimo, as seguintes previsións:

a) Realización de **campañas** de sensibilización contra o acoso escolar, dirixidas a toda a comunidade educativa, que axuden a previlo e a prepararse para detectalo e reaccionar e intervir fronte a este.

b) Establecemento de **canles** específicas que faciliten ás vítimas a exteriorización das situacións de acoso escolar.

c) Determinación das **medidas** que deben adoptarse en caso de detección dunha situación de acoso escolar para pórlle fin, sen prexuízo das correccións disciplinarias que correspondan. En todo caso, preverase a designación, pola **persoa titular da dirección** do centro ou titular do centro concertado, dunha persoa responsable da atención á vítima de entre o persoal do propio centro docente. Esta designación procurarase que, cando sexa posible, recaia sobre unha persoa con que a vítima garde unha relación de confianza ou proximidade.

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, edita en maio de 2013 un **protocolo xeral de prevención, detección e tratamento do acoso escolar e o ciber acoso**. Este documento facilita as actuacións a levar a cabo nos casos que poidan xurdir de acoso escolar ou ciberacoso no centro educativo.

#### A. <u>PREVENCIÓN DO ACOSO ESCOLAR</u>

A posta en marcha de medidas para a prevención de situacións de violencia escolar nos centros educativos **deberá partir dun diagnóstico da situación da convivencia** escolar nos centros para establecer actuacións dirixidas a unha prevención máis adecuada.

Estas estratexias de prevención incluiranse no marco do Proxecto Educativo, para favorecer a convivencia no centro.

A prevención debería formularse dende varios niveis:

1. <u>Prevención inespecífica</u>, asumida de xeito amplo pola comunidade educativa no marco xeral da convivencia no centro.

2. <u>De atención específica</u>, intervindo directamente co alumnado e coas familias implicadas en situacións de acoso escolar.

3. De asesoramento e apoio técnico especializado para tratamentos máis específicos.

Todas as medidas preventivas deben:

- ✓ Fomentar o desenvolvemento social do alumnado e o avance da institución escolar no seu conxunto.
- ✓ Incluírse nos documentos internos do centro que correspondan.
- ✓ Levarse a cabo de xeito coordinado polos equipos docentes, co liderado do equipo directivo e o apoio do departamento de Orientación.
- ✓ Transmitirse a todos os sectores da comunidade educativa.

| | |
|---|---|
| **Estratexias organizativas e de prevención no CENTRO**<br><br>**(contribúen á mellora do clima xeral do centro)** | • Promover a participación na elaboración e revisión dos **documentos do centro**, destacando os valores e normas que pretenden desenvolver actitudes prosociais de igualdade, respecto e diálogo, fomentando o consenso na toma de decisións.<br>• Potenciar o funcionamento da **comisión da convivencia** do centro.<br>• **Dirección** que favoreza a participación e comunicación dos problemas.<br>• Solicitar o apoio e o asesoramento do **departamento de Orientación** ante os indicios ou situacións que poden derivar en posible acoso.<br>• Reunións segundo as necesidades do alumnado cos titores por niveis co obxecto de deseñar accións conxuntas para a mellora da convivencia.<br>• Impulso e actuación de comisións de mediación e outras estratexias de tratamento e resolución de conflitos.<br>• Difusión á comunidade educativa, a través de diferentes medios, do plan de convivencia e das normas de organización e funcionamento.<br>• Garantir que todos os membros da comunidade educativa coñezan os seus dereitos e deberes.<br>• Organización de grupos de traballo que favorezan as relacións persoais.<br>• Organización do centro respectuosa coa diversidade e aceptación desta como un valor positivo, fomentando a inclusión.<br>• Impulsar nas concrecións curriculares para os distintos ciclos ou cursos o desenvolvemento de todas as competencias básicas, en especial a competencia social e cidadá.<br>• Rexistro dos conflitos que se producen no centro co fin de ter unha visión global e introducir as modificacións necesarias na regulación da convivencia do centro.<br>• Divulgar entre o profesorado, alumnado e familias orientacións básicas sobre o acoso e a súa prevención.<br>• Protocolos de información ante unha situación de acoso.<br>• Establecer canles para a denuncia de situacións de acoso con garantía de confidencialidade: mediante **CORREO ELECTRÓNICO pódese facer a SOLICITUDE DE AXUDA ANTE O ACOSO E CIBERACOSO.**<br>• Vixilancia en zonas comúns: aseos, corredores, recreos, entradas e saídas...<br>• Introdución de estratexias específicas de desenvolvemento emocional, habilidades sociais e axuda persoal.<br>• Creación das condicións favorables para a inserción de programas de mellora da convivencia: programas específicos de resolución de conflitos, programas de mediación en conflitos e axuda entre iguais...<br>• Promover encontros, conferencias e obradoiros para a toda a comunidade educativa, orientados á construción dunha convivencia positiva.<br>• Elaboración de orientacións e establecemento de programas de formación para todos os membros da comunidade educativa sobre a prevención e resolución de conflitos.<br>• Elaboración de orientacións e establecemento de programas formativos dirixidos aos diferentes membros da comunidade educativa, coa intención de previr e actuar ante situacións de ciberacoso. |
| **Estratexias de prevención na AULA** | • Inclusión no plan de acción titorial da elaboración de **normas de convivencia** en cada clase, incluíndo de xeito explícito normas contra o acoso entre os compañeiros ou compañeiras, nas que se sensibilice sobre o dano que produce o maltrato e se faga explícito o rexeitamento a todos os tipos de violencia, así como propostas de recuperación en caso de incumprimento das normas.<br>• Realizar **actividades de titoría** programadas no grupo referidas a: -Relacións no grupo. - Fomento da amizade. - Tarefas colaborativas. - Sensibilización fronte ao maltrato. - Conciencia da importancia do coidado das relacións afectivas e emocionais dos adolescentes. - Análise das relacións interpersoais, dos sentimentos e dos conflitos.<br>• Traballar no grupo **habilidades sociais** asertivas e de autocoñecemento que capaciten o alumnado para dar respostas axeitadas en diferentes contextos: - Educar para as relacións interpersoais igualitarias baseadas na valoración mutua e no respecto. - Exercitar técnicas de autocontrol, empatía e resistencia á frustración. - Desenvolver a través de métodos cooperativos habilidades prosociais e destrezas para a xestión das emocións. - Formar comisións de alumnos/as para a mellora da convivencia en xeral: equipos de mediación, axudantes de recreo... - Facilitarlle ao alumnado canles para que poida comunicarse co profesorado.<br>• Utilizar **sesións de titoría e xuntas de avaliación** para detectar posibles situacións de acoso e/ou ciberacoso, analizando tamén os casos de absentismo escolar.<br>• Manter a través da acción titorial **contactos periódicos coas familias** para compartir información e asegurar unha mutua colaboración.<br>• Seguimento do clima relacional da aula. Aplicación e valoración de **cuestionarios sociométricos**.<br>• Para permitir unha verdadeira prevención, é prioritaria a concienciación do maior número de membros da comunidade escolar respecto de dous aspectos: - Conseguir a comprensión o máis obxectiva posible do fenómeno do acoso escolar, empregando regularmente elementos de medición que permitan previr posibles situacións deste. - Crear unha conciencia colectiva das normas mínimas de convivencia que todo membro desa comunidade ten que cumprir. |

O realmente apropiado é establecer na dinámica da convivencia do centro estratexias preventivas que evitasen chegar a situacións de acoso escolar, como a posta en marcha dun **tempo** e dun **lugar** para levar a cabo esta dinámica de convivencia entre o profesorado. Este tempo estaría asociado a momentos de formación no propio centro e un espazo para tratar de entender e atallar os problemas de disciplina, conflitos, malas relacións, abusos entre iguais... un espazo onde a propia comisión de convivencia do centro poida deseñar este tipo de estratexias.

## B. DETECCIÓN DO ACOSO ESCOLAR

O protocolo xeral de prevención, detección e tratamento do acoso escolar e ciberacoso establece uns criterios claros para a súa detección.

Nas dinámicas de funcionamento, tanto do grupo amplo que forma o alumnado do centro coma do grupo limitado á aula é **importante diferenciar o acoso escolar doutras situacións disruptivas puntuais**, que presentan a miúdo unha abordaxe diferente, aínda que requiren tamén dunha resposta efectiva.

Son moitas as investigacións e os autores que fan referencia ao acoso escolar, tamén denominado “maltrato entre iguais” ou “bullying”. No artigo 28 da Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa, incluído no capítulo III titulado “Prevención e tratamento das situación de acoso escolar”, defínese o acoso escolar dicindo:

Para os efectos desta lei, considérase acoso escolar calquera forma de vexación ou malos tratos continuados no tempo dun alumno ou alumna por outro ou outra ou outros, xa sexa de carácter verbal, físico ou psicolóxico, incluído o illamento ou baleiro social, con independencia do lugar onde se produza. Terán a mesma consideración as condutas realizadas a través de medios electrónicos, telemáticos ou tecnolóxicos que teñan causa nunha relación que xurda no ámbito escolar.

Para poder considerar un comportamento como acoso escolar, deben cumprirse **tres criterios diagnósticos**, que deben darse simultaneamente, prescindindo da personalidade da posible vítima:

| | |
|---|---|
| 1. INTENCIÓN de facer dano | Debe existir unha vítima concreta, indefensa e unha persoa agresora que lle fai dano conscientemente. |
| 2. REPETICIÓN das condutas agresivas | A agresión crea na vítima a expectativa de poder ser branco de ataques novamente. Existencia dunha acción agresiva repetida, durante un período longo de tempo e de forma recorrente.<br><br>É un tipo de violencia difícil de identificar, case sempre permanece oculto para as persoas adultas, pero o alumnado si ten coñecemento dos sucesos. |
| 3. Duración no TEMPO | Presenza de desigualdade de poder entre a persoa máis forte e a persoa máis débil. Hai un desequilibrio e un abuso de poder que impide que a persoa acosada poida saír por si mesma da situación. |

**Para poder identificar unha situación de acoso, é necesario coñecer tanto as súas formas como as súas consecuencias.**

Respecto das **formas do acoso**, temos que ter presentes manifestacións de maltrato tanto verbal coma físico contra a persoa vítima ou os seus obxectos persoais. Tamén hai que ter en conta posibles situacións de intimidación e, por último, situacións de illamento.

De xeito esquemático considéranse os seguintes tipos ou manifestacións do acoso (informe do Valedor do Pobo - UNICEF, 2000 e 2007):

| | | |
|---|---|---|
| EXCLUSIÓN E MARXINACIÓN SOCIAL | Activa | Non deixar participar |
| | Pasiva | Ignorar |
| AGRESIÓN VERBAL | Directa | Insultar, poñer alcumes ofensivos... |
| | Indirecta | Falar mal de alguén ás súas costas |
| AGRESIÓN FÍSICA | Directa | Pegar |
| | Indirecta | • Agachar cousas<br>• Romper cousas<br>• Roubar cousas |
| MALTRATO MIXTO | Ameazas/Chantaxe | • Ameazar para meter medo<br>• Ameazar con armas. Obrigar a facer algo con ameazas (chantaxe) |
| | Acoso sexual físico | Actos |
| | Acoso sexual verbal | Comentarios |

As manifestacións do acoso poden ser múltiples, destacando as seguintes:

| | |
|---|---|
| Coas tecnoloxías da información e comunicación (TICs) | • Teléfono móbil (chamadas anónimas, mensaxes)<br>• Redes sociais (ciberacoso) |
| No centro educativo | Durante o recreo e nos patios, nos baños, nos corredores |
| Na aula | Cando o/a profesor/a mira o encerado para dar unha explicación ou mentres se atende a algunha alumna ou alumno; nos cambios de clase |
| No comedor | Cando non hai supervisión |
| No transporte escolar | Cando falta supervisión |
| Nas entradas ou saídas do centro | Cando falta supervisión, con persoas alleas ao centro |
| No exterior do centro | Cando van para a casa, na rúa, con persoas alleas ao centro |

Polas **características da vítima** pode haber manifestacións específicas de acoso: racista, homofóbico, sexista, dirixido a alumnado con discapacidade...

Por último indicar que a posibilidade da existencia de acoso escolar manifféstase no **cambio de conduta da persoa que o está a sufrir**, polo tanto haberá que estar alerta, tanto no centro educativo como na familia.

No protocolo xeral de prevención, detección e tratamento do acoso escolar e ciberacoso amósanse unha serie de **posibles indicadores que, entre outros, poden poñer de manifesto a existencia desta situación (páxinas 8 e 9) atendendo ás relación sociais, estados de ánimo e comportamentos ou tarefas escolares**.

Neste protoloco tamén se indica que as consecuencias que poden reflectirse nunha situación de acoso ou maltrato entre iguais poden ser:

⇒ **Para a vítima**: pode traducirse en fracaso escolar, trauma psicolóxico, risco físico, insatisfacción, ansiedade, infelicidade, problemas de personalidade, risco para o seu desenvolvemento equilibrado.

⇒ **Para a persoa ou persoas agresoras**: pode ser a antesala dunha futura conduta delituosa, unha interpretación da obtención de poder baseada na agresión, que pode perpetuarse na vida adulta, e incluso unha supravaloración do feito violento como socialmente aceptable e recompensado. O acoso entre escolares é utilizado polos agresores como unha forma de demostrar o seu poder, utilízano sempre con persoas que saben que non se van defender.

⇒ **Para os/as compañeiros/as observadores/as**: pode conducir a unha actitude pasiva e compracente ante unha inxustiza e unha modelación equivocada da valía persoal.

Para erradicar as situacións de acoso escolar, debemos ter presente o seguinte:

1. **Intervir ao primeiro sinal**, para que a violencia non sexa grave nin se repita.
2. **A amizade e a integración como prevención**: o traballo propio da aula debe permitir que todo o alumnado teña un grupo de amigos. Isto permitirá, ao mesmo tempo, mellorar a calidade de vida nas escolas e aprender habilidades sociais.
3. **Os tres papeis que hai que previr**, intervindo con toda a comunidade educativa: o de persoa agresora, o de vítima e o de persoa espectadora pasiva, que coñece a violencia pero non fai nada para evitala.

## C. TRATAMENTO DAS SITUACIÓN DE ACOSO ESCOLAR

Seguindo co mesmo protocolo de actuación, onde se deixan establecidas as fases de intervención e os documentos que o centro educativo pode utilizar para o rexistro de todo o proceso, é moi interesante o esquema que presenta no anexo 0: protocolo xeral ante o acoso escolar.

| | | | |
|---|---|---|---|
| 1ª FASE | ✓ COÑECEMENTO DA SITUACIÓN<br>✓ IDENTIFICACIÓN<br>✓ COMUNICACIÓN | • Primeira comunicación ao equipo directivo<br>• Adopción das primeiras decisións | ➢ Medidas urxentes de protección da presunta vítima.<br>➢ Responsable de atención e apoio da presunta vítima<br>➢ Responsable da tramitación do instrutor/a<br>➢ Primeira comunicación ás familias dos implicados<br>➢ Comunicación a outros profesionais educativos e/ou axentes externos |
| 2ª FASE | ✓ RECOLLIDA DE INFORMACIÓN | • Entrevistas individuais<br>• Outras recollidasde información<br>• Asesoramento e/ou apoio técnico | ➢ Entrevistas á presunta vítima, á presunta acusadora, aos observadores/espectadores, ás familias dos implicados.<br>➢ Observación, información documental…<br>➢ Asesoramento do departamento de Orientación<br>➢ Apoio doutros profesionais educativos e/ou axentes externos |
| 3ª FASE | ✓ ANÁLISE DA INFORMACIÓN | • Valorar se é ou non acoso escolar<br>• Pautas no caso de non ser acoso escolar<br>• Pautas no caso de ser acoso escolar<br>• Comunicación á Inspección Educativa | ➢ Establecer estratexias de prevención no centro e na aula<br>➢ Instruír o expediente disciplinario, resolver e adoptar medidas de protección á vítima e á persoa acosadora.<br>➢ Establecer medidas dixirixidas ao alumnado do grupo-clase, ás familias e ao equipo docente.<br>➢ Establecer medidas reeducadoras e correctoras á persoa acosadora. |
| 4ª FASE | ✓ SEGUIMENTO<br>✓ AVALIACIÓN DAS MEDIDAS ADOPTADAS | • Reunións<br>• Observacións<br>• Entevistas | |

Por último, tomaranse como referencia os anexos cos distintos protocolos establecidos para cada unha das fases. Estes modelos iranse adaptando segundo xurdan as necesidades de intervención en casos de acoso e ciberacoso, buscando sempre facer antes prevención.

# ANEXO IV

## PLAN DIRECTOR PARA A CONVIVENCIA

| PROVINCIA | AYUNTAMIENTO | CUERPO COMPETENTE | PERSONAS DE CONTACTO | CORREOS ELECTRÓNICOS (Envío de solicitudes) | TELÉFONOS DE CONTACTO |
|---|---|---|---|---|---|
| A CORUÑA | A Coruña<br>Ferrol<br>Ribeira<br>Santiago de Compostela | Cuerpo Nacional de Policía | D. Alberto Arias Álvarez<br><br>Dña. Berta Estrada Arias<br>D. José Alfeirán Rodríguez | acoruna.jsp@policia.es<br>acoruna.participacion@policia.es<br>bestrada@edu.xunta.es<br>educacion.acoruna@correo.gob.es | 981.16.64.30<br><br>981.18.47.66<br>981.98.95.55-57 |
| | Ayuntamientos del resto de la provincia | Guardia Civil | Dña. Marta Vilanova González<br>Dña. Berta Estrada Arias<br>Dña. José Alfeirán Rodríguez | c-cmd-coruna-plandirector@guardiacivil.org<br>bestrada@edu.xunta.es<br>educacion.acoruna@correo.gob.es | 981.16.78.00. Ext 371<br>981.18.47.66<br>981.98.95.55/57 |
| LUGO | Lugo<br>Monforte<br>Viveiro | Cuerpo Nacional de Policía | D. Rubén Dario Veiga Arias<br>D. José Casimiro Pérez Fernández<br>D. José Alfeirán Rodríguez | lugo.participacion@policia.es<br>jcperez@edu.xunta.es<br>educacion.acoruna@correo.gob.es | 982.26.52.42<br>982.29.41.72<br>981.98.95.55/57 |
| | Ayuntamientos del resto de la provincia | Guardia Civil | D. Amadeo Villarino González<br>D. José Casimiro Pérez Fernández<br>D. José Alfeirán Rodríguez | lu-cmd-lugo-plandirector@guardiacivil.org<br>jcperez@edu.xunta.es<br>educacion.acoruna@correo.gob.es | 659.94.75.77<br>982.29.41.72<br>981.98.95.55/57 |
| OURENSE | Ourense | Cuerpo Nacional de Policía | Dña. Mª Teresa Ramos Seguín<br>Dña. Judit Fernández Novoa<br>D. José Alfeirán Rodríguez | ourense.participacion@policia.es<br>judithfernandez@edu.xunta.es<br>educacion.acoruna@correo.gob.es | 988.39.19.30<br>988.38.66.19<br>981.98.95.55/57 |
| | Ayuntamientos del resto de la provincia | Guardia Civil | D. Miguel Cruz Trillo<br>Dña. Judit Fernández Novoa<br>D. José Alfeirán Rodríguez | ou-cpm-ourense@guardiacivil.org<br>judithfernandez@edu.xunta.es<br>educacion.acoruna@correo.gob.es | 988.23.53.53 Ext.284<br>988.38.66.19<br>981.98.95.55/57 |
| PONTEVEDRA | Marín<br>Pontevedra<br>Redondela<br>Vigo<br>Vilagarcía de Arousa | Cuerpo Nacional de Policía | D. Roberto Carrera Solís<br>Dña. Marián González Comesaña<br>D. José Alfeirán Rodríguez | pontevedra.participacion@policia.es<br>mariangc@edu.xunta.es.<br>educacion.acoruna@correo.gob.es | 986.86.83.82<br>986.80.59.21<br>981.98.95.55/57 |
| | Ayuntamientos del resto de la provincia | Guardia Civil | D. José Corral Peón<br>Dña. Marián González Comesaña<br>D. José Alfeirán Rodríguez | po-cmd-pontevedra-opc@guardiacivil.org<br>mariangc@edu.xunta.es<br>educacion.acoruna@correo.gob.es | 986.80.79.00 Ext. 208 y 315<br>986.80.59.21<br>981.98.95.55/57 |

# ANEXO IV

GOBERNO DE ESPAÑA

DELEGACIÓN DO GOBERNO EN GALICIA

**PLAN DIRECTOR**
**PARA A CONVIVENCIA E A MELLORA DA SEGURIDADE NOS CENTROS EDUCATIVOS E OS SEUS CONTORNOS**

## SOLICITUDE DE INTERVENCIÓN EN CENTROS ESCOLARES

| | | | |
|---|---|---|---|
| **Instrucións:** Cumprimentar con letras maiúsculas, salvo o campo de correo electrónico. | CURSO ACADÉMICO | 20 - 20 | |

### DATOS DO CENTRO EDUCATIVO

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| NOME | | | | CÓDIGO DO CENTRO | |
| ENDEREZO | | | | C.P. | |
| LOCALIDADE | | CONCELLO | | PROVINCIA | |
| E-MAIL | | TELÉFONO | | FAX | |

### GRUPO/S DE PERSOAS DA COMUNIDADE EDUCATIVA, PARA OS QUE SE SOLICITA A INTERVENCIÓN

**Instrucións:** Marcar cunha X o/s grupo/s aos que quere dirixir a intervención que se solicita

| | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| CLAUSTRO | | CONSELLO ESCOLAR | | EQUIPO DIRECTIVO | | PROFESORADO | | PAIS/NAIS/TITOR/ES | |

| TIPO DE ENSINANZA | NIVEL | | Nº DE GRUPOS | Nº DE ALUMNOS/AS |
|---|---|---|---|---|
| EDUCACIÓN PRIMARIA | 5º | | | |
| | 6º | | | |
| EDUCACIÓN SECUNDARIA | 1º | | | |
| | 2º | | | |
| | 3º | | | |
| | 4º | | | |
| BACHARELATO | 1º | | | |
| | 2º | | | |
| FORMACIÓN PROFESIONAL | FPB | | | |
| | CM 1º | | | |
| | CM 2º | | | |
| | CS 1º | | | |
| | CS 2º | | | |
| OUTRO TIPO DE ENSINANZAS | | | | |

### DATAS A SUXERIR PARA O DESENVOLVEMENTO DA INTERVENCIÓN

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| MES | | DÍA DA SEMANA | | SESIÓN DE MAÑÁ | |
| | | | | SESIÓN DE TARDE | |

### TEMÁTICA SOLICITADA (Marcar cunha X a/s temática/s solicitada/s)

| | | | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| NOVAS TECNOLOXÍAS | | DROGAS/ALCOL | | BANDAS XUVENÍS | | VIOLENCIA XÉNERO | | ACOSO ESCOLAR | | OUTROS | |

### ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS (Marcar con X a/s temática/s solicitada/s)

| | | | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| EXHIBICIÓNS | | XORNADAS PORTAS ABERTAS | | VISITAS A CENTROS | | EXPOSICIÓNS | | CONCURSOS | | OUTROS | |

**OBSERVACIÓNS:**

**FIRMA DO DIRECTOR/A E SELO:**

En , a de de 20

Fdo.:

<u>**Instrucións:**</u> Unha vez cuberta a presente solicitude, esta debe **ser enviada** aos **correos electrónicos** do documento "**DATOS DE CONTACTO**", en función da **provincia**, **órgano competente** e **concello** no que se localice o **centro educativo**.

# ANEXO VI

## CIRCULAR SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS

| | |
|---|---|
| **Datos de carácter persoal**<br><br>Toda información sobre unha persoa física identicada ou identicable | ● O nome e apelidos.<br>● A dirección.<br>● O número de teléfono.<br>● O correo electrónico.<br>● As imaxes.<br>● A profesión, estudos, lugar de traballo.<br>● O número de conta bancaria… |
| Datos de cáracter persoal **especialmente protexidos** | ● Idioloxía.<br>● Orientación sexual.<br>● Relixión.<br>● Saúde... |
| **Datos sobre o alumnado** que se manexan nos centro | ● Datos persoais.<br>● Datos familiares.<br>● Datos académicos.<br>● Datos de saúde |
| **Datos persoais do alumnado** necesarios para o exercicio da súa función educativa<br>A información que facilite o alumnado ou as súas familias será a só para a función docente e orientadora, **non podendo tratarse con fins diferentes do educativo sen consentmento expreso.** | ● Orixe e ambiente familiar e social.<br>● Característcas ou condicións persoais.<br>● Desenvolvemento e resultados da súa escolarización.<br>● Aquelas circunstancias que sexan necesario coñecer para a educación e orientación dos alumnos/as |
| **Tratamentos de datos persoais** | O centro deben adoptar unha serie de medidas de seguridade, de **carácter técnico e organizativo**, que garantan a seguridade deses datos.<br>●**Deber de sixilo**: Os responsables e encargados do tratamento de datos así como todas as persoas que interveñan en calquera fase deste estarán suxeitas ao deber de **confidencialidade**. |
| **Pode un centro docente ceder datos do alumnado?** | ● Dun centro a outro por traslado.<br>● Administración Educativa.<br>● Valedora do Pobo.<br>● Ministerio Fiscal.<br>● Xuíces e tribunais.<br>● Equipos de Orientación Específicos.<br>● Servizos de menores.<br>● Servizos sociais.<br>● Servizos sanitarios.<br>● Forzas e corpos de seguridade. |
| **Pode poñerse información sobre o alumnado nunha carpeta de tuo compartido na intranet do centro?** | **NON**<br>Salvo causa xusticada, o profesorado deberá tener acceso únicamente ao expediente académico do alumnado ao que imparte docencia, sin que esté xustificado acceder aos expedientes do resto de alumnado do centro<br>Non todo o profesorado ten que ter o mesmo acceso á información do alumnado.<br>Datos especialmente sensibles soamente deben estar no departamento de orientación |
| **Pode o centro dar información aos pais separados que NON teñen a garda e cutstodia?** | O proxenitor que **NON** ostente a garda e custodia **deberá solicitar esta información por escrito** ao centro, acompañando a esta solicitude, se o centro non conta con ela, de copia fidedigna da resolución xudicial na que se recolla que se ostenta a patria potestade acompañada dunha declaración responsable de que non se teñen producido variacións respecto a dita resolución xudicial.<br>Ten dereito é a obter información sobre os seus fillos ou fillas, pero nunca sobre o outro proxenitor/a |

# ANEXO VIII

## PROGRAMA ESPECÍFICO DE ACTUACIÓN ANTE A MORTE DUN COMPAÑEIRO/A. PREPARACIÓN ANTE O DUELO NA AULA

## XUSTIFICACIÓN

A morte é un tema sempre presente e que produce unha dor que so sintes cando está no entorno máis próximo ou nos nosos seres queridos. O sufrimiento ante a morte dun ser querido non se pode evitar, mais pódese buscar como acompañar nestes momentos tan delicados. No noso centro educativo debemos estar preparados para este tipo de acontecementos, en especial cando estamos informando dos feitos que xurdirán nun futuro próximo, como cando poidan aparecer de manera accidental ou inesperada.

O curso 2019-2920 ten algo de especial con ese alumno, cunha enfermidade terminal, que vai amasando as súas propias sinais e síntomas. Ou ese alumno pendente dun transplante que non remata de chegar. Neste momento, toca que cuidemos del. Logo que cuidemos dos seus compañeiro/as e tamén do resto (profesorado e familias…). No curso 2020-2021 siguen con nós e tamén están eses alumnos que tomaron a decisión de irse nun intento autolítico. Con este programa específico de actuación ante a enfermidade terminal e ante o risco suicida queremos dedicar, con delicadeza e, sobre todo, con sentimientos que non son fáciles de expresar con palabras.

## OBXECTIVOS

- Comprender á morte como parte da vida en calquera etapa da vida.
- Tratar á morte con naturalidade ensinando a vivir con elo aos chicos e chicas.
- Acompañar á familia nos momentos de despedida.
- Preparar un espazo de duelo na aula ou centro, de apoio ao grupo-clase

## ACTUACIÓNS E MEDIDAS A SEGUIR

**Actuacións xerais:**

- Atención inmediata das necesidades do alumnado por parte do profesorado.
- As acciones que se emprendan se dean coa maior normalidade posible.
- O alumnado ten capacidade para elaborar o proceso de duelo, favorecendo a comunicación.
- A resposta á diversidade do alumnado ante o duelo coa observación e seguimento deste.
- Se un alumno non supera o proceso de duelo pedir asesoramento ao departamento de orientación e/ou outros axentes externos (sociais, sanitarios).
- Inclusión de temas relacionados coa morte como contidos curriculares e transversales.

**Actuacións específicas e medidas concretas:**

- Cando se vaia a dar a noticia a un grupo-clase, é importante a presenza de máis dun profesor/a na aula. Actuación co titor/a, outro profesorado e algún membro da dirección.
- Dedicarase tempo a conversar e a que preparemos as homenaxes que consideren. Facelo extensible ao grupo-clase e cos familiares que estean noutras clases (irmáns, curmáns…)
- Suxerir que se pode dedicar un tempo para que organicen o que necesiten, supervisado por un profesor/a.
- Acudir ao tanatorio ou ao cemiterio, facelo como a despedida da clase. De xeito voluntario e coa representación de profesores/as do centro.
- Se se pode, comunicar a noticia a tarde anterior as outras familias, un por un, vía telefónica para que o falen cos seis fillos/as.
- Suxerir que é o momento propio para que as amizades nos apoiemos.

- Permitir que manifesten os seus sentimentos e emocións. Choremos se nos sae facelo, non reprimilo. Non censurar a manifestacións das emocións e protexelos se se transforma en ira o/ou aparecen condutas lesivas
- Na medida do posible volver á normalidade.
- Amosar unha actitude de escoita e acompañamento.
- Aproveitar a situación para levar a cabo unha reflexión sobre o sentido da vida, a finitude, o importante na vida…
- Nun principio, o grupo pode marcar as pautas a seguir; más adiante, pódese dar a istos temas transcendentais un tratamento curricular. o Elaborase un recordatorio como dedicatoria para a familia en termos de respecto e apoio.

**SEGUIMENTO E AVALIACIÓN**

Seguirase o protocolo segundo as necesidades do propio grupo-clase e o equipo docente, sendo básica a coordinación do titor/a co asesoramento do departamento de orientación e o apoio do equipo directivo. Avaliar os pasos a seguir para tratar no futuro con outros casos. En concreto:

- Valorar e comprender á morte como parte da vida en calquera etapa da vida.
- Comprobar que se tratou á morte con naturalidade, ensinando a vivir aos chicos e chicas con elo.
- Valorar o acompañamento á familia nos momentos de despedida polo grupo-clase o equipo de profesores e resto da comunidade educativa.
- Valorar a idoneidade da preparar un espazo de duelo na aula ou centro de apoio ao grupo-clase, deixando constancia duns recordatorios en distintos formatos.

# ANEXO X



PROBLEMAS DE CONDUTA
O/A PROFESOR/A
SOLUCIÓN
(con ou sen amoestación)
O/A PROFESOR/A
NON SOLUCIÓN
(co delegado/a, co profesorado de garda, con parte de incidencias)
XEFATURA DE ESTUDOS
Medidas provisionais
Medidas correctoras
Comunicación ao titor/a
Citación das familias
AULA DE CONVIVENCIA
Rexistro do alumno no caderno
Realización de actividades
Orientación
DIRECCIÓN
Medidas provisionais
Medias correctoras
Comunicación ao titor/a
Comunicación ás familias

# ANEXO XI

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

**I.E.S.Agra de Leborís**
Rosalía de Castro, s/n - 15145 A Laracha
Teléfono: 881880676 - Fax: 881110683
www.edu.xunta.gal/centros/iesagraleboris
E-mail: ies.agra.leboris@edu.xunta.es

| Alumno/a : | Curso: | Grupo: |
|---|---|---|
| O/a profesor/a: comunica a seguinte incidencia e envía ao alumno/a á | | |

☐ **AULA DE CONVIVENCIA** ☐ **DIRECCIÓN/XEFATURA DE ESTUDOS**

**DESCRICIÓN dos feitos:**

| CONDUTAS LEVES CONTRARIAS Á CONVIVENCIA | CONDUTAS GRAVEMENTE PREXUDICIAIS PARA A CONVIVENCIA |
|---|---|
| ☐ Agresións (orais), inxurias ou ofensas<br>☐ Actos de indisciplina, de desafío á autoridade<br>☐ Danos causados no centro<br>☐ Actos inxustificados<br>☐ Actuacións prexudiciais para a saúde<br>☐ Portar obxecto, substancia ou produto prohibido polo centro<br>☐ Inasistencia inxustificada a clase e/ou faltas reiteradas de puntualidade | ☐ Agresións físicas ou psíquicas, inxurias ou ofensas graves, ameazas e coaccións<br>☐ Actos de discriminación grave<br>☐ Actos de desafío á autoridade, de indisciplina grave<br>☐ Gravación, manipulación e difusión de imaxes e información por calquera medio que atente os dereitos das persoas<br>☐ Actos de acoso escolar<br>☐ Suplantación da personalidade, falsificación, alteración ou subtracción de documentos académicos<br>☐ Danos causados no centro graves<br>☐ Actos inxustificados graves<br>☐ Actuacións prexudiciais para a saúde graves |

| ATENUANTES | | AGRAVANTES | |
|---|---|---|---|
| | ☐ Recoñecemento espontáneo do carácter incorrecto da conduta<br>☐ Falta de intencionalidade<br>☐ Carácter ocasional da conduta<br>☐ Cumprimento espontáneo de reparar danos<br>☐ Outras circunstancias de carácter persoal que poidan incidir na súa conduta | | ☐ Intencionalidade ou premeditación<br>☐ Reiteración de codutas leves<br>☐ Negativa a entregar obxecto, substancia ou produto prohibido polo centro<br>☐ Difusión por calquera medio (electrónico, telemático ou tecnolóxico) de imaxes ou da ofensa<br>☐ A natureza dos prexuizos causados<br>☐ O carácter especialmente vulnerable da vítima da conduta<br>☐ Incumprimento da sanción imposta |

**PROPOSTA DE SANCIÓN/CORRECCIÓN (indicar sesións ou días):**

☐ Realización de traballos específicos en horario lectivo na aula de convivencia
☐ Realización de traballos específicos en período de recreo na aula de convivencia
☐ Realización de traballos en horario non lectivo, con permanencia no centro na aula de convivencia
☐ Realización de traballos específicos en horario non lectivo fora do centro
☐ Outras:

(Cubrir só se o/a profesor/a propón algún tipo de sanción ademais da asistencia á aula de convivencia)

| O/A Profesor/a:<br><br>Asdo.: | | | Informado o pai/nai/titor legal:<br><br>Asdo.: |
|---|---|---|---|
| Data: | Hora: | Materia: | Data: |

☐ Unha copia para xefatura de estudos - ☐ Unha copia para o o/a titor/a - ☐ Unha copia para o pai/nai/titor-a legal

ANEXO XII

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

**I.E.S.Agra de Leborís**
Rosalía de Castro, s/n - 15145 A Laracha
Teléfono: 881880676 - Fax: 881110683
www.edu.xunta.gal/centros/iesagraleboris
E-mail: ies.agra.leboris@edu.xunta.es

# RECOLLIDA DE MÓBIL

**Segundo o DECRETO 8/2015, do 8 de xaneiro polo que se desenvolve a Lei 4/2011 do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar, Art. 19.4**

| | | | |
|---|---|---|---|
| **O/A PROFESOR/A** | | | |
| **O/A ALUMNO/A** | | | |
| **CURSO** | | **GRUPO** | |
| **DATA** | | **HORA** | |

O/a profesor/a retiralle o teléfono móbil ao alumno/a, previamente apagado, e depositao na dirección/xefatura de estudos do centro.

Avisadas as persoas proxenitoras (pais/nais) ou representantes legais do alumno/a, poden pasar a recoller o teléfono móbil ao longo da mañá ata as 14:20 horas.

Membro do equipo directivo

Asdo.: ______________________

A Laracha, a ......... de ......................... de 201...........

| | |
|---|---|
| RECIBÍN: | |
| PAI/NAI/TITOR LEGAL:<br><br>Asdo.: | DATA : |
| DNI: | HORA: |